

2010

Informe anual de seguimento
da Lei 11/2007
do 27 de Xullo, Galega
Para a prevención e o tratamento

Integral da
Violencia de Xénero

2010

XUNTA DE GALICIA

Informe elaborado por:

**Secretaría Xeral da Igualdade
Presidencia da Xunta de Galicia**

Marzo de 2011

ÍNDICE

01	Prólogo	2
02	Análise e magnitude da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia o longo do ano 2010.	
02.1	Introdución	4
02.2	Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das comunidades autónomas.	11
02.3	Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2010.	12
02.4	Casos	15
02.5	Acreditación da situación de violencia de xénero	16
02.6	Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2010. Comparativa cos datos globais do territorio español.	16
02.7	Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2010. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español.	17
03	Medidas e actuacións levadas a cabo pola Comunidade Autónoma de Galicia o longo do ano 2010 no marco da “Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero”	
03.1	Introdución	18
03.2	Título I: Prevención da violencia de xénero	19
	Capítulo I: Medidas de sensibilización	19
	Capítulo II: Medidas de investigación e de formación	43
	Capítulo III: Medidas no ámbito educativo	54
03.3	Título II: protección e asistencia fronte a violencia de xénero	58
	Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico	58
	Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial	64
	Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección	65
	Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego	71
	Capítulo V: Medidas de carácter económico	74
03.4	Título III: da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.	89
04	Disposicións adicionais	116

01 Prólogo

O presente informe fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno Galego en materia de violencia de xénero, cumpríndose así coa disposición adicional Cuarta da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle o Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, que conta co precedente da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, onde se dedicaron a este problema os artigos 19 e 20, que conteñen previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así coma algunhas actuacións xudiciais.

É importante resaltar que esta Lei se aprobou co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos lexislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, reconece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia social integral», que «as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións multidisciplinaria e profesional».

Outras Comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:

- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 12/2003, de 7 de marzo, de modificación da Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista.
- Cantabria: Lei de Cantabria 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas.

- Castilla y León: Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Víctimas de Violencia en Aragón.
- Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a igualdade entre mulleres e homes, e de protección contra a violencia de xénero na Rexión de Murcia.
- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista.


Este informe está organizado seguindo a estrutura da propia lei galega para facilitar o seu obxectivo principal, que é verificar o seguimento de todos os compromisos e medidas nela establecidos, e incorporando unha breve introdución con datos estatísticos relativos á poboación feminina galega relativos ao ano obxecto de referencia.

02 Análise e magnitude da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2010.

02.1 Introducción

A poboación en Galicia, a 1 de xaneiro do 2010, ascende a **2.797.653** persoas, das cales 1.350.547 son homes (48%) e 1.447.106 (52%) son mulleres, que constitúen no seu conxunto o **6%** da poboación estatal, 47.021.031 persoas.


Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística



- Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro do 2010 segundo provincia e sexo.

PROVINCIA	HOMES		MULLERES		TOTAL	
A Coruña	551.318	41%	595.140	41%	1.146.458	41%
Lugo	171.983	13%	181.521	13%	353.504	13%
Ourense	161.346	12%	173.873	12%	335.219	12%
Pontevedra	465.900	34%	496.572	34%	962.472	34%
TOTAL	1.350.547 (48%)		1.447.106 (52%)		2.797.653 (100%)	


Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística



▪ Evolución da poboación. Galicia 1998-2010:

ANO	TOTAL	HOMES	MULLERES
1998	2.724.544	1.310.415	1.414.129
1999	2.730.337	1.312.881	1.417.456
2000	2.731.900	1.312.391	1.419.509
2001	2.732.926	1.314.078	1.418.848
2002	2.737.370	1.316.721	1.420.649
2003	2.751.094	1.324.385	1.426.709
2004	2.750.985	1.324.987	1.425.998
2005	2.762.198	1.330.703	1.431.495
2006	2.767.524	1.333.797	1.433.727
2007	2.772.533	1.337.159	1.435.374
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486
2010	2.797.653 (100%)	1.350.547 (48%)	1.447.106 (52%)

Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística




▪ Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2010.

IDADE	TOTAL	HOMES	MULLERES	%
	110.983	57.208	53.775	4%
5-9	107.105	55.139	51.966	4%
10-14	103.275	53.081	50.194	3%
15-19	119.556	61.439	58.117	4%
20-24	143.714	73.020	70.694	5%
25-29	187.651	95.285	92.366	6%
30-34	229.289	115.230	114.059	8%
35-39	221.653	111.615	110.038	8%
40-44	214.004	106.347	107.657	7%
45-49	203.279	100.866	102.413	7%
50-54	191.099	94.395	96.704	7%


55-59	172.673	84.892	87.781	6%
60-64	173.664	83.833	89.831	6%
65-69	152.594	71.874	80.720	6%
70-74	135.558	60.719	74.839	5%
75-79	141.639	59.559	82.080	6%
80-84	99.563	38.293	61.270	4%
85 e máis	90.354	27.752	62.602	4%
Total	2.797.653	1.350.547	1.447.106	

Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística

Comparativa da poboación segregada por sexos e grupos quinquenais de idade



% de mulleres por grupos quinquenais de idade



▪ Evolución da taxa de nacementos segundo sexo. Galicia 1996 - 2009*

Ano	Total	Homes	Mulleres
1996	18.597	9.529	9.068
1997	18.683	9.647	9.036
1998	18.538	9.621	8.917
1999	18.784	9.691	9.093
2000	19.418	10.052	9.366
2001	19.361	9.955	9.406
2002	19.327	9.987	9.340
2003	20.423	10.539	9.884
2004	20.621	10.652	9.969
2005	21.097	10.867	10.230
2006	21.392	11.075	10.317
2007	21.752	11.216	10.536
2008	23.175	11.981	11.194
2009	22.454	11.532	10.922


Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación

En Galicia, ao igual que no resto do mundo, nacen máis homes que mulleres (uns 105 homes por cada 100 mulleres); sen embargo, ao ter as mulleres unha esperanza de vida superior á dos homes, ao final da vida, a proporción queda equilibrada ou incluso sobreviven máis mulleres.

▪ Poboación segundo nacionalidade e sexo. Galicia 2010

TOTAL Poboación	POBOACIÓN		TOTAL homes	HOMES		Total mulleres	MULLERES	
	Española	estranxeira		Españóis	Estranx.		Españolas	Estranx.
2.797.653	2.687.983	109.670	1.350.547	1.295.324	55.223	1.447.106	1.392.659	54.447
				96%	4%		96%	4%

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes




Proporción de mulleres españolas e estranxeiras




▪ Poboación estranxeira distribuída por provincias. Galicia 2010

PROVINCIA	TOTAL	HOMES	MULLERES
Total Galicia	109.670	55.223	54.447 49.6%
A Coruña	38.989	18.751	20.238 38%
Lugo	14.176	7.419	6.757 12%
Ourense	16.711	8.493	8.218 15%
Pontevedra	39.794	20.560	19.234 35%

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>




% de mulleres estranxeiras distribuídas por provincia




▪ Poboación estranxeira segundo sexo e país de nacionalidade. Galicia 2010

NACIONALIDADE	TOTAL	HOMES	MULLERES	
Total	109.670	55.223	54.447	49,6%
Nacionalidades europeas	43.333	25.233	18.100	33%
Nacionalidades africanas	11.588	7.842	3.746	7%
América Central	6.825	2.544	4.281	8%
América do Norte	1.708	733	975	2%
América do Sur	42.420	16.587	25.833	47%
Nacionalidades asiáticas	3.633	2.200	1.433	3%
Oceanía	135	65	70	0%
Apátridas	28	19	9	0%

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>




% de mulleres estranxeiras segundo nacionalidade




• Poboación estranxeira segundo idade. Galicia 2010

Idade	Total	Homes	Mulleres	
TOTAL	109.670	55.223	54.447	50%
0-4	3.564	1.859	1.705	3%
5-9	4.550	2.316	2.234	4%
10-14	5.531	2.790	2.741	5%
15-19	5.890	3.024	2.866	5%
20-24	9.966	4.732	5.234	10%
25-29	15.107	7.236	7.871	14%
30-34	16.329	8.227	8.102	15%
35-39	13.687	7.210	6.477	12%
40-44	10.603	5.589	5.014	9%
45-49	7.907	4.135	3.772	7%
50-54	5.680	2.855	2.825	5%
55-59	3.747	1.839	1.908	4%
60-64	2.548	1.236	1.312	2%
65-69	1.681	825	856	2%
70-74	1.172	607	565	1%
75 e +	1.708	743	965	2%

INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>



% de mulleres estranxeiras por grupos de idade




02.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das comunidades autónomas.

Dende a súa posta en marcha en setembro do 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero as 24 horas do día os 365 días do ano, ten carácter gratuíto e se caracteriza pola universalidade na prestación do servizo especializado, que se efectúa en castelán, galego, catalán e euskera; así mesmo atende en inglés e francés.

A prestación do servizo de información compete a un equipo de persoas especializadas en violencia de xénero, producíndose unha derivación automática das chamadas de emerxencia e urxencia aos centros 112 autonómicos.


A cifra total de chamadas referentes á violencia de xénero atendidas polo 016 dende o 3 de setembro de 2007 ata o 31 de outubro de 2010, no conxunto de España, foi de 215.169, das cales 9.643 foron efectuadas desde Galicia.



Fonte: Ministerio de Igualdad. Informe mensual, outubro de 2010

As 9.643 chamadas efectuadas desde Galicia distribúense do seguinte xeito por provincias:


PROVINCIA	Nº	%
A Coruña	4.416	45,8%
Lugo	1.156	12,0%
Ourense	921	9,6%
Pontevedra	3.150	32,7%



Fonte: Ministerio de Igualdad. Informe mensual, outubro de 2010

- A media diaria de chamadas atendidas no período do 3 de setembro de 2007 ata o 31 de outubro de 2010 foi de 186, situándose a media de chamadas diarias atendidas durante o mes de outubro de 2010 en 171.
- A media das chamadas atendidas cada hora en todo el período foi de 8; no mes de outubro de 2010, a media de chamadas atendidas cada hora foi de 7.
- Segundo a hora do día, o 85,9% das chamadas de violencia de xénero concéntranse durante horario diurno, concretamente entre as 9h e as 23. Son as 9h o momento no que se produce o maior aumento no número de chamadas recibidas, que crece un 140% respecto á hora anterior. Este crecemento continúa ata acadar o nivel máximo ás 12h. Na franxa horaria 9h-12h recíbense o 25,5% do total das chamadas. No mes de outubro de 2010, o 9% das chamadas recibíronse as 12h.

Segundo o número de chamadas por comunidade autónoma, 51.987 foron realizadas desde Madrid (24,2% do total), 35.019 dende Andalucía (16,3%), 28.313 dende Cataluña (13,2%), 22.063 dende a Comunidade Valenciana (10,3%), 13.228 dende Canarias (6,2%), 9.989 dende Castilla y León (4,6%), 9.643 dende Galicia (4,5%), 7.741 dende Castilla - La Mancha (3,6%) e 6.554 dende Murcia (3,1%). O menor número de chamadas procedían de Ceuta, Melilla e La Rioja, con 311, 490 e 1.078, respectivamente, e cun peso sobre o total, entre as tres, do 0,9%.



02.3 Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2010


Galicia rexistrou o remate do 2010 dúas mortes por violencia de xénero, unha menos que en todo o exercicio 2009 e cinco menos que en 2008, cifra que representa o 2,7% dos 73 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2010.

MULLERES MORTAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO NAS PROVINCIAS GALEGAS	
TOTAL	2
A Coruña	1
Lugo	1
Ourense	0
Pontevedra	0

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

- Mulleres mortas por violencia de xénero en mans da súa parella ou exparella por CCAA.

CCAA	2010	
	nº casos	%
Andalucía	17	(23,3%)
Aragón	2	(2,7%)
Asturias	5	(6,8%)
Baleares	2	(2,7%)
Canarias	7	(9,6%)
Cantabria	0	(0,0%)
Castilla la Mancha	3	(4,1%)
Castilla y León	4	(5,5%)
Cataluña	12	(16,4%)
C. Valenciana	8	(11,0%)
Extremadura	1	(1,4%)
Galicia	2	(2,7%)
Madrid	7	(9,6%)
Murcia	1	(1,4%)
Navarra	0	(0,0%)
País Vasco	2	(2,7%)
La Rioja	0	(0,0%)
Ceuta	0	(0,0%)
Melilla	0	(0,0%)
TOTAL	73	(100%)



Das dezasete CCAA e dúas cidades autónomas, Galicia -con 2 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero (2,7% do total)- comparte un 8º lugar con Aragón, Baleares e País Vasco. Esta cifra é superada por Castilla la Mancha -que con 3 casos ocupa un 7º lugar-; Castilla y León -6º lugar, con 4 casos-; Asturias -5º lugar, con 5 casos-; Canarias e Madrid -4º lugar, con 7 casos-; Comunidade Valenciana -3º lugar, con 8 casos; Cataluña -2º lugar, con 12 casos-, e Andalucía, que cos 17 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero, sitúase como a comunidade autónoma co maior número de mulleres mortas por violencia de xénero-.


Fonte: Instituto de la Mujer

- Evolución do número de Mulleres mortas por violencia de xénero en mans da súa parella ou ex parella por CCAA (período:1999-2010)

CCAA	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Andalucía	13	10	12	10	13	19	9	20	8	9	14	18
Aragón	0	0	1	3	2	2	4	1	2	1	0	2
Asturias	1	0	2	0	2	0	1	3	2	1	0	5
Baleares	3	1	2	4	4	2	4	3	1	1	1	2
Canarias	2	5	5	7	6	2	6	4	6	5	5	7
Cantabria	1	0	0	0	1	2	0	0	2	0	0	0
Castilla la Mancha	5	3	2	0	2	4	2	4	5	3	1	3
Castilla y León	3	3	1	4	4	2	4	3	3	6	1	4
Cataluña	9	8	7	7	12	11	8	10	11	10	10	11
C. Valenciana	6	7	9	9	7	9	6	8	10	10	9	8
Extremadura	1	1	0	1	1	2	0	1	0	0	1	1
Galicia	2	4	0	3	5	2	1	0	6	7	3	2
Madrid	4	17	6	4	5	5	4	5	9	11	5	7
Murcia	1	1	2	0	3	4	2	3	2	4	2	1
Navarra	1	1	0	1	1	1	2	0	1	3	0	0
País vasco	1	2	1	1	0	4	3	3	2	3	2	2
La Rioja	1	0	0	0	2	1	0	0	0	2	1	0
Ceuta	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0
Melilla	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0
TOTAL	54	63	50	54	71	72	57	68	71	76	56	73

Fonte: Instituto de la Mujer





02.4 Casos 2010

Características das vítimas. n= 73

		Nº DE CASOS	% DO TOTAL
Nacionalidade	Española	46	63,0%
	Estranxeira	27	37,0%
Idade	16-17 anos	1	1,4%
	18-20 anos	0	0,0%
	21-30 anos	16	21,9%
	31-40 anos	21	28,8%
	41-50 anos	18	24,7%
	51-64 anos	13	17,8%
	>64 anos	4	5,5%
Convivencia	Si	46	63,0%
	No	27	37,0%
Relación	Exparella ou en fase de ruptura	28	38,4%
	Parella	45	61,6%

Fonte: Secretaría de Estado para la Igualdad.

CARACTERÍSTICAS DOS CASOS DE MORTES POR VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA EN 2010	
Caso 1	Caso 2
Data: 28 de agosto de 2010 Localidade: Lugo Idade da vítima: 43 Idade do agresor: 43 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: golpes con obxecto contundente Denuncia previa por violencia: non	Data: 15 de setembro de 2010 Localidade: Ponteceso (A Coruña) Idade da vítima: 38 Idade do agresor: 56 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: ex-cónxuxes. Método do crime: golpes con obxecto contundente Denuncia previa por violencia: non

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

02.5 Acreditación da situación de violencia de xénero

Para os efectos da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

02.6 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2010. Comparativa cos datos globais do territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2010 ata o 31 de decembro, rexistráronse, no territorio español, un total de 37.908 solicitudes de ordes de protección, das cales foron adxudicadas 25.531 (o 67% dos casos). Das 37.908 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 1.342 solicitudes, das que se resolveron favorablemente 814 ordes (o 61% do total).

TOTAL ORDES DE PROTECCIÓN SOLICITADAS E ADOPTADAS						
Período	Territorio	Incoadas	Resoltas Adoptadas	% adoptadas	Resoltas denegadas	% denegadas
1º trimestre	Galicia	320	171	53%	149	47%
	Total España	9.200	6.074	66%	3.104	34%
2º trimestre	Galicia	351	229	65%	122	35%
	Total España	9.890	6.693	68%	3.153	32%
3º trimestre	Galicia	350	230	66%	120	34%
	Total España	10.175	7.034	69%	3.139	31%
4º trimestre	Galicia	321	164	51%	157	49%
	Total España	9.543	5.730	60%	3.789	40%
1 xaneiro / 31 decembro	Galicia	1.342	814	61%	528	39%
1 xaneiro / 31 decembro	España	37.908	25.531	67%	12.353	33%

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cqpi/cqpi/principal.htm>

02.7 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2010. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2010 ata o 31 de decembro de 2010, rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 134.105 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 15.607 renuncias ao proceso (un 11,6% do total). Das 134.105 denuncias, compútanselle a Comunidade Autónoma de Galicia 5.270 (4%) das cales 383 renunciaron ao proceso (un 7,3% do total).

DENUNCIAS E RENUNCIAS PRESENTADAS						
Período		Denuncias recibidas	Renuncias o proceso	Denuncias por cada 10.000 mulleres	Rateo renuncias / denuncias	Ratio ordes / denuncias
1º trimestre	Galicia	1.425	97	5,1	6,8%	22%
	Total España	32.492	4.070	7,0	12,5%	28%
2º trimestre	Galicia	1.277	106	9	8,3%	27%
	Total España	34.256	4.004	14,8	11,7%	29%
3º trimestre	Galicia	1.438	93	9,9	6,5%	24,3%
	Total España	35.811	4.121	15,0	11,5%	28,4%
4º trimestre	Galicia	1.130	87	12,4	7,6%	28,4%
	Total España	32.000	3.412	19,6	10,6%	29,8%
1-01 / 31-12	Galicia	5.270	383	36,4	7,3%	25,5%
1-01 / 30 12	Total España	134.105	15.607	56,4%	11,6%	28,3

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cgpj/cgpj/principal.htm>

03 Medidas e actuacións levadas a cabo pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2010, no marco da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

03.1 Introducción

A Lei parte duns principios xerais que orientan todo o seu contido:

- A violencia é considerada como unha forma extrema de desigualdade entre homes e mulleres. Segundo este principio, constitúe unha das formas mais graves de discriminación cara as mulleres, e por conseguinte, atenta radicalmente contra o principio de igualdade, principio constitucional do noso Estado Democrático e de Dereito.

Este postulado leva implícito que as políticas para loitar contra a violencia dirixida ás mulleres, están intimamente vinculadas ao logro da igualdade entre as persoas e que, en definitiva, o obxectivo último de toda intervención en violencia de xénero deba ir dirixido a modificar a estrutura básica e universal de desigualdades e asimetría nas relacións entre homes e mulleres.

- O carácter integral tradúcese en varios aspectos. Por un lado, a erradicación da violencia é unha cuestión pública e compete aos poderes públicos a súa abordaxe, tanto na prevención como no tratamento. Por outro lado, obriga a todas as instancias a intervir na totalidade dos danos ocasionados ás vítimas e en todas as fases do proceso (detección, denuncia, asistencia, recuperación, reinserción, etc.).

- O seu tratamento é complexo, transversal e multidisciplinar e esixe incorporar un enfoque global.

- Os instrumentos de intervención deben partir dunha análise diferenciada e sistemática das necesidades específicas de ambos sexos e do diferente impacto que as políticas públicas teñen sobre mulleres e homes, na formación especializada en xénero dos operadores públicos e no desenvolvemento de accións combinadas dirixidas ás mulleres e accións xerais para toda a sociedade.

- Incorpora a lei o concepto de vitimación secundaria: unha persoa que resulta vitimizada pola vivencia de situacións de maltrato pode volver a ser vitimizada ao recorrer ás institucións ou a profesionais de axuda se estes non fan un axeitado manexo da intervención. Evitar a segunda vitimación ou retraumatizacións debe ser obxectivo inmediato e para iso a lei contempla medidas que garanten a especialización e a formación en xénero de todos os colectivos profesionais que interveñen no proceso e a integridade psicolóxica, autonomía social e económica das mulleres, a través da disposición dos recursos axeitados.

- Así mesmo, promulga os principios de cooperación e coordinación: estes principios deben inspirar as actuacións de todos os poderes públicos para optimizar os recursos, os mecanismos e a eficiencia das políticas, así como a participación dos

colectivos e asociacións de mulleres; en definitiva, a organización da sociedade civil fronte ao maltrato.

- Tamén está presente o principio de equidade territorial: Con este principio a lei pretende asumir a realidade da dificultade de acceso aos recursos e á información de moitos colectivos de mulleres, especialmente ás que viven no medio rural. Así, o desenvolvemento da rede de recursos e mecanismos de protección deberá ter en conta sistemas de compensación destes desequilibrios territoriais.

03.2 Título 1: Prevención da violencia de xénero

Neste apartado faise referencia ás disposicións adoptadas e enfocadas a abordar diferentes medidas de prevención da violencia de xénero, como son as dirixidas a unha axeitada sensibilización social, resaltando o papel que deben cumprir os medios de comunicación, as medidas de investigación e formación e por último as medidas no ámbito educativo.

Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.

Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas.
Artigo 7. Fomento do movemento asociativo.
Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.
Artigo 9. Tratamento da información.
Artigo 10. Convenios de autorregulación.
Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

Ao longo do ano 2010 e coa finalidade de favorecer que todos os colectivos, ámbitos públicos e privados, así como toda a sociedade en xeral, acaden unha sensibilidade cara este grave problema social e sobre o que urxe dar unha resposta eficaz, leváronse a cabo dende diversos departamentos da Xunta de Galicia importantes actuacións neste sentido:

❑ Deseño, elaboración e difusión de campañas

Campaña do 14 de febreiro de 2010. Día de San Valentín



Nos últimos anos, o día 14 de febreiro, festividade de San Valentín, día dos namorados, estableceuse entre a poboación máis nova como un día de intercambio de mensaxes e agasallos e de celebración do amor e as relacións de parella. Por iso, dende a Secretaría xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar) da Xunta de Galicia considerouse axeitado enviar unha mensaxe que contribuíra a promover unhas relacións de parella respectuosas e igualitarias entre adolescentes, mozos e mozas, e que incidira na necesidade

de erradicar calquera tipo de violencia nesas relacións de parella

“Por 365 días de respecto e igualdade” foi a mensaxe elixida e que se transmitiu a través dunha postal electrónica, enviada dende os dous organismos promotores da iniciativa, a centros e institucións relacionados coa mocidade, a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

Con esta campaña quérese chegar á poboación máis nova, de aí que o seu formato sexa o correo electrónico, unha das ferramentas máis utilizadas pola xente nova. A campaña enmárcase ademais dentro das actuacións levadas a cabo conxuntamente entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia para a eliminación da violencia de xénero entre a mocidade, segundo o establecido no artigo 6.2 da Lei 11/2007: “As campañas que se desenvolvan dedicarán atención específica á sensibilización e á formación da poboación xuvenil na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero”

Campaña do 23 de setembro 2010. Día internacional contra a explotación sexual e a trata.



“Cando mercas mulleres fomentas a súa venda. Non formes parte desta cadea de tortura” foi a mensaxe que elixiu a **Secretaría Xeral da Igualdade** con motivo do Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas, que se celebrou o 23 de setembro de 2010, e no marco da que se organizou unha xornada, na que se abordaron temas como a protección as vítimas ou o turismo sexual.

En 2010 a campaña tivo como obxectivo sensibilizar sobre a prostitución como destino das persoas vítimas de trata e como forma de explotación sexual e de violencia contra as mulleres. O público desta mensaxe foron os mozos máis novos; por iso, distribuíronse nas universidades carteis e folletos coa mensaxe: “Cando mercas mulleres fomentas a súa venda. Non formes parte desta cadea de tortura”.

A Secretaría Xeral da Igualdade considera preciso sensibilizar e concienciar á xuventude de que o consumo de prostitución é unha forma de colaborar coa explotación sexual e a violencia contra as mulleres, e que é importante que as novas xeracións tomen conciencia deste factor á hora de tomar decisións sobre participar ou non nesta explotación; os poderes públicos teñen a responsabilidade de axudar a que desterren os estereotipos machistas, sen considerar a prostitución e a trata de persoas como algo normal ou inevitable. As xeracións máis novas deben ser capaces de ver que a prostitución e a trata é unha forma máis de violencia contra as mulleres, normalizada mediante o diñeiro, que serve de tapadeira á actividade delictiva de mafias internacionais.

Para lembrar a terrible violación dos dereitos humanos que supón a explotación sexual e a trata de persoas, a Secretaría xeral da Igualdade tamén celebrou o **23 de setembro unha xornada de formación**, aberta a toda a cidadanía.

Nesta xornada, que se realizou na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago, abordáronse temas como a *"Definición e encadre do delito de trata con fins de explotación sexual"* e *"A sensibilización e incidencia das políticas públicas na erradicación da trata e a protección das vítimas"*, a través de conferencias impartidas pola profesora titular de Dereito Penal da Universidade Autónoma de Barcelona, M^a José Rodríguez Puerta, e Eva María Sancha, avogada do Proxecto Esperanza, respectivamente.

Concluíuse cunha mesa redonda sobre turismo sexual, que contou coa participación do catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Estremadura, Pedro Brufau Curiel, a responsable de proxectos da ONG Rescate Internacional, Azahara Montero Magarín e a vicepresidenta da Asociación Catalana para la Infancia Maltratada Child Prostitution, Child Pornography and Trafficking of Children for Sexual Purposes, Ana Sebastián.

Nesta xornada participaron un centenar de persoas, de entre as que eran maioría traballadoras e traballadores do ámbito social e persoas vinculadas ao traballo con mulleres en risco de exclusión e en situación de prostitución.

Xornada "Adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual"

No marco da campaña do Día Internacional Contra a Explotación Sexual e a trata tivo lugar, o 24 de setembro, a xornada *"Adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual"*, nesta ocasión destinada a operadores que traballan no ámbito xudicial e policial, e na que se abordou:

- A explotación sexual e a trata dende un punto de vista xurídico e xudicial.
- O Protocolo de actuación asinado en xaneiro de 2010 pola Xunta de Galicia e Fiscalía Superior de Galicia.
- Os recursos existentes a disposición das vítimas.

Esta xornada comezou coa conferencia de Fernando Lousada Arochena, maxistrado do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre a prostitución desde unha perspectiva xurídica, seguíndose coa intervención da fiscal da Adscripción Permanente de Vigo da Fiscalía da Audiencia Provincial de Pontevedra, Susana García-Baquero Borrell, e a posterior participación de técnicos e técnicas das entidades que traballan en materia de prostitución e trata en Galicia: CARITAS Diocesana de Santiago, CARITAS Diocesana de Ourense, Médicos do Mundo Galicia, Centro O Mencer de Ferrol, entre outras.

Elaboráronse e difundíronse ademais 3.000 cartelóns publicitarios e 10.000 postais co lema da campaña, ademais de materiais publicitarios no ámbito da trata e da explotación sexual como unha forma máis de violencia sobre as mulleres, enmarcados nas medidas previstas no Protocolo nomeado. Entre estes materiais figuraron unha axenda para repartir entre as mulleres en situación de prostitución con enderezos e teléfonos de recursos e programas existentes na comunidade autónoma -"Lévame contigo, teño os teus teléfonos"- así como folletos de sensibilización sobre a prostitución e trata baixo o título "Explotación. Detrás do luminoso existe un negocio ben escuro. Non merques sexo".



Campaña do 25 de novembro 2010: Día Internacional contra a violencia de xénero, baixo o slogan “SE TE TRATA MAL, MALTRÁTATE”.



No marco das campañas publicitarias que se realizan anualmente co gallo da conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero, o 25 de novembro, a Secretaría Xeral da Igualdade puxo en marcha unha campaña austera na súa forma, cunha mensaxe clara e contundente, que xoga arredor do concepto “trato”. Aproveitouse unha produción de éxito contrastado, “Te doy mis ojos”, de Iciar Bollain, cun actor galego de recoñecido prestixio, Luís Tosar, e que reflicte o problema da violencia de xénero dun xeito real incidindo nas etapas temperás dos malos tratos, cando é posible detectalos “a tempo”.

Pretendíase que xeracións máis novas volvesen a ver a película e tomar conciencia deste grave problema aprendendo a determinar síntomas e como evitalos. O obxectivo da campaña era xerar unha reflexión social: *Se alguén te trata mal, maltrátate?*, xa que en moitas ocasións prevalece a crenza de que o maltrato so pasa por unha agresión física.

Graficamente é unha mensaxe clara e directa, sen adornos.

A campaña foi feita por unha empresa galega, liderada por mulleres e que forma parte do tecido de economía social galega.

- **Difusión da campaña:**
- Elaboración e difusión masiva por toda Galiza de **30.000** cartelóns publicitarios co lema da campaña e presenza en vallas publicitarias de gran tamaño nas cidades da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo entre o 15 de novembro e o 15 de decembro, así como insercións do anuncio institucional en todos os xornais de gran tirada.
- Emisión durante os meses de novembro e decembro do **spot oficial** da campaña institucional contra a violencia de xénero na CRTVG, así como **cuñas** nas emisoras de radio.
- Proxección durante a semana entre o 19 e o 25 de novembro dun **spot publicitario** coa mensaxe da campaña en máis de 100 salas comerciais de cine de

Galicia, así como nas proxeccións que se realizaron no Festival Cineuropa en Santiago de Compostela.

- **Rotulación de autobuses urbanos** que circularon entre o 15 de novembro e o 15 de decembro, nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo coa imaxe da campaña institucional.
- **Actividades relacionadas co 25 de novembro**

Distribución do díptico teléfono gratuito 24 horas 900-400273, de información ás mulleres



Distribución do díptico teléfono gratuito 24 horas 900-400273, de información ás mulleres en 51 idiomas, e con accesibilidade para persoas xordas.

Trátase dun díptico no que se informa da posta en marcha, por parte da Xunta de Galicia, do servizo de tradución automática no teléfono de información e asesoramento ás mulleres, o 900400273, que está dispoñible en 51 idiomas. O idioma máis empregado dende a implementación deste servizo en agosto pasado, ademais do galego e o castelán, é o romanés con moita diferenza, seguido do árabe, lituano, inglés e francés.

O Teléfono da Muller de Galicia, 900 400 273, dependente da **Secretaría Xeral da Igualdade**, está dispoñible con este novo servizo en 51 idiomas, o que facilita a atención personalizada a todas as persoas de orixe estranxeira que residen na nosa comunidade, e que en moitas ocasións teñen dificultades para acceder aos servizos debido ao descoñecemento do idioma.

Este servizo xurde en resposta aos problemas que enfrontan as mulleres estranxeiras que viven en Galicia, un colectivo que crece cada ano e que nunha importante porcentaxe descoñece o galego ou o español, o que xera unha necesidade de adecuación dos servizos de atención e orientación. O obxectivo é lograr unha correcta asistencia ofertando a posibilidade de que as usuarias podan requirir información e asesoramento, e as profesionais que atenden o teléfono podan proporcionar eses servizos mantendo unha conversa normal, sen ningunha barreira lingüística.

Grazas a este sistema pódese minimizar a ansiedade e o stres que se produce pola falta de entendemento, conseguir que un maior número de mulleres poda recibir atención e asesoramento, e mellorar a calidade da asistencia ás mulleres estranxeiras, independentemente da súa orixe e idioma.

O servizo de tradución está dispoñible en 51 idiomas en horario de 8:00 h a 18:00 de luns a venres todos os días laborables. As linguas nas que está dispoñible son: inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés, chinés mandarín, chinés cantonés, ruso, árabe, polaco, farsi, bambara, sunili, noruegués, sueco, checo, finlandés, grego, turco, rumano, ucraniano, tailandés, esloveno, wolof, lituano, hindi, poular, holandés, húngaro, búlgaro, portugués brasileiro, eslovaco, euskera, serbocroata,

danés, coreano, urdu, catalán, armenio, mandinca, afano, albanés, bereber, bosnio, taiwanés, xeorxiano, persa, sirio e por suposto o galego e o español.


O servizo de teletradución cubre os baleiros que non poden cubrir tradutores presenciais, xa que elimina as perdas de tempo por desprazamento e dispoñibilidade; ademais preserva a confidencialidade e o anonimato xa que o traballo realízase polo teléfono e a distancia, xerando nas usuarias/os a liberdade necesaria para expresarse sen medo.

Deste folleto editáronse 10.000 exemplares que foron distribuídos, entre outros, nos Centros de información ás mulleres, centros de acollida, xulgados, diversas entidades e asociacións e nas distintas actividades organizadas ao longo do ano dirixidas á poboación inmigrante.

Elaboración e distribución de dípticos informativos e sensibilización sobre a violencia de xénero



GRAZAS. Rexeitamos a violencia de xénero. No que se nos relata a situación real dunha muller vítima de violencia, indícanos as razóns polas que debemos contribuír a previr e erradicar a violencia de xénero, e onde podemos informarnos.



Deste folleto editáronse 20.000 exemplares que foron enviados, entre outros, aos Centros de información ás mulleres, servizos sociais, delegacións territoriais da Xunta de Galicia, centros de acollida, xulgados, oficinas de

igualdade das universidades, centros de saúde etc, así como distribuídos nas actividades diversas realizadas pola Secretaría xeral da Igualdade no ano 2010: congresos, foros, seminarios, cursos de formación etc.

■ Actos conmemorativos con motivo do 25 de novembro

DE MISS MARPLE A LISBETH SALANDER". I Congreso sobre Literatura e Violencia de Xénero.



O primeiro congreso sobre literatura e violencia de xénero, de Miss Marple a Lisbeth Salander, tivo lugar os días 24 e 25 de novembro no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago, no marco dos actos conmemorativos do día internacional para a eliminación da violencia de xénero.

Nº de participantes: 400

Programa da xornada:

TEMA 1: A LINGUA E O XÉNERO CONGRESO SOBRE Literatura e violencia de xénero		
24 de novembro		25 de novembro
9.00 Estrutura da xornada 10.00 Inauguración Alfonso Rueda Valcarlos, conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xuntas do Xunto de Galicia Roberto Varela Torro, conselleiro de Cultura e Turismo do Xunto de Galicia Marta González Vilasquez, secretaria xeral da Igualdade do Xunto de Galicia 10.45 Conferencia inaugural Castelán e o tratamento da violencia contra as mulleres na literatura MP José Ferrn Herrer, profesor de Literatura da Universidade de Córdoba 11.00 Pausa-Café 11.30 Mesa Redonda A violencia de xénero na literatura galega Marilar Aleixandre, escritora Fina Casalderrey, escritora Luisa Castro, escritora Isabel Castro-Camino, escritora 13.00 Desayuno	10.30 Panel de intervencións A percepción da violencia contra as mulleres no discurso literario noutros idiomas O "Narrative" de escritoras. O poema literario pola "Violencia literaria" Jordi Llorens López, profesor de Departamento de Filología e Traducción da Universidade Pablo de Olavide (Sevilla) A violencia de mulleres literarias amorosas patriarcal. Por unha nova mirada a Anaís Narcedo Bagochea Barriobena, profesora de Sociolingüística da Universidade de Noto de Herrer (Madrid) Das tiras de fondo a Isabel Salazar: paradigmas da violencia de xénero no narrador galego e literario anglosaxónico do século XX Anaís Salazar González, profesora de Literatura Inglesa da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) 10.00 Pausa 10.15 O que un educador emocional na violencia de xénero? Percepción das consecuencias e premios contra a violencia de xénero "Free women" Guadalupe López de Córdoba (Córdoba, España) "Mancos e mulleres para facer valer" Guadalupe López de Córdoba (Córdoba, España) "Sueños" Guadalupe López de Córdoba (Córdoba, España) "Sei pensado deo novo" Guadalupe López de Córdoba, Sany Femen e MP Bologna (Córdoba, España) Córdoba: Rúa Aguilas, entrada e saída de cine 10.30 Fin da xornada	9.30 Conferencia Literatura e mito na desnaturalización da violencia de xénero Ángel de la Cruz Muñoz, catedrático de Literatura Inglesa da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) 11.00 Pausa-Café 11.30 Conferencia O mito do tratamento da violencia de xénero Ángel de la Cruz Muñoz, catedrático de Literatura Inglesa da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) 12.00 Mesa Redonda Escritoras e escrituras fronte á violencia de xénero Susana Fortes, escritora Isabel López-Arocas, escritora Natalia Rodríguez, escritora Javier Reverte, escritor 13.30 Clausura Marta González Vilasquez, secretaria xeral da Igualdade do Xunto de Galicia Francisco López Rodríguez, director xeral de Promoción e Difusión do Xunto de Galicia da Consellería de Cultura e Turismo do Xunto de Galicia

Neste congreso, con destacadas intervencións tanto de profesorado universitario especialista en xénero e violencia, e de importantes escritoras e escritores en galego e castelán, como Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Luisa Castro, Susana Fortes, Angeles Caso ou Javier Reverte, pretendeuse enmarcar o fenómeno da violencia de xénero como un problema social secular que non xurdiu nos últimos anos, senón que ten o seu reflexo na historia da literatura de épocas pasadas.

O congreso contou cunha altísima participación de público interesado, persoal de recursos e servizos de igualdade nas diferentes administracións, estudantes de literatura e persoas interesadas. A Universidade de Santiago de Compostela concedeu un crédito de libre designación ao alumnado universitario participante.

No marco deste I Congreso sobre Literatura e Violencia de Xénero, a Secretaría xeral da Igualdade editou, actualizada, a Guía de Lecturas contra a violencia de xénero, elaborada o ano anterior polo IES nº1 do Carballiño.

Nesta guía, que ten a particularidade de ter sido confeccionada e elixidos os seus títulos polo alumnado de secundaria deste centro, recoméndanse diferentes novelas que tratan o tema da violencia contra as mulleres en diferentes lugares e culturas: a ablación nos países africanos, a sumisión das mulleres afganas durante o réxime talibán, a historia das irmás Mirabal na República Dominicana en época de Trujillo, a violencia de xénero nos países escandinavos, as dificultades das mulleres inmigrantes ou o vendado dos pés por razóns estéticas na China de principios do século XX, son varios dos temas tratados polas novelas elixidas polo alumnado.

A difusión desta guía, da que se editaron 2.500 exemplares, fíxose durante o propio congreso e enviando os correspondentes exemplares entre os centros escolares da comunidade autónoma, para o fomento da lectura sobre temas igualitarios.

25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero



Amoroso en el desierto Miguel Salas Ficción A realidade vólvese a ser propia, a realidade, a realidade por ser propia, a realidade. Excluído Diego Sánchez Ficción Múltiples historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. El silencio de Edo Luis Del Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Quilómetros felices Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Amoroso que me mata Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Tiempo de silencio Miguel Salas Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Tiempo de silencio Miguel Salas Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Lágrimas de sangre Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. El dolor expulso Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. En el silencio de los muros Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género.	Amoroso que me mata Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Contra el viento Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. 25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero Buenos Aires Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. A. Pineda Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género.	Historias de la violencia Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Los muros de la violencia Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Los muros de la violencia Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Los muros de la violencia Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Los muros de la violencia Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género. Los muros de la violencia Rocío Pineda Ficción Historias de violencia de género, historias de violencia de género, historias de violencia de género.
---	---	---

Plan de Formación, información e sensibilización no ámbito da violencia de xénero dirixido á poboación inmigrante residente en Galicia.

A través do convenio de colaboración asinado entre a **Secretaría Xeral da Igualdade**, a **Secretaría Xeral da Emigración** e a **Asociación de Centros Homologados** púxose en marcha o Plan de Formación, información e sensibilización no ámbito da violencia de xénero dirixido á poboación inmigrante, que tivo como obxectivo principal sensibilizar dunha forma axeitada sobre o problema da violencia de xénero, atendendo ás circunstancias específicas da poboación estranxeira en Galicia.

Ano	Importe		TOTAL
	SX Igualdade	SX Emigración	
2010	40.000 €	22.000 €	62.000 €


O convenio xurdiu da preocupación da Secretaría Xeral da Igualdade e da Secretaría Xeral de Emigración pola incidencia da violencia de xénero na poboación inmigrante, xa que as estatísticas mostran que a proporción de mulleres estranxeiras en España vítimas de violencia de xénero, ao igual que a proporción de agresores estranxeiros, supón unha sobrerrepresentación respecto ao peso demográfico de mulleres e varóns estranxeiros en España.

Unha das causas desta situación atópase, por un lado, na situación de desigualdade entre homes e mulleres, máis manifesta nalgúns dos lugares de procedencia dunha parte da poboación estranxeira, o que motiva que o recurso á violencia se revista de lexitimidade e normalidade para os agresores e tamén para as vítimas, e por outro, as especiais circunstancias nas que se atopan en moitas ocasións as mulleres estranxeiras no noso país, lonxe do seu contorno familiar e social, o que orixina unha inseguridade e dificultade superior ao das mulleres españolas á hora de romper coa espiral de violencia.

Por iso, o programa desenvolveuse cun común denominador: o dunha atención adaptada ás circunstancias das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero.

- Realizouse en 15 localidades das catro provincias galegas (Vigo, Marín, Pontevedra, Ourense, Lalín, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras, A Coruña, Ferrol, Ames, Negreira, Santiago de Compostela, Lugo, Vilalba e Burela)
- Participaron 253 persoas, 216 mulleres e 37 homes, dun total de 31 países.


TOTAL PARTICIPANTES	253
	Mulleres 216
	Homes 37




- As nacionalidades maioritarias foron Marrocos (42 persoas), Colombia (35), Brasil (25), Perú (24) e Cabo Verde (17).

NACIONALIDADES MAIORITARIAS	Nº PARTICIPANTES
Marrocos	42
Colombia	35
Brasil	25
Perú	24
Cabo Verde	17

% participantes




PAÍS	nº alumnado
Alxeria	6
Angola	3
Arxentina	6
Bolivia	2
Brasil	25
búlgara	1
Cabo verde	17
Chile	3
Colombia	35
Congo	1
Cuba	16
Ecuador	3
España	1
Francia	1
Ghana	7
Marrocos	42
México	1
Namibia	1
Nigeria	4
Paraguai	3
Peru	24
Polonia	1
Portugal	2
República Dominicana	14
Romanía	9
Rusia	2
Senegal	2
Togo	1
Ucrania	2
Uruguai	4
Venezuela	14
TOTAL	253



- Por idades, 94 dos e das participantes, a maioría, tiñan entre 28 e 38 anos; 70 tiñan entre 38 e 48 anos; 53 entre 18 e 28 anos; 32 entre 48 e 58 anos; e 4 persoas máis de 58 anos.

RANGO IDADE	Nº PARTICIPANTES
18 e 28	53
28 e 38	94
38 e 48	70
48 e 58	32
> 58 anos	4



A iniciativa deu a coñecer a protección xurídica e social existente nas situacións reais que se producen cando se combinan violencia de xénero e inmigración. Empregouse para isto unha estratexia divulgativa axeitada para abordar o problema da violencia de xénero, atendendo ás circunstancias específicas da poboación estranxeira.

- Realizouse unha xornada presencial de formación para formar sobre a violencia de xénero como un problema social, introducindo -con axuda de soporte técnico audiovisual e carácter eminentemente práctico-, conceptos básicos que serven para a identificación de condutas e situacións constitutivas de violencia de xénero. A continuación as persoas participantes puxeron en práctica o uso das novas tecnoloxías, concretamente Internet, como instrumento de acceso á información, prestacións e atención que ofrecen as Administracións Públicas e outras entidades como ONG, asociacións de mulleres, organizacións sindicais e redes nacionais e internacionais.

Ás persoas asistentes proporcionóuselles, tanto en papel como en formato dixital, un manual básico con información integral sobre os dereitos recoñecidos ás mulleres vítimas de violencia de xénero, recursos e prestacións asistenciais existentes e protocolos de actuación en caso de sufrir ou ter coñecemento dunha agresión.

- Estas guías foron editadas en romanés, árabe, francés, español e galego para conseguir romper as barreiras idiomáticas que, en ocasións, impiden a estas persoas solicitar axuda.
- Están divididas por provincias e en cada unha delas aparecen os teléfonos de interese de cada concello, dende a policía, a garda civil, os servizos sociais, as asociacións ou centros de información as mulleres que hai en cada un deles.
- **Outras actuacións no ámbito da prevención e da sensibilización fronte á violencia de xénero.**

Centros Quérote+

Dentro dos centros Quérote+ pertencentes á **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado** trabállase de forma transversal a prevención da violencia de xénero nas seguintes áreas:

Servizo de información e asesoramento:

- o *Atención psicolóxica e social individualizada a mulleres* que manifestan ter sufrido unha situación de violencia de xénero, que por razóns determinadas non poden acceder as canles habituais de asesoramento (tempo transcorrido da agresión, non identificación como vítima, parellas homosexuais,...).
- o *Atención psicolóxica e social individualizada a homes* que manifestan ter dificultades de control emocional nas relacións de parella, provocando

situacións de violencia de xénero, por exemplo, menores con medidas xudiciais causadas por agresións sexuais.

Servizo formativo:

- o Obradoiros en centros educativos sobre imaxe corporal, que teñen como un dos seus obxectivos facilitar a reflexión e a toma de conciencia sobre os diferentes criterios estéticos que se impoñen en función do xénero, a través dos medios de comunicación, da presión de grupo ou da parella.
- o Obradoiro de convivencia en centros educativos sobre actitudes positivas para as relacións nos grupos de iguais, para o que é preciso destacar algunhas habilidades para a convivencia entre sexos e xéneros.
- o Obradoiro de sexualidade co obxecto de educar na perspectiva de xénero co obxecto de previr desaxustes nas relacións interpersoais ou nas relacións comunitarias.

Programa de Estadías de Tempo Libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

No Diario Oficial de Galicia do 11 de maio de 2010 publicouse a **Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se aprobaban as bases reguladoras e se convocaban estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

Este programa ten por obxecto facilitarlles ás mulleres que teñan fillas ou fillos menores exclusivamente ao seu cargo un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer. Un dos requisitos para poder participar era que tiveran unha renda que, tendo en conta todos os ingresos do conxunto da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñen, non supere o salario mínimo interprofesional.

Convocábanse ata un máximo de **95 prazas** para mulleres con fillas e/ou fillos ao seu cargo, con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, para disfrutar dunhas estadías de entre sete e dez días, en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de xullo.

Entre os criterios de valoración a considerar para a adxudicación das prazas foron:

- Residir nun centro de acollida.
- Acreditar ser ou ter sido vítima de violencia de xénero nos tres últimos anos.

Nesta ocasión foron **beneficiarias do programa 37 mulleres e 59 menores** que disfrutaron dunha semana de descanso e lecer na costa Cantábrica, na que aproveitaron para realizar actividades ao aire libre, practicar deporte e realizar excursións, así como diferentes programas destinados a potenciar a comunicación familiar e a autoestima das mulleres.

Os obxectivos formulados para estas estadías foron os seguintes:

- Posibilitar que as mulleres puidesen compartir experiencias con outras en iguais circunstancias a través da convivencia nun entorno de ocio, estimulando a busca dun novo ciclo vital.
- Crear un clima de afecto, confianza e seguridade nun ambiente lúdico e positivo, a través da realización de diferentes tipos de actividades.
- Proporcionar información sobre os recursos existentes para as mulleres en situación de especial dificultade, co propósito de fomentar unha conciencia crítica dende a perspectiva de xénero.

PRAZAS CONVOCADAS	PERSOAS BENEFICIARIAS	Nº PARTICIPANTES
95	Mulleres	37
	Menores	59

Campamentos de verán 2010

Dende a **Secretaría Xeral da Igualdade** ofertóuselles, ás e aos menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida, a posibilidade de participar nos campamentos xuvenís organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar dentro do programa Campaña-Verán 2010, a través dunha reserva específica de prazas.

A través da oferta da devandita campaña ofrécese a posibilidade de que as/os rapaces empreguen o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Participaron nos campamentos 11 nenas e 11 nenos.

PRAZAS OFERTADAS	PERSOAS BENEFICIARIAS	Nº PARTICIPANTES
46	Nenas	11
	Nenos	11

□ Fomento do movemento asociativo

Plan de formación sobre Consumo e Xénero, dirixido a asociacións de mulleres, de mulleres rurais, e tamén de amas de casa, consumidoras/es e usuarias/os de Galicia. Sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e Instituto Galego de Consumo.

Continuando coa iniciativa posta en marcha o ano 2009 conxuntamente entre a **Secretaría Xeral da Igualdade** e a **Dirección Xeral de Comercio - Instituto Galego de Consumo**, adscrito á **Consellería de Economía e Industria**, no ano 2010 levouse novamente a cabo o Plan de formación sobre Consumo e Xénero, no que participaron 860 mulleres, persoas de 43 asociacións de toda Galicia. O seu obxectivo foi sensibilizar e mostrar a situación de desequilibrio e desigualdade que viven as persoas consumidoras, sobre todo no caso das mulleres, xa que a integración do enfoque de


xénero no ámbito do consumo é indispensable na formación se o que se pretende, como é o caso, é lograr un cambio social ou un achegamento á igualdade entre as persoas. Do mesmo xeito, pretende formar ás mulleres participantes, moitas veces responsables en último termo do consumo familiar, sobre como realizar unha escolla acertada e coñecer os seus dereitos como consumidoras, así como ser conscientes da utilización que a publicidade fai da imaxe das mulleres, utilización que reforza a desigualdade.

O acordo asinado entre os dous departamentos, no que se enmarcaron estas xornadas, tiña por obxecto desenvolver un programa de actuacións formativas, dirixido aos distintos colectivos de mulleres participantes, en particular do mundo rural, coa meta de analizar o papel actual das mulleres no ámbito do consumo. Non se pode esquecer que, hoxe en día, neste campo, prodúcese ás veces un desequilibrio a favor dos provedores e provedoras, e en desvantaxe para as persoas consumidoras, podéndose dar, en consecuencia, un dobre menoscabo para as mulleres consumidoras.

Con este motivo, o programa de actividades buscou, ademais, obxectivos máis precisos, como o coñecemento dos dereitos das persoas como consumidoras, a mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas, a reflexión e a análise dos procesos que sustentan a actividade de consumo e como inflúen nas relacións de xénero; a análise do papel da publicidade na perpetuación dos estereotipos sociais, na ‘cosificación’ das mulleres e na incitación á violencia de xénero, ou a educación nos valores do consumo responsable.

Das 43 asociacións de mulleres que participaron, dezanove eran da provincia de Pontevedra (380 mulleres), cinco de Lugo (100 mulleres), seis de A Coruña (120 mulleres), e trece de Ourense (260 mulleres).

PROVINCIA	Nº DE ASOCIACIÓNS PARTICIPANTES	Nº DE MULLERES PARTICIPANTES
TOTAL	42	860
A Coruña	6	120
Lugo	5	100
Ourense	13	260
Pontevedra	19	380



As diferentes accións realizáronse nas instalacións da **Escola Galega de Consumo**.

Realizouse unha xornada de formación con cada asociación. O número máximo de participantes en cada xornada foi de 40 persoas, e a súa duración ascendeu a catro horas lectivas, que se estruturaron en tres partes distintas:

- A construción das relacións de xénero.
- A construción das relacións de consumo.
- O consumo en igualdade.

En cada xornada realizáronse catro obradoiros que se desenvolveron de forma rotativa para 40 persoas, contando cada obradoiro con 10 alumnas, de dúas asociacións.

- No primeiro obradoiro abordouse o tema da violencia na publicidade e particularmente a violencia de xénero, así como a repercusión da violencia que propón a publicidade sobre a nosa percepción e a perda do significado real de violencia de representación.
- No segundo taller falouse sobre a diferenza entre sexo e xénero, as diferenzas na socialización a través da linguaxe, os hábitos de consumo na familia, a educación e os medios de comunicación. Así mesmo tratouse da responsabilidade das mulleres como consumidoras no eido da familia.
- No terceiro fíxose un percorrido polos dereitos das persoas consumidoras, e o labor das asociacións dende a perspectiva de xénero.
- No último, falouse sobre onde traballan as mulleres, facendo unha comparación da situación laboral de homes e mulleres, e das políticas de igualdade e de conciliación postas en marcha nos últimos tempos.

A avaliación dos resultados obtidos con estas xornadas realizáronse a través dunha comisión mixta, creada polo propio acordo asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Instituto Galego de Consumo.

Convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para centros e recursos integrais para mulleres. Inclúe axudas aos programas de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

Estas axudas, convocadas a través da **Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller** do 17 de agosto de 2010 (DOG nº 160, do 20 de agosto), teñen como finalidade colaborar economicamente coas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscritas na área de igualdade do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, coa finalidade de apoiar o desenvolvemento de recursos especializados para as mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade, de contribuír tamén ao mantemento de centros que acollen a mulleres sen recursos con dificultades especiais, ademais de considerar axudas específicas para o desenvolvemento de actividades formativas

vinculadas á empregabilidade feminina, todo iso co obxectivo prioritario da promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Ás subvencións obxecto desta convocatoria dedícase un **orçamento total de 1.165.500 euros**, que conta cun cofinanciamento do 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2007-2013.

A convocatoria ten dúas liñas de axuda:

- Axudas económicas de apoio ao mantemento de centros de atención especializada a mulleres, nos que se ofrece asistencia básica ás mulleres en situación de exclusión especial e programas de apoio:
 - Para a realización de recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección.
 - Programas de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.
 - Aqueloutros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.
- Axuda económica para a realización de proxectos formativos para mulleres dirixidos á súa integración laboral ou mellora da súa empregabilidade, nomeadamente destinados a aquelas que se atopan en situación de risco de exclusión ou de especial discriminación ou desigualdade.

No ano 2010, no ámbito da violencia de xénero, concedeuse esta axuda:

- Para o mantemento dunha vivenda tutelada para vítimas de maltrato con problemas mentais: 40.000 €

VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES CON ENFERMIDADE MENTAL VÍTIMAS DE MALTRATO	
ÁMBITO DE ACTUACIÓN	CCAA DE GALICIA
TOTAL USUARIAS 2010	4

- Para un programa dirixido a vítimas de violencia de xénero que precisan mellorar a súa calidade de vida e unha integración socio-laboral: 14.000 €

- Para un programa de apoio e acompañamento dirixido a mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero: 16.777,60 €

Programa de apoio e acompañamento dirixido a mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero	
PROVINCIA	Nº DE BENEFICIARIAS
A CORUÑA	8
LUGO	3
OURENSE	2
PONTEVEDRA	4
TOTAL	17

- Para un programa de apoio e acompañamento dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero: 25.500 €

Programa de apoio e acompañamento para mulleres vítimas de violencia de xénero	
IDADE	Nº DE BENEFICIARIAS
Menos de 30	9
31-40	10
41-50	5
Máis de 50	0
TOTAL	24

□ Actividades culturais e artísticas

Exposición "AS QUE COMEN SILENCIOS, AS QUE TOMAN A PALABRA; VIVIR SEN VIOLENCIA".



A exposición "As que comen silencios, as que toman a palabra; vivir sen violencia", é unha escolma de pezas artísticas realizadas por mulleres galegas e doutros países, nas que se pon de manifesto a sinrazón da violencia no eido doméstico e de parella.

Nela as autoras, de orixe xeográfica moi diversa, conscientes da supremacía secular da ollada masculina sobre o mundo da arte, promoven unha visión propia sobre a imaxe das mulleres e dos obxectos cotiás, na busca dunha linguaxe propia, facendo fincapé na cosificación do corpo feminino, tan frecuentemente aldraxado e obxecto de violencia durante séculos de historia. O título da mostra ten que ver cun dos feitos que máis comunmente se realiza no ámbito doméstico, compartir as comidas. "Nunha mesa, no espazo doméstico, o silencio tamén senta, como un convidado máis a un ritual doloroso. Temos espallados, antes do silencio, varios silencios. Porque tomar a palabra equivale a un desafío" (palabras de Silvia García González no texto introductorio do catálogo).

A Inauguración desta mostra, realizada en colaboración coa Fundación RAC, tivo lugar en Pontevedra, (Edificio. Advo. da Xunta de Galicia en Campolongo) por parte do Presidente da Xunta de Galicia e da Secretaria Xeral da Igualdade, o xoves 25 de novembro, co gallo da conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero, con pezas das artistas Shirin Neshat, Marta Fariña, Eulalia Valladosera, Helena Almeida, Jane Simpson, Carmen Calvo, Amaya González Reyes, Mona Hatoum, Guenda Herrera, Regina José Galindo, Aino Kannisto, Itziar Ezquieta, Priscilla Monge e Susy Gómez.

A exposición mantívose aberta ao público durante dous meses.

Exposición “*Cartas de Amor*”



Cartas de Amor é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero, con debuxos de artistas de sona como Miguel Calatayud, Patricia Castelao, Fausto Isorna, Pirusca, José Luís Méndez, Jack Mircala ou Javier Olivares. A exposición quere sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas relacións de parella, nos seus modos de relacionarse, axudar a detectala e polo tanto a eliminala.

A secretaria xeral da Igualdade, Marta González, inaugurou esta mostra en novembro de 2010 no Instituto de Ensino Secundario Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, no eido das conmemoracións do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero.

A exposición percorrerá en 2011 os centros educativos galegos que a foron solicitando, xa que ten como obxectivo sensibilizar á poboación máis nova, facer reflexionar aos e ás adolescentes sobre a existencia de violencia nos seus modos de relacionarse, ás veces de xeito inconsciente, e decatarse de que formas e modos de comportamento habituais como as demostracións de ciumes, o control sobre a vestimenta da parella, as súas chamadas telefónicas, mensaxes e correos electrónicos, a limitación dos seus movementos en relación ás súas amizades, son en realidade demostracións dun comportamento violento.

A idea desta mostra xurdiu da preocupación ante os moitos casos de violencia que nos últimos anos se detectan nas relacións de parella entre adolescentes e xente moi nova. Durante moito tempo pensouse que a violencia contra as mulleres era un problema que se daba fundamentalmente entre persoas dunha certa idade, educadas na desigualdade e que foran formadas nun mundo onde as mulleres tiñan limitada a súa capacidade de acción, pero a realidade demostra que non é así, e que na sociedade actual, na que as mulleres ocupan postos de responsabilidade, e participan activamente en calquera área, laboral, política, cultural ..., tamén se dan casos de violencia entre a xente mais nova, xa educada nun ambiente de maior igualdade entre os sexos.

Na procura de solucións preventivas e coa finalidade de atallar este problema, a **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha unha serie de accións encamiñadas a facer reflexionar aos e ás adolescentes sobre a existencia de violencia nos seus modos de relacionarse.



Unha delas é a exposición *Cartas de Amor*, coa que a Secretaría Xeral da Igualdade pretende establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella, e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas, tendo en conta que, nos últimos anos, se detectan moitos casos de relacións de parellas entre adolescentes cunha forte carga de violencia verbal e incluso física.

Na mostra amosáronse os traballos dos dous premios nacionais de ilustración, Miguel Calatayud, e de cómic, Paco Roca, no ano 2009, así como figuras galegas, como Patricia Castelao, Pirusca, David Pintor e Óscar Villán. Tamén participaron autoras e autores que están acadando grande éxito entre a xente máis nova, como Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián. Ademais o escultor Méndez, a escritora Anxos Sumai e o deseñador Fausto, uníronse a esta mostra con tres achegas diferentes.

Todos e todas elas amosaron no seu traballo de xeito claro e persoal o que as *Cartas de Amor* non deben ser, e invitan á reflexión, a escoitar o que os corazóns din, pero sempre pensando tamén no respecto e na liberdade das persoas que están ao noso carón.

Esta mostra supuxo un paso máis no traballo a favor da eliminación da violencia de xénero, o cal implica unha importante actividade na sensibilización da sociedade en

xeral e na educación das xeracións máis novas en valores como a igualdade entre mulleres e homes ou o rexeitamento aos comportamentos violentos, en particular.



Como complemento á exposición elaborouse unha axenda coas imaxes que se distribuiu entre centros educativos, concellos e asociacións de mulleres ao final do ano 2010.

Tríptico “De que lado estás?”

A educación é a base fundamental das persoas, o que somos xéstase dende a nenez e refórzase e solidifica na adolescencia. Dende hai un tempo estase a detectar precisamente nestas idades, na adolescencia, problemas nas relacións de parella que implican violencia psíquica e, en menor grado, física. Isto levou á **Secretaría xeral da Igualdade** a comezar a traballar nunha serie de accións encamiñadas a mostrar á mocidade que o seu comportamento, en moitas ocasións, desencadea situacións de desigualdade. Son a xeración máis formada, máis solidaria, máis avanzada en canto ás tecnoloxías, e dende a Secretaría Xeral de Igualdade quérese contribuír a que tamén sexan a xeración máis igualitaria en todos os campos e tamén no espazo persoal: nas relacións de parella.



Este tríptico acompaña á exposición Cartas de amor e é distribuído nos centros escolares onde se expón a mostra.

❑ Tratamento da información. Convenios de autorregulación. Contidos e publicidade en relación coa violencia

- Continúa en vigor o convenio de colaboración asinado pola Compañía de Radio Televisión de Galicia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia, o pasado 25 de novembro de 2009, no que se establecen medidas para mellorar a sensibilización, a prevención e a visibilización da violencia de xénero no ente público galego.
- En 2010 o Consello de Administración da CRTVG aprobou unhas recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres. O documento propón como criterio xeral que as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso, que prime ante todo o respecto extremo perante as vítimas. Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limiten ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulguen os casos de éxito en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos, para que sirvan de exemplos a outras vítimas.

Estas recomendacións foron trasladadas pola Dirección Xeral da CRTVG ao persoal laboral a través dunha comunicación na *Intranet*, a rede interna de información corporativa, e dunha carta á Dirección dos Servizos Informativos dos medios públicos galegos. Tamén foron publicadas na páxina web do ente público galego, sendo accesibles na ligazón:

http://www.crtvg.es/archivo/RecomendacionsCA_violenciacontramulleres.pdf

pertencente á sección “*Información sobre a CRTVG/Autorregulación*”.

As informacións dos medios públicos galegos seguiron a aplicar unha serie de criterios, baseados tamén no documento de “*Propostas para o tratamento informativo da violencia contra as mulleres*”, formuladas no seu momento pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

En síntese:

- Os casos de violencia machista son tratados coma un problema social, nunca como información de sucesos.
- Non se divulgan os datos persoais das vítimas, respectando así o anonimato.
- Evítase crear vítimas colaterais, e por iso inténtase non estereotipar aos agresores por grupos étnicos, extracción social ou nacionalidade.
- No relato dos feitos fúxese da morbosidade.
- Escóllense con coidado as testemuñas que se incorporan á información.
- Faise un seguimento dos casos, co gallo de que a audiencia saiba que estes actos non adoitan resultar impunes, e sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista.

O director xeral da CRTVG deu conta na Comisión de Control non lexislativa da CRTVG do Parlamento de Galicia destes criterios de tratamento das informacións relativas á violencia de xénero nos espazos da TVG e da Radio Galega.

Durante o 2010, os medios públicos galegos levaron ademais a cabo as actuacións dirixidas a conmemorar o 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero.

- Na Radio Galega, entre os días 22 e 25 de novembro desenvolveuse unha semana con informacións e programación específica dirixida a erradicar a violencia de xénero.
- O día 22 de novembro achegáronse nos espazos de información xeral os actos programados polos sindicatos, CC.OO. UXT e CIG, e déuselle cobertura ás xornadas sobre “Mulleres con discapacidade e violencia de xénero”, ofrecendo as declaracións da presidenta da asociación ACADAR e da secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
- O día 23 informouse sobre o xuízo programado con motivo do asasinato da muller de Cambados, María Luz Posse.
- O día 24 divulgouse a reclamación da CIG sobre a necesidade de crear xulgados específicos para tratar os casos de violencia machista en Ourense, Lugo e Pontevedra.
- Informouse sobre o congreso sobre literatura e violencia de xénero.
- Ofreceuse o comunicado emitido polo Delegado do Goberno en Galicia, e informouse sobre o convenio asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Secretaría Xeral de Igualdade para a posta en marcha en Compostela dun centro de recuperación para as mulleres maltratadas.
- O 25 de novembro abríronse os espazos informativos das 14.00 e das 20.00h co Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. Abordáronse informacións como a reforma lexislativa anunciada pola ministra de Sanidade para retirar a custodia dos fillos/as dos homes imputado nun proceso por maltrato; reaccións das asociacións de xuíces; os datos sobre malos tratos que reflicte un informe da **Comisión Europea**, entre outras noticias e declaracións sobre o tema. Esta xornada deuse cobertura amais aos distintos actos que se desenvolveron fóra de Galicia e ofrecéronse nos distintos programas reportaxes relacionadas coa efeméride, como a educación en igualdade, o Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Vigo, a igualdade nos medios de comunicación, a necesidade dunha nova educación afectiva ou sobre os centros de información ás mulleres, ademais de entrevistas a mulleres con peso na loita contra a violencia de xénero.
- Na Televisión de Galicia a información especial sobre o día 25 de novembro deu comezo no “Bos Días”, o espazo de noticias máis madrugador da Galega, informando sobre a efeméride, achegando datos dun informe do Observatorio Contra a Violencia Machista e unha terceira peza sobre a

próxima creación dun Centro Integral para Mulleres Maltratadas en Galicia que terá a súa sede en Santiago. A entrevista do “Bos Días” realizouse á secretaria xeral de Igualdade.

- O “Telexornal Mediodía”, coma o “Telexornal Serán”, abordaron nas súas informacións desde todas as perspectivas a problemática da violencia machista. Lembráronse as vítimas de 2010, informouse dos próximos cambios legislativos do Goberno contra os maltratadores, mensaxes de apoio ás vítimas, declaracións de mulleres que foron maltratadas, vídeos sobre os malos tratos infantís e sobre os nenos e nenas como vítimas indirectas dos malos tratos, cobertura dos distintos actos conmemorativos da xornada, unha declaración institucional do presidente da Xunta, unha proposta do BNG para a creación de xulgados especializados, pezas sobre o apoio psicolóxico ás mulleres maltratadas e sobre a terapia para os maltratadores. Nestes dous espazos informativos ofrecéronse un total de 16 pezas desde os distintos puntos de vista.
- O programa “Reporteiros”, emitido o 9 de outubro de 2010, ofreceu “Da sombra á luz”, unha reportaxe en profundidade que reflicte o drama que supón o asasinato de máis dun cento de mulleres ao ano a mans das súas parellas e como os xulgados, forzas de seguridade, psicólogos e asistentes sociais non son quen de frear este número tan elevado.

Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.

Artigo 12.Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.
Artigo 13.Rexistros administrativos.
Artigo 14.Formación nas universidades.
Artigo 15.Formación da totalidade das e dos profesionais.

Este capítulo da lei fai fincapé na necesidade de coñecer con maior profundidade o fenómeno da violencia de xénero, as súas causas e consecuencias, os aspectos xurídicos e sociais, pero tamén as repercusións de carácter psicolóxico sobre as vítimas, así como os perfís dos maltratadores, entendendo que o maior coñecemento provocará unha resposta máis eficaz en todos os ámbitos: prevención, intervención, recuperación e castigo e reeducación dos maltratadores.

□ Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

Convocatoria de bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero.

A **Secretaría Xeral da Igualdade** convocou estas axudas para o ano 2009 e 2010 a través da Resolución do 24 de setembro de 2009, (DOG nº 193, do 1 de outubro de 2009).

Para os efectos desta resolución, son consideradas áreas prioritarias as de **Violencia de Xénero**, Economía e emprego, Educación, Participación, Exclusión Social e Saúde.

Dentro da área de violencia de xénero valoráronse, entre outros, os traballos que afondan nos estereotipos ou valores sociais que transmiten actitudes violentas, así como aqueles que analizan os custos directos ou indirectos da violencia de xénero na comunidade, o acoso sexual no traballo ou as experiencias de prevención nos servizos de saúde.

Esta convocatoria fai referencia ás seguintes modalidades de axudas:

- Bolsas destinadas a estudantes dos últimos cursos universitarios ou de terceiro ciclo para o desenvolvemento de estudos ou proxectos de investigación relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas na convocatoria.
- Axudas a entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e colexios profesionais para a realización de estudos ou proxectos de investigación relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas na convocatoria.
- Axudas a editoriais, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas, para a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións sobre temas relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas na convocatoria.

- Axudas a entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e a colexios profesionais destinadas á organización de xornadas, congresos e a outros programas ou actividades de difusión, divulgación ou sensibilización relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas na convocatoria.
- Os estudos ou proxectos versarían en traballos de investigación, avaliación de técnicas, propostas de programas experimentais ou experiencias específicas e presentación de modelos organizativos relacionados coas áreas prioritarias sinaladas.

Para a concesión destas axudas destinouse crédito para o ano 2010 polo importe de **150.000 euros**.

Concesións 2010	Bolsas	Estudos e proxectos de investigación	Publicacións	Organización de xornadas e outros programas
	3	14	4	39

- Bolsas destinadas a estudantes dos últimos cursos universitarios ou de terceiro ciclo para o desenvolvemento de estudos ou proxectos de investigación.

Beneficiaria	Área prioritaria	Concedido (€)
Silvia Sierra Martínez	Educación	650
Lorena Otero Padín	Violencia de xénero	2.820
Cristina Torrado Tarrío	Violencia de xénero	2.820
TOTAL		6.290

- Axudas a entidades sen ánimo de lucro e colexios profesionais para a realización de estudos e proxectos de investigación.

Beneficiaria/o	Área prioritaria	Concedido (€)
Colexio Provincial de Avogados de Lugo	Violencia de xénero	3.000
Fundación Fomento Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	Economía e emprego	3.000
Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada (ALGA)	Poder e toma de decisións	3.000
Médicos do Mundo	Violencia de xénero	3.000
Asociación Euroforo Empresarial	Violencia de xénero	3.000
TIAMAT Asociación pola educación, a igualdade e o desenvolvemento sostible	Violencia de xénero	3.000
APD Asociación para o progreso da dirección	Poder e toma de decisións	3.000
Observatorio da Mariña pola Igualdade	Educación	3.000
Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia	Violencia de xénero	3.000
Asociación de Mulleres en Igualdade de Ferrol	Violencia de xénero	3.000
Fundación de Estudos e Análises (FESAN)	Violencia de xénero	3.000

Asociación Universitaria Arosa	Violencia de xénero	3.000
AMFAR Galicia	Economía e emprego	3.000
Alar Galicia	Violencia de xénero	1.980
TOTAL		40.980

- Axudas a editoriais para a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións sobre temas relacionados coa situación da muller.

Beneficiaria	Área prioritaria	Concedido (€)
Atlántica de Información e Comunicación de Galicia	Violencia de xénero	3.000
Rodríguez López e outros, SC (Edicións Émbora)	Educación	7.000
TRYMAR, SCG	Economía e emprego	7.000
Alvarellos Editora, SL	Participación	7.000
TOTAL		24.000

- Axudas a entidades sen ánimo de lucro e colexios profesionais para a organización de xornadas, congresos e outros programas ou actividades de difusión, divulgación ou sensibilización.

Beneficiaria/o	Área prioritaria	Concedido (€)
Asociación Profesional Agamix	Violencia de xénero	2.015
Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos	Violencia de xénero	2.000
Ecos do Sur	Violencia de xénero	2.000
Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)	Violencia de xénero	2.000
Asociación Provincial de Forneiros Artesans	Violencia de xénero	2.000
Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de Lugo	Violencia de xénero	2.000
AMFAR Galicia	Economía e emprego	2.000
Asociación Faraxa pola abolición da prostitución	Violencia de xénero	2.000
FOREMGA	Economía e emprego	2.000
FUNDEFO	Violencia de xénero	2.000
Asociación Empresarial Discapacitados de Galicia	Violencia de xénero	2.000
Asociación Labregas	Violencia de xénero	2.000
Asociación cultural-estudiantil Faneca Brava	Violencia de xénero	2.000
Asociación Instituto Germinal	Violencia de xénero	2.000
Galicia Terra de Acollida	Violencia de xénero	1.900
FEGAMUR	Violencia de xénero	2.000
APD Asociación para o progreso da dirección	Poder e toma de decisións	2.000
CIMO	Economía e emprego	2.000
Federación de asociacións de mulleres	Educación	315

Anaral		
Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense	Violencia de xénero	2.000
Asociación de empresarios dos vales do Ulla-Umia	Violencia de xénero	2.000
Federación de Industrias Afíns UGT	Violencia de xénero	1.700
Asociación de Centros Homologados	Violencia de xénero	1.600
ACSUR Las Segovias	Violencia de xénero	2.000
Colexio de Oficiais da Mariña Mercante	Economía e emprego	2.000
Asociación Empresarios de Brión AEB Altamira	Economía e emprego	2.000
Asociación Galega de Psicoloxía e Lei	Violencia de xénero	2.000
Colexio Oficial Diplomadas/os Traballo Social e Asistentes Sociais	Violencia de xénero	2.000
Asociación Seminario Mulleres e Universidade	Poder e toma de decisións	2.000
Asociación Leira Nova	Economía e emprego	1.900
FADEMUR	Economía e emprego	2.000
Asociación Amigos do Liño	Economía e emprego	2.000
Asociación Euroforo Empresarial	Violencia de xénero	1.900
Colexio Provincial de Avogados de Lugo	Violencia de xénero	1.900
Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia	Violencia de xénero	1.500
Asociación Empresarios Sector Turístico de Camariñas	Violencia de xénero	1.700
Asociación de mulleres de Buxán	Violencia de xénero	1.500
Asociación Xuvenil e Cultural Carballeira	Violencia de xénero	1.300
Asociación de Viuvras Rosalía de Castro	Violencia de xénero	1.500
TOTAL		70.830

Convocatoria de axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos e investigación.

A través da Resolución do 17 de novembro de 2009 (DOG nº 228. 20 de novembro de 2009) o **Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller**, convocou estas axudas para os anos 2006 e 2010.

O seu obxectivo é a implementación de actuacións específicas de igualdade de oportunidades no Sistema Universitario Galego e nos centros de investigación, promovendo a investigación, a creación e mantemento de centros, oficinas, cátedras e unidades de xénero, e a realización de cursos e actividades específicas neste eido.

As axudas convocadas concédense sobre a base do compromiso de desenvolver programas que teñan como obxectivo principal, temas relacionados coa igualdade de oportunidades e os problemas actuais das mulleres.

Xunto coa creación ou mantemento de oficinas de igualdade, e centros e unidades específicas que traballen nesta materia, a Xunta de Galicia pretende fomentar a realización de cursos de postgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre

cuestións de xénero, ou que integren unha perspectiva de xénero e incentivar o desenvolvemento e difusión de estudos e investigacións sobre a materia.

Os proxectos de investigación e os cursos, conferencias, xornadas e actividades subvencionadas, deberon enmarcarse dentro das seguintes áreas ou temas prioritarios:

- Políticas públicas.
- Igualdade entre homes e mulleres na vida económica.
- Participación na toma de decisións.
- Promoción da calidade de vida das mulleres.
- Fomento da igualdade civil.
- Transmisión de valores e actitudes igualitarias.
- Conciliación da vida social, persoal e laboral das mulleres.
- Cooperación.
- **Violencia de xénero e prostitución.**
- Colectivos de mulleres en risco de exclusión social.
- A igualdade na aplicación da lei.
- Situación (pasado, presente e futuro) das mulleres en Galicia

Para a concesión das axudas desta resolución destinouse crédito por importe de **500.000 € para o ano 2010** que conta cun cofinanciamento do 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2007-2013.

No ano 2010 concedeuse esta axuda para as seguintes actuación enmarcadas na temática da violencia de xénero:

- Proxecto de investigación: "Avaliación e evolución da psicopatoloxía en penados con condenas por violencia de xénero" (UDV). 16.854,12 €
- Estudo: "Análise da participación xurisprudencial dos delitos de violencia de xénero en Galicia" (UDC). 4.950 €
- Estudo: "Médico-legal e xurídico-penal dos casos de violencia de xénero en Galicia" (USC). 13.455 €
- Estudo: "Muller, home e violencia de xénero: un problema de todos e todas" (USC). 6.794 €
- Proxecto que inclúe a difusión de material contra a violencia de xénero 25N (USC). 23.354,08 €

Total do orzamento destinado a investigación en materia de violencia de xénero: 65.407 €

Participación no estudo estatal sobre A IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA E NA XUVENTUDE.

A Comunidade Autónoma de Galicia, dende a **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa) participou, xunto coas restantes comunidades autónomas e os Ministerios de Igualdade e de Educación, nun estudo estatal sobre "A IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA E NA XUVENTUDE", estudo coordinado tecnicamente por persoas expertas da Unidade de Psicoloxía Preventiva

da Universidade Complutense de Madrid, concretamente polo equipo de M^a José Díaz-Aguado Jalón, e do que se acaban de recibir os primeiros resultados.

O obxectivo deste estudo era o de coñecer o estado das actitudes que existen na realidade dos nosos centros educativos respecto da violencia de xénero. Unha vez obtidas as valoracións destes resultados, -en proceso-, procede adoptar as medidas para previr o sexismo e a violencia de xénero dende as primeiras idades, e de ser o caso, intervir na adolescencia que xa ten acomodadas unha serie de actitudes non sempre favorecedoras no trato entre diferentes sexos, actitudes que tenden a reproducirse dunha xeración á seguinte a través de mecanismos fortemente arraigados.

Este estudo pretende detectar con precisión e rigor estas actitudes para poder poñer os medios que contribúan á súa superación e fomenten valores de coeducación e non violencia, de aí que o estudo recolla información do alumnado, do propio profesorado e dos equipos directivos. No próximo ano daráselle difusión aos resultados deste.

□ **Formación da totalidade das e dos profesionais do ámbito educativo**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Servizo de Formación do Profesorado, elaborou un plan anual de formación dirixido a todo o profesorado e demais profesionais docentes que forman parte do persoal dos diferentes servizos da Consellería.

Neste Plan recóllense diferentes actividades de formación -cursos, xornadas, encontros, grupos de traballo, seminarios, proxectos de formación permanente en centros e outros- das que forman parte as dos ámbitos da educación en valores, educación emocional, convivencia e xestión pacífica de conflitos, orientación, contribuíndo varias das actividades propostas á prevención da violencia de xénero. Contemplouse no plan a posibilidade de acoller outro tipo de actividades que xurdiran ao longo do curso escolar (cursos, xornadas, encontros,...) e que non foron recollidas inicialmente no plan de formación.

A posta en marcha de todas estas actividades fíxose dende os propios servizos centrais da consellería ou dende os centros de formación e recursos existentes, nas modalidades maioritariamente presenciais pero tamén de formación a distancia.

Dentro destas actividades pódense destacar dúas desenvolvidas en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, como son:

- *XII Foro galego de educación en igualdade, “Por outra mirada. O papel social do ensino e os medios de comunicación fronte á violencia de xénero”* (Santiago de Compostela - 19 e 20 de novembro de 2010), no que participaron un total de **300 profesionais do ensino**.
- Grupos de traballo do *“Programa Relaciona: Educación Afectivo Sexual”*, desenvolvidos en sete centros da nosa comunidade (distribuídos por todas as provincias) coa participación dun total de **62 docentes e 4 asesores/as de formación**.

- Ademais, e formando parte da formación das persoas responsables na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Secretaría Xeral de Igualdade da igualdade, participouse nas “VI Xornadas Intercambia, educar en feminino e en masculino” (Madrid, 14 e 15 de outubro de 2010).

O Seminario Permanente de Educación para a Igualdade, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organizou o 12º Foro Galego de Educación en Igualdade “Por outra mirada: o papel social do ensino e os medios de comunicación fronte á violencia de xénero”, que se celebrou os días 19 e 20 de novembro na EGAP, Santiago.



Actividade incluída no Plan Anual de formación do profesorado 2010/2011.

Nº de participantes: 300

A prevención da violencia é un dos principais problemas aos que se enfrontan as sociedades de hoxe dado que esta violencia está a adoptar novas formas de expresión e exhibición. Boa parte do que creemos do mundo chéganos a través do filtro e a selección realizada polos medios de comunicación, nos que a presenza dos feitos violentos ocupa un papel destacado, presentando á nosa mirada como normal, unha representación da sociedade que debe ser excepcional. Esta acción “socializadora” condiciona o resultado da educación que se ofrece nas institucións educativas, de aí o interese por fomentar na aula o traballo de alfabetización audiovisual. Trátase de consolidar unha comprensión significativa da violencia para alcanzar a mirar os seus múltiples rostros, para consolidar entre o alumnado a idea de que o entender é algo distinto do mero ver.

Este obxectivo obríganos a buscar novos paradigmas e novas perspectivas para abordar o fenómeno da violencia, e en especial aquela violencia dirixida contra as mulleres, dado que a prevención da violencia sexista é unha das tarefas pendentes para a educación escolar do século XXI, xa que se trata dun fenómeno social que está a adquirir novos matices e que afecta ás relacións humanas dentro e fóra da aula.

Este foro formulouse coa intención de debater como desenvolver na educación dos nosos centros unha proposta que supere o desfase entre as expectativas que a sociedade ten do que deben facer o profesorado, e os medios que se teñen realmente para conseguilo. Contribuír a paliar este desaxuste constituíu un dos obxectivos prioritarios deste encontro: axudar a previr a violencia en todas as súas caras desde o ámbito educativo. A toma de conciencia da comunidade escolar e a súa sensibilización son algunhas das claves para comezar a superala e, polo tanto, lograr a igualdade entre mulleres e homes.

PROGRAMA

Venres, 19 de novembro

Recollida de material e acreditacións.

Inauguración.

Conferencia dialogada: *A importancia dos medios de comunicación na erradicación da violencia de xénero.*

D^a. Pilar López Díez. Doutora en Ciencias da Información. Experta en xénero e comunicación. Universidade Complutense de Madrid.

Sábado, 20 de novembro

Relatorio. *Facer visible o naturalizado: Tópicos e sexismo no sistema educativo.*

D. Juan Carlos Castelló Meliá. Doutor en Filosofía. Especialista en educación en valores. Universidade Jaume I de Castellón.

Relatorio. *Educar a nenos, nenas e adolescentes: achegas dende a investigación en comunicación.*

D. José Fernández Cavia. Profesor do Departamento de Comunicación da Universitat Pompeu Fabra.

Exposición de metodoloxías e ferramentas para o traballo práctico na coeducación nos medios de comunicación:

“Os mass media e a educación emocional na adolescencia. Aplicacións prácticas para o profesorado”. D. Miguel Vázquez Freire. Profesor do I.E.S. Eduardo Pondal de Santiago de Compostela.

“O sexismo contra as mulleres nas ficcións audiovisuais: Presentación da ferramenta audiovisual de traballo na aula: Fíos Violeta. Convivir en igualdade”. D^a. María Hermelo Iglesias. Orientadora no Instituto Castelao de Vigo.

Posta en escena: *“QTMeto” de Miguel Olmeda. Grupo Pikor Teatro.*

Mesa redonda: *Son os medios de comunicación os novos axentes educadores?*

D^a. Olga Osorio Iglesias. Doutora en Humanidades. Especialista en narrativa e ficción audiovisual. Universidade da Coruña.

D. Juan Luís Pintos de Cea-Naharro. Doutor en Filosofía e Letras. Experto en ciencias sociais e medios de comunicación. Universidade de Santiago de Compostela.

D. Miguel Vázquez Freire. Escritor e profesor de ensino medio. Especialista na elaboración de materiais educativos. I.E.S. Eduardo Pondal de Santiago de Compostela.

Clausura.

Nesta actividade participaron un total de 300 profesionais, profesoras e profesores, de ensino primario e secundario. O número de solicitudes recibido foi de 500.

Formación de profesionais: Escola para profesionais da igualdade



Durante o ano 2010 a **Secretaría Xeral da Igualdade** deseñou un programa de accións formativas dirixidas inicialmente ao persoal técnico de centros e recursos en materia de igualdade, dependentes das administracións locais galegas.

Esta formación on-line xurde como resposta á necesidade de actualización continuada e permanente dos coñecementos

profesionais, adaptada aos tempos actuais, constituíndo ademais unha alternativa para aquelas persoas que combinan traballo e formación, podendo elixir cada persoa o seu horario e as condicións máis axeitadas para desenvolve-la á súa medida.

As accións formativas postas en marcha en 2010 tiñan a pretensión de potenciar e elevar as capacidades e destrezas do persoal dos centros e recursos en materia de igualdade en catro ámbitos fundamentais: xurídico, psicolóxico, deseño e xestión de proxectos e liderado, e así mesmo facilitar ferramentas que permitan a implementación da estratexia de mainstreaming de xénero e da normativa vixente en medidas, plans e proxectos.

As accións formativas ofertadas nesta edición foron:

- Muller e Dereito de familia.
- Aproximación psicolóxica á violencia de xénero.
- Deseño e xestión de proxectos de igualdade.
- Liderar en clave de xénero.

No desenvolvemento deste programa de formación contouse coa colaboración da **Escola Galega de Administración Pública**, así como con especialistas universitarios/as nas materias que se abordan.

Cada unha das accións formativas consta de 60 horas e incluíronse titorías especializadas para o seguimento do alumnado e para a resolución das dúbidas que puideron xurdir no desenvolvemento dos cursos. Unha vez rematada cada acción formativa, e tendo superado os obxectivos establecidos, púidose obter unha certificación acreditativa expedida pola Secretaría Xeral da Igualdade e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP). No caso concreto do módulo **Aproximación psicolóxica á violencia de xénero**, foron **45** as persoas que desenvolveron a formación en 2010.

Xunto coa Plataforma de Teleformación, a Escola para Profesionais da Igualdade dispón dun Servizo de Titorías de carácter persoal e individualizado ideado para lograr un mellor proceso formativo e adaptado á dispoñibilidade de tempo de cada participante.

Formación de profesionais sanitarios

A **Consellería de Sanidade**, a través da Secretaría Xeral Técnica, continuando coa formación en violencia de xénero dos e das profesionais do ámbito sanitario de Galicia, no ano 2010 realizou os seguintes cursos, entre os que hai que distinguir aqueles que teñen como persoas destinatarias ao persoal sanitario e aqueles adicados ao público en xeral, que son os impartidos desde a Escola Galega da Cidadanía:

- Cursos para Implantación da Guía de Violencia de Xénero: 19 edicións. Asistentes: 361.
- Curso semipresencial de Atención sociosanitaria ante a violencia contra as mulleres. Asistentes : 25.
- A saúde das mulleres inmigrantes (con especial atención á violencia de xénero). Asistentes : 18.

- Actuación do profesional sanitario ante os malos tratos: 4 edicións. Asistentes :100.
- Obradoiros de Prevención da Violencia de Xénero da Escola Galega da Saúde para a Cidadanía: 3 edicións. Asistentes: 67.

Desagregación das actividades de formación en violencia de xénero 2010.

Actividades para profesionais sanitarios:

NOME DO CURSO	LUGAR	DURACIÓN/H.	Nº ALUMNADO	DATA
Implantación da guía de violencia de xénero	Area de Ferrol	4	16	17 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	XAP Ferrol	4	16	18 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	CHUS Santiago	4	20	16 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H Barbanza	4	16	18 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	HC Valdeorras	4	25	17 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H Montecelo	4	18	22 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	XAP Pontevedra	4	21	29 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	XAP A Coruña	4	19	1 de decembro
Implantación da guía de violencia de xénero	CHUS A Coruña	4	23	2 de decembro
Implantación da guía de violencia de xénero	FEGAS Santiago	4	21	29 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H. Virxen da Xunqueira	4	16	22 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H. Xeral Calde Lugo	4	10	2 de decembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H.Comarcal Monforte	4	21	30 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H.Comarcal da Costa. Lugo	4	21	23 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	XAP Lugo	4	24	1 de decembro
Implantación da guía de violencia de xénero	CH Ourense	4	13	29 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	XAP Ourense	4	18	30 de novembro
Implantación da guía de violencia de xénero	H. Meixoeiro	4	19	2 de decembro
Implantación da guía de violencia de xénero	XAP de Vigo	4	24	25 de novembro
TOTAL		80h.	361	

Curso mixto Atención sociosanitaria ante a violencia contra as mulleres	Santiago On-line	8 presenciais 30 on-line	25	Presenciais: 16 e 17 de xuño On-line: 3 de maio a 12 de xullo
TOTAL		38h.	25	
A saúde das mulleres Inmigrantes	Santiago	20	18	29, 30 de novembro e 1, 2, 3 de decembro
TOTAL		20h.	18	
Actuación do/da profesional sanitario ante os malos tratos	C. H. U. da Coruña	12	25	12, 13, 14 abril
Actuación do/da profesional sanitario ante os malos tratos	C.H.U. Vigo	12	25	3, 4, 5 de maio
Actuación do/da profesional sanitario ante os malos tratos	XAP de Lugo	12	25	1, 2, 3 de xuño
Actuación do/da profesional sanitario ante os malos tratos	XAP Ourense	12	25	21, 22, 23 de xuño
TOTAL		48	100	

Actividades para pacientes e cidadanía

NOME DO CURSO	LUGAR	DURACIÓN/H	Nº ALUMNADO	DATA
Obradoiro Prevención da Violencia de Xénero <i>Escola Galega de Saúde para a cidadanía</i>	Santiago	4	21	10 de maio
Obradoiro Prevención da Violencia de Xénero <i>Escola Galega de Saúde para a cidadanía</i>	Ourense	4	16	12 de maio
Obradoiro Prevención da Violencia de Xénero <i>Escola Galega de Saúde para a cidadanía</i>	CH Nicolás Peña. Vigo	4	30	2 de xuño
TOTAL		12h.	67	

Capítulo III: Medidas no ámbito educativo

Artigo 16. Actitudes.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo.

Artigo 20. Plans de acción tutorial.

Artigo 21. Proxectos educativos e curriculares de centro.

Artigo 22. Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia.

Artigo 23. Inspección educativa.

Para a prevención da violencia de xénero, a educación e a formación en igualdade da comunidade educativa é unha cuestión fundamental. A desaparición dos prexuízos e estereotipos de xénero desde a escola é absolutamente imprescindible para lograr xeracións futuras corresponsables, igualitarias e tamén máis felices. É por elo que se presta unha especial atención a todas as actuacións desenvolvidas no eido educativo, ao marxe da formación dos e das profesionais, xa mencionadas. En particular, desde este capítulo se presta atención ás estruturas escolares e como a igualdade entre nenos e nenas e a prevención da violencia de xénero impregnan o ámbito escolar.

□ Actitudes

Coa finalidade de impulsar a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e da violencia de xénero, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade, dende a Administración educativa galega mantense contacto, por parte da persoa responsable de igualdade na **Consellería de Educación e Universitaria** con diferentes membros da **Secretaría Xeral de Igualdade** para unificar criterios e programar conxuntamente novas actividades de formación dirixidas ao profesorado de todas as etapas educativas.

Desenvolvemento dun Programa de información e sensibilización no ámbito da igualdade e da prevención da violencia de xénero dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos, atendendo ás circunstancias específicas da poboación infantil de Galicia.

Dado o papel fundamental que no ámbito da prevención xoga a educación, tanto de pais e nais como de nenos e nenas, a educación e valores e a introdución da perspectiva de xénero nas accións que se desenvolven no marco de calquera programa educativo son fundamentais para o futuro desenvolvemento dos nenos e nenas. Ademais, a intervención nos primeiros anos e na familia son claves para incidir na promoción da igualdade e por ende na prevención da violencia de xénero.

Por tal motivo considérase de especial interese a realización dun *Programa de información e sensibilización no ámbito da igualdade e da prevención da violencia de xénero dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos*, dado que a educación en valores de respecto e igualdade é a ferramenta máis efectiva para garantir xeracións futuras

libres de violencia. Este programa desenvolveuse a través do convenio de colaboración asinado o 17 de novembro de 2010 entre a **Secretaría Xeral da Igualdade e a Fundación Preescolar na Casa**.

O convenio, cunha duración dun ano e unha dotación económica de **15.000 euros**, ten por obxectivo realizar accións de sensibilización e divulgación no ámbito da igualdade e da prevención da violencia de xénero, atendendo ás circunstancias específicas da poboación infantil de Galicia, moi especialmente do ámbito rural.

O programa extendido a toda a Comunidade Autónoma tivo como destinataria á poboación beneficiaria dos programas da Fundación Preescolar na Casa.

As actuacións, desenvolvidas en distintas vilas das catro provincias galegas a través do equipo de profesionais cos que conta a Fundación Preescolar na Casa, dirixíronse a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, con actuacións de información, formación e sensibilización, con liñas específicas de educación en valores e non violencia nun formato axeitado, accesible, comprensible e de fácil uso para as familias, con materiais específicos relacionados coa prevención da violencia de xénero dende os primeiros anos, cun espazo de comunicación e intercambio entre as persoas participantes no que se fomenta a reflexión sobre actitudes e valores non sexistas que contribúen a un pleno desenvolvemento de nenos e nenas en igualdade.

❑ **Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero**

Dende a Xunta de Galicia vélese pola escolarización de xeito inmediato das nenas e nenos afectados por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero así como por facilitar que os centros educativos lles presten unha especial atención a este alumnado.

Nº de nenos e nenas escolarizados ao longo dos cursos escolares 2007-2007; 2008-2009; 2009-2010.

Curso	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2007 - 2008	0	0	4	0
2008 - 2009	2	0	5	4
2009 - 2010	0	0	2	3

❑ **Edición e adaptación de materiais**

A **Secretaría Xeral de Política Lingüística** incluíu dentro dos criterios de valoración das solicitudes de subvencións convocadas pola Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, a esixencia de que os materiais subvencionados deben promover a igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan.

❑ **Revisión e adaptación do currículo adaptativo.**

En cada centro educativo, e seguindo o Decreto 120/98 e Orde do 24 de xullo de 1998, na Comunidade Autónoma de Galicia creáronse os Departamentos de Orientación (DO); **xurde así a necesidade de elaborar un Plan de Orientación que se integra no Proxecto Educativo do Centro (PEC)** para, dende o centro, dar apoio ou resposta adecuada, adaptada, equitativa e de calidade á complexa e cambiante realidade educativa e social actual.

Un dos ámbitos de actuación destes DO é o da organización nas medidas de atención á diversidade do alumnado, seguindo os principios fundamentais da educación, como son os de ofrecer unha educación de calidade para todos e todas, en condicións de equidade e coa garantía de igualdade de oportunidades, a través da inclusión no sistema educativo como compensador das desigualdades presentadas (persoais, de sexo, culturais, económicas, sociais, de discapacidade..).

No propio Proxecto Educativo de Centro (PEC) recóllese o tratamento dos temas transversais e se adecúa ás diferentes etapas para desenvolver ao longo das diferentes áreas, e sobre todo na consecución das competencias básicas, en especial no referido ás competencias social e cidadá, e a de autonomía e iniciativa persoal (Educación Moral e Cívica, Educación para a Convivencia, Educación para a Igualdade de Oportunidades, Educación Ambiental, Educación para a Saúde, Educación Afectivo-sexual, Educación para a Paz...) e todo isto ao longo de toda a escolaridade.

❑ **Plans de acción tutorial**

A tutoría, xunto coa orientación, forman parte da función docente e desenvólvense ao longo de todas as etapas educativas. En cada centro educativo existe un Plan de Acción Tutorial (PAT), elaborado polo Departamento de Orientación, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), e ofrecendo apoio e soporte técnico ás actividades de tutoría que o profesorado realiza no centro.

O PAT é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción de tutoría nos centros, e inclúe tarefas tutoriais e orientadoras, como un conxunto de actividades educativas insertas no currículo e que teñen unha dimensión técnica e unha dimensión humana.

Trátase dun proceso que forma parte da concreción curricular do centro.

Entre as áreas ou bloques de contidos a traballar en xeral no PAT e referidas ao alumnado destácase: ser persoa, convivir e pensar (valores, decidir, convivir...), diversificar e adaptar (aprendizaxes específicas e medidas de atención á diversidade), orientar (autoconecemento, toma de decisións..) e temas transversais adecuados a cada etapa; **entre estes destácase a educación para a igualdade de oportunidades**, poñendo especial esforzo en favorecer o interese e motivación cara ao estudo e adquisición de hábitos de estudo e de técnicas e estratexias de traballo intelectual dende as diferentes áreas.

Os aspectos relativos á orientación académico-profesional, aínda que se desenvolvan a través da acción tutorial, están incluídos nun plan propio, e sempre tendo en conta

a igualdade de oportunidades do alumnado á hora de continuar estudos ou adquirir a formación axeitada para a súa incorporación ao mundo laboral, con independencia do sexo do alumnado.

Polo tanto, os aspectos referidos á eliminación de estereotipos sexistas non son tratados en apartados específicos, senón que deben traballarse a través de todas as áreas e nos diferentes plans ou programas que se establezan en cada centro ao respecto, destacando ao respecto o Plan de Acción Titorial.

❑ **Proxectos educativos e curriculares de centro**

Os centros educativos dispoñen de autonomía para definir o seu modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que se concreta no Proxecto Educativo de Centro (PEC), nas súas concrecións curriculares e normas de funcionamento (Regulamento de Réxime Interno, Programación Xeral Anual ...); así o recollen os Regulamentos Orgánicos dos Centros (ROC).

Partindo da análise das necesidades educativas específicas do alumnado, das características do contorno do centro (social e cultural), o PEC fixará os seus obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, sendo elaborado polo equipo directivo, cos criterios, aprobación e avaliación do Consello Escolar e coas propostas do Claustro de profesores.

O PEC recolle valores, obxectivos e prioridades de actuación e incorpora a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, coa finalidade de que o alumnado adquiera e desenvolva as competencias básicas establecidas. Tamén recollen o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas, respectando o principio de non discriminación e inclusión educativa como fundamentais, recollendo a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial.

As concrecións curriculares para cada unha das etapas que se impartan no centro serán redactadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), quen supervisará a súa elaboración, seguindo o currículo oficial e os criterios establecidos polo Claustro. Estas concrecións incluírán unhas directrices xerais de decisión, ademais do Plan de Orientación Académica-Profesional, o Plan de Acción Titorial e as Programacións Didácticas.

Estas medidas de coeducación son tidas en conta de forma xeral na elaboración e redacción tanto dos obxectivos como dos contidos e mesmo das competencias básicas, e, como non, nas metodoloxías a empregar no desenvolvemento das actividades propostas, aínda que non de forma diferenciada, xa que cada centro os adecúa ás súas características.

❑ **Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia**

O Consello Escolar de Galicia está regulado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro (DOG do 26) que establece no seu artigo 4º os/as integrantes do mesmo. Para poder introducir un novo compoñente que representase ao órgano da Administración autonómica que ostente a competencia en materia de igualdade, sería preciso modificar o referido artigo 4º da Lei 3/1986.

Dado que neste momento estase a preparar a tramitación da Lei de Convivencia e Participación poderá modificarse o citado artigo para introducir ese novo integrante.

❑ Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de educación velan polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos neste capítulo no sistema educativo, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

03.3 Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico.
Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.
Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección.
Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e emprego.
Capítulo V: Medidas de carácter económico.


Neste apartado compréndense as medidas enfocadas a regular as actuacións tanto dos poderes públicos como do persoal profesional co fin de garantir unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral á mulleres vítimas de violencia de xénero. Medidas de protección tales como dispositivos de alarma (teleasistencia), programas de reeducación, etc. Así mesmo, faise referencia ás distintas prestacións e axudas económicas para as mulleres en situación de violencia, como a prestación periódica establecida pola Xunta de Galicia, dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica.

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Artigo 24. Dereito á atención sanitaria.
Artigo 25. Atención psicolóxica.
Artigo 26. Protocolo de actuación.
Artigo 27. Rexistro de casos.

❑ Dereito a atención sanitaria

Os plans de saúde da Xunta de Galicia, e nomeadamente o **Plan de atención integral á saúde das mulleres**, prevén na súa redacción inicial ou nas súas revisións periódicas, medidas específicas para a prevención, detección, atención e intervención nos casos de violencia de xénero. Así mesmo, nos devanditos plans impleméntanse disposicións específicas que contribúen a avaliar o impacto e os efectos da violencia de xénero sobre a saúde das mulleres.



Nos centros de saúde e servizos de urxencias hospitalarias, **realizáronse 19 cursos de 4 horas** para a implantación da guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, cun índice de participación de 361 persoas.

- Editouse un folleto explicativo da guía técnica.
- Fíxose un fluxograma plastificado para axuda á toma de decisións nos distintos casos de sospeita de violencia cara á muller na consulta, para cada profesional sanitario, de tamaño

peto e que se inclúe no interior da devandita guía.

- Así mesmo, estableceranse en todas as medidas anteriores actuacións e protocolos sanitarios específicos para a detección, a intervención e o apoio de situacións de violencia contra as mulleres con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade.
- Xunto coa Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI), editouse a Guía de atención sanitaria ás mulleres con discapacidade.

□ **Atención psicolóxica**

Toda a asistencia sanitaria do **Servizo Galego de Saúde** é gratuíta e recoñécese ademais na lei o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta para as e os menores e para outras persoas dependentes que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, que comprenderá medidas de apoio psicosocial específicas e adaptadas ás súas características e necesidades.

Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores, así como outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

Este programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía**, polo que se conta cunha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada. O orzamento destinado no ano 2010 a este programa foi de 120.000 euros.

No ano 2010 beneficiáronse deste programa **509 persoas** e participaron na intervención **57 profesionais da psicoloxía**.

A Coruña	Mulleres	242
	Menores	72
	Persoas dependentes	4

Lugo	Mulleres	35
	Menores	9
	Persoas dependentes	0

Ourense	Mulleres	18
	Menores	9
	Persoas dependentes	0

Pontevedra	Mulleres	81
	Menores	39
	Persoas dependentes	0

TOTAL		
Mulleres	Menores	Persoas Dependentes
376	129	4
TOTAL: 509		

PARTICIPACIÓN PSICÓLOGAS/OS DO PROGRAMA			
A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
24	5	5	23
TOTAL: 57			

Programa Abramos o Círculo

O programa Abramos o Círculo é un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia**. O orzamento destinado no ano 2010 a este programa foi de 34.600 euros.

No ano 2010 beneficiáronse deste programa un total de **64 homes** e participaron na intervención **21 profesionais da psicoloxía**. Trátase da cifra máis elevada nos últimos catro anos de desenvolvemento do programa.

BENEFICIARIOS			
A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
26	2	6	30
TOTAL: 64			

PARTICIPACIÓN PSICÓLOGAS/OS DO PROGRAMA			
A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
7	1	4	9
TOTAL: 21			

Desenvolvemento dun Proxecto piloto de intervención con menores, fillos e fillas de vítimas da violencia de xénero, nos centros de acollida de Galicia, a través da atención á diversidade cultural e a integración desas/es menores

O proxecto de atención á diversidade cultural e integración dos e das menores que se atopan en centros de acollemento enmarcouse dentro do Protocolo Marco de Atención Especializada a menores expostos e expostas á violencia de xénero, asinado co extinto Ministerio de Igualdade.

Cando falamos de malos tratos e centros de acollida, temos que ter en conta que nos atopamos cun número elevado de mulleres estranxeiras que sofren unha dobre problemática: seren vítimas de violencia de xénero e seren estranxeiras. Ademais, moitas destas mulleres están en situación irregular, descoñecen o funcionamento dos servizos e os seus dereitos, e mesmo nalgúns casos, teñen dificultades co idioma, co que a situación de malos tratos é aínda máis complicada.

Tendo en conta este último aspecto e observando a importante incidencia de mulleres inmigrantes nesta situación de acollida, e ademais con nenos e nenas ao seu cargo, considerouse necesario levar a cabo un proxecto de atención á diversidade cultural e a integración dos e das menores fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero.

En concreto, tratouse dun programa no que se levou a cabo a intervención integral e especializada con nenos e nenas vítimas directas e/ou indirectas da violencia de xénero e desenvolveuse entre os meses de setembro e decembro de 2010. Foi posto en marcha dende a **Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia** e estivo dirixido a centros de acollemento nos que estaban vivindo temporalmente menores e a súas nais vítimas dos malos tratos.

Os obxectivos perseguidos polo proxecto foron:

- Promover a diversidade cultural entre as persoas residentes nos centros de acollida, especialmente entre os nenos e nenas.
- Integrar os e as menores estranxeiros/as que se atopan nestes centros.
- Potenciar a igualdade, a colaboración e o respecto.
- Mellorar a calidade de vida dos e das residentes.
- Adquirir hábitos e costumes que permitan mellorar a convivencia na casa.
- Mellorar as relacións materno-filiais.
- Implicar ás nais no tempo libre dos seus fillos e fillas.
- Promover o uso do xogo.

O programa desenvolveuse nos centros de acollida a mulleres vítimas de violencia de xénero de A Coruña, Vigo (Centro de Emerxencia) e na vivenda tutelada para mulleres maltratadas de Culleredo.

A CORUÑA	
Idade	Nº participantes
< 1 ano	1
< 2 anos	0
Entre 3 - 4 anos	4
Entre 5 - 11 anos	5
Entre 12 - 18 anos	2
TOTAL	12

CULLEREDO	
Idade	Nº participantes
< 1 ano	0
< 2 anos	0
Entre 3 - 4 anos	1
Entre 5 - 11 anos	1
Entre 12 - 18 anos	0
TOTAL	2

VIGO	
Idade	Nº participantes
< 1 ano	1
< 2 anos	2
Entre 3 - 4 anos	2
Entre 5 - 11 anos	4
Entre 12 - 18 anos	3
TOTAL	12

❑ Protocolo de actuación

Protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade, para a asistencia psiquiátrica ás usuarias do Centro de Emerxencias de Vigo para mulleres vítimas de violencia de xénero no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

No mes de decembro de 2010, o Servizo Galego de Saúde, a Secretaría xeral da Igualdade e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Traballo asinaron un protocolo de colaboración para a asistencia psiquiátrica ás usuarias do Centro de Emerxencia de Vigo para mulleres vítimas de violencia de xénero no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

O obxectivo desta colaboración entre o SERGAS, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral de Igualdade é consensuar os procedementos necesarios para a avaliación psiquiátrica das usuarias do Centro de Emerxencias para mulleres vítimas de violencia de xénero que a poidan necesitar, e que esta se faga do xeito máis rápido posible, para minimizar o risco e favorecer a recuperación integral das mulleres.

Así, o protocolo vai permitir que as mulleres que cheguen ao Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo, que é un centro de acollemento, protección e seguridade para mulleres en situación de perigo ou grave risco da súa integridade física e/ou psíquica e das persoas dependentes delas, teñan a posibilidade de dispor dunha avaliación psiquiátrica, no caso de que trala valoración psicosocial que se lles fai ao ingreso, a poidan precisar, ben por necesidades específicas neste sentido ou ben para determinar a procedencia ou non de ingreso no centro, en función das súas características.

Medidas para a detección precoz na atención primaria

No artigo 26.2 da lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispónse: *“deseñaranse medidas para a detección precoz da violencia de xénero entre as mulleres a as súas fillas e fillos menores de idade e establecerase un cuestionario para a detección precoz da violencia de xénero na atención primaria e un parte de lesións único e universal para todos os centros sanitarios de Galicia, que será de obrigado cumprimento para todas e todos os profesionais”*.

Nesta liña compre sinalar que:

- A detección precoz da violencia de xénero realízase a través do formulario que recolle a anamnese das mulleres no caso de sospeita de malos tratos (anexo 3 da Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero).
- A situación e o tipo de violencia de xénero quedan reflectidas no formulario do anexo 4 da Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.
- Para valorar a situación de risco na que se atopa a muller utilízase o formulario do anexo 5 da Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, que se pode consultar no seguinte enlace:

http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T02.aspx?IdPaxina=50019&uri=http://www.sergas.es/gal/muller/docs/G13Violencia.pdf&hifr=1250&seccion=0

- Respecto ao parte de lesións, utilízase un parte único para todos os centros. Consta de catro copiativos e vai acompañado dun folleto explicativo para a súa correcta cumprimentación e destino de cada unha das copias (anexo 7). Este parte de lesións pode ser cuberto desde o sistema informático de historias clínicas, lanus.

Rexistro de casos

Dende o **Servizo Galego de Saúde** realizouse a adaptación no sistema informático que permitirá dispor con axilidade de toda a información sanitaria vinculada coa problemática da violencia de xénero.

Capítulo II: medidas no ámbito xudicial

Artigo 28. Atención xurídica.
 Artigo 29. Asistencia letrada.
 Artigo 30. Exercicio da acción popular.
 Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.
 Artigo 32. Intervención da administración.

□ Atención xurídica e asistencia letrada

No que se refire á atención xurídica e letrada ás mulleres vítimas de violencia de xénero, os artigos 28 e 29 da Lei galega 11/2007 de xullo prevén que os servizos de orientación xurídica dos colexios profesionais da avogacía de Galicia garantan a atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero a través de profesionais coa formación específica en materia de violencia contra as mulleres (art. 28.2), así como a dispoñibilidade, na totalidade dos colexios profesionais da avogacía de Galicia, dunha quenda de oficio en materia de violencia de xénero (art. 29.3).

Consonte a todo isto, o **regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia** expresamente estableceu a constitución dunha quenda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados/as especializados para a prestación do servizo de asistencia letrada ás mulleres vítimas de delitos de violencia de xénero (art. 29.2 do Decreto 269/2008), así como o requisito complementario de formación para os avogados e as avogadas especializados/as que realicen a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero (art. 30.2).

O total de actuacións certificadas polos colexios de Avogados nos tres primeiros trimestres do ano 2010 en aplicación do módulo establecido (defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica) elevouse a un total de **819 asuntos** cun custo total para a comunidade Autónoma de **84.135,87 euros**, segundo a seguinte táboa:

Colexios avogados	1º trimestre / 2010		2º trimestre / 2010		3º trimestre / 2010		4º trimestre / 2010		TOTAL	
	nº asuntos	importe	nº asuntos	importe	nº asuntos	importe	nº asuntos	importe	nº asuntos	importe
A Coruña	128	13.149,44€	87	8.937,51€	118	12.122,14€	75	7.704,75€	408	41.913,84€
Lugo	55	5.650,15€	55	5.650,15€	33	3.390,09€	39	4.006,47€	182	18.696,86€
Ourense	46	4.725,58€	16	1.643,68€	14	1.438,22€	49	5.033,77€	125	12.841,25€
Pontevedra	43	4.417,39€	38	3.903,74€	47	4.828,31€	40	4.109,20€	168	17.258,64€
Ferrol	49	5.033,77€	41	4.211,93€	20	2.054,60€	50	5.136,50€	160	16.436,80€
Santiago	14	1.438,22€	10	1.027,30€	5	513,65€	9	924,57€	38	5.033,77€
Vigo	0	0,00€	0	0,00€	0	0,00€	0	0,00€	187	19.210,51€
TOTAL	335	34.414,55€	247	25.374,31€	237	24.347,01€	262	26.915,26€	1.268	130.261,64€

□ Intervención da Administración

Durante o ano 2010, dende a **Subdirección Xeral de Familia e Menores**, abríronse 57 expedientes cuxo motivo de intervención foi a violencia de xénero (21 na Coruña e 36 en Pontevedra). Deles, 3 deron lugar á apreciación da situación de desamparo dos menores (1 na Coruña e 2 en Pontevedra) e noutros 36 resolvéronse outras medidas de apoio (2 en A Coruña e 34 en Pontevedra). Nin en Lugo nin en Ourense se abriu ningún expediente por este motivo.

EXPEDIENTES DE INTERVENCIÓN A MENORES POR VIOLENCIA DE XÉNERO			
Provincia	Nº expedientes abertos	Apreciación de situación de desamparo	Apreciación doutras medidas de apoio
TOTAL	57	3	36
A Coruña	21	1	2
Pontevedra	36	2	34

Por outra banda, o **Servizo de Atención a Menores en Situación de Conflito Social** é o órgano encargado da execución das medidas xudiciais impostas a menores en aplicación da L.O. 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal de menores.

En relación coa prevención, hai que dicir que os e as menores en internamento nos centros de reeducación, en réxime semiaberto ou aberto, están escolarizados/as dunha maneira normalizada, e, polo tanto, participan en todas as actividades que, en relación coa violencia de xénero, se organizan dende a comunidade escolar. Ademais, os devanditos centros son mixtos e neles ponse en práctica a coeducación e a educación para a prevención da violencia de xénero como parte integrante da súa formación habitual.

No Centro de Atención Específica Montefiz, centro encargado da execución das medidas de internamento terapéutico, como consecuencia do internamento dalgún menor que cometeu o delito de agresión sexual (artigo 178 do Código Penal), se implementou o Programa Específico de Control da Agresión Sexual.

Capítulo III: outras medidas de apoio e protección

Artigo 33. Deseño e implantación de dispositivos de alarma.

Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

□ Deseño e implantación de dispositivos de alarma

En xullo de 2009, os Ministerios de Igualdade e de Interior puxeron a disposición da xudicatura un sistema de dispositivos de alarma que permite o control das medidas de alonxamento en materia de violencia de xénero, as chamadas “pulseiras”.

Este procedemento regúlase a través da *Resolución de 17 de xullo de 2009, da Secretaría de Estado de Seguridad, pola que se acorda a publicación do “Protocolo de actuación para a implantación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas de afastamento en materia de Violencia de Xénero” e ordéase a elaboración das normas técnicas de Desenvolvemento dos mesmos polos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.*

O referido protocolo, aprobado polo **Comité Técnico da Comisión Nacional de Coordinación da Policía Xudicial**, na reunión do 6 de xullo de 2009, ten como finalidade garantir e homoxeneizar a plena operatividade do sistema, establecendo pautas xerais de actuación e comunicación das persoas que interveñen nestas actuacións, así como o coñecemento por estas do seu funcionamento e virtualidade, que facilite a adecuada intervención en cada posto concreto.

O sistema permite verificar o cumprimento das medidas cautelares de afastamento da vítima impostas nos procedementos que se seguen por violencia de xénero en que se estime oportuno, acorde coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial e de conformidade co disposto no Protocolo. Na mesma maneira, o sistema proporciona información actualizada e permanente das incidencias que afecten ao cumprimento das medidas impostas, así como das posibles incidencias, tanto accidentais como provocadas, no funcionamento dos elementos de vixilancia empregados.

Os avisos que xera o sistema son de dous tipos: alarma e alerta, graduados de maior a menor risco.


Existen dous tipos de compoñentes do sistema: dispositivo para o inculpado e dispositivo para a vítima.

No conxunto de España contabilizáronse, a 31 de decembro do 2010, un total de **710 instalacións de medios telemáticos** no marco das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero, dos cales **desinstaláronse 182** destes dispositivos, polo que, a 31 de decembro **seguían activos 528** medios telemáticos. Madrid convértese na primeira comunidade autónoma con 307 casos de instalación de dispositivos, seguido de Andalucía con 118 casos, a Comunidade Valenciana con 63, Castela e León con 29, Cataluña con 27. **Galicia convértese na sexta Comunidade Autónoma con 23 dispositivos instalados e dos cales se desinstalaron 7,m polo que permanecían activos a 31 de decembro 16 medios telemáticos.**

Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Datos a 31 de decembro de 2010. Comunidade Autónoma de Galicia.


	Instalacións a 31 de decembro de 2010	Desinstalacións a 31 de decembro de 2010	Activos a 31 de decembro de 2010
A Coruña	10	4	6
Lugo	6	1	5
Ourense	0	0	0
Pontevedra	7	2	5
Total	23	7	16

Fonte: Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer



Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Datos a 31 de decembro de 2010. Comunidades autónomas / provincias.

COMUNIDADE AUTÓNOMA / PROVINCIA	Instalac.	Desinstal.	Activo
TOTAL	710	182	528
ANDALUCÍA	118	32	86
Almería	7	2	5
Cádiz	12	3	9
Córdoba	9	5	4
Granada	20	4	16
Huelva	5	1	4
Jaén	25	5	20
Málaga	25	9	16
Sevilla	15	3	12
ARAGÓN	11	3	8
Huesca	1	1	0
Teruel	6	2	4
Zaragoza	4	0	4
ASTURIAS	15	5	10
BALEARES	16	1	15
CANARIAS	17	3	14
Las Palmas	7	0	7
S.C. Tenerife	10	3	7
CANTABRIA	18	7	11
CASTILLA LA MANCHA	25	4	21
Albacete	3	0	3
Ciudad Real	8	1	7
Cuenca	2	0	2
Guadalajara	2	0	2
Toledo	10	3	7
CASTILLA Y LEÓN	29	11	18
Ávila	1	0	1
Burgos	1	0	1
León	2	1	1
Palencia	4	0	4
Salamanca	0	0	0
Segovia	5	4	1
Soria	7	2	5
Valladolid	8	4	4
Zamora	1	0	1
CATALUÑA	27	8	19
Barcelona	16	5	11
Girona	1	0	1
Lleida	2	0	2
Tarragona	8	3	5
COM. VALENCIANA	63	12	51
Alicante	16	3	13
Castellón	3	1	2
Valencia	44	8	36
EXTREMADURA	8	2	6
Badajoz	5	2	3
Cáceres	3	0	3
GALICIA	23	7	16
A Coruña	10	4	6
Lugo	6	1	5
Ourense	0	0	0
Pontevedra	7	2	5
MADRID	307	74	233
MURCIA	6	0	6
NAVARRA	1	0	1
PAIS VASCO	21	11	10
Álava	0	0	0
Guipuzcoa	4	4	0
Vizcaya	17	7	10
LA RIOJA	5	2	3
CEUTA	0	0	0
MELILLA	0	0	0



Fonte: Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer

Teleasistencia

Dende o 1 de xaneiro de 2010, o Ministerio de Igualdad, a través da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, é o encargado do servizo nomeado anteriormente Teleasistencia e que pasou a nomearse “Servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas da Violencia de Xénero” (ATENPRO).

O servizo ATEMPRO para vítimas de violencia de xénero é unha modalidade baseada en tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización telefónica que ofrece ás vítimas da violencia de xénero que contén cunha orden de protección ou medida de afastamento, unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que poidan acontecerlles as 24 horas do día, os 365 días do ano e independentemente do lugar onde se atopen.


Segundo o último informe mensual publicado pola *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*, o remate de outubro de 2010, contabilizáronse un total de 32.558 mulleres que foron usuarias dende a súa posta en funcionamento en 2005; delas, 23.457 xa causaran baixa antes dese mes e 9.101 permanecían en alta como usuarias do servizo.

Ao longo do mes de outubro de 2010 producíronse 378 novas altas e 549 baixas, reducíndose a cifra de usuarias en 171 en comparación a cifra de usuarias en alta a finais de setembro de 2010.

En 2010 produciuse un descenso de 4.595 usuarias en alta respecto á cifra de peche do ano 2009, polo que representa un decrecemento do 50,5%. Gran parte desta diferenza débese a racionalización do mesmo por darse de baixa os dispositivos que non se empregaron durante meses e aqueles outros que sufrían deficiencias.

Evolución das cifras de usuarias do servizo telefónico e protección móbil para vítimas de violencia de xénero: decembro 2005- outubro 2010

Ano	Nº altas
2005	2374
2006	5661
2007	8787
2008	12274
2009	13696
2010	9101




Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género.

A cifra mais elevada de usuarias do servizo ATENPRO en alta ao remate de outubro de 2010, correspondía á Comunidade Valenciana (1.773), seguida de Cataluña (1.575), Andalucía (1.518) e Madrid (1.472). Só estas catro comunidades autónomas agrupaban ao 69,6% das usuarias en alta a finais do mes de outubro de 2010. Galicia, cun rexistro de 360 altas (4%) posicionábase nun octavo lugar.

Usuaris en alta no servizo telefónico de atención e protección móbil para vítimas de violencia de xénero segundo CC.AA. ao remate de outubro 2010.

Andalucía	1518
Aragón	51
Asturias	402
Baleares	169
Canarias	532
Cantabria	181
Castilla - la Mancha	381
Castilla y León	247
Cataluña	1575
Com. Valenciana	1773
Extremadura	163
Galicia	360
Madrid	1472
Murcia	150
Navarra	10
País Vasco	83
La Rioja	1
Cautá	5
TOTAL	9.101



❑ **Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero**

En relación coa previsión do artigo 34 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, prevese que a través dos departamentos competentes en materia de igualdade e de xustiza da Xunta de Galicia se facilite a aqueles agresores que o soliciten a incorporación a programas específicos de reeducación.

Nesta liña, o 18 decembro de 2009 asinouse un **Convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, para a realización de programas de reeducación de maltratadores, e cuxa execución estendeuse ao ano 2010. O gasto imputado foi de **134.409,54 euros**.

Para a execución deste convenio, a Xunta de Galicia subscribiu, con data 16 de marzo de 2010, un **convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC)**.

Cómpre indicar que o número total de casos intervidos no ano 2010, ascendeu a 107 penados, o que o sitúa en cifras similares ao número de casos do ano 2009 (110).

	Número total de casos intervidos				
	2006	2007	2008	2009	2010
Total	90	271	310	110	107

Capítulo IV: medidas no ámbito da formación e do emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas.

Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.

❑ Medidas específicas no ámbito da formación, do emprego e da prevención de riscos no posto de traballo

A Xunta de Galicia a través do seu órgano competente en materia de traballo, levou a cabo as seguintes accións:

- Resolución do 14 de outubro de 2010 (DOG nº 210, do 2 de novembro de 2010) pola que se crea a comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, prevista no artigo 8.2º, do Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).
- Creación da Comisión para a integración da igualdade mediante Resolución do 14 de outubro de 2010 (DOG nº 210, do 2 de novembro de 2010), na que tamén se **nomean os seus membros**. Trátase dunha comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.
- Tramitación da Orde de 9 de xullo de 2010 pola que se aproba a **convocatoria de subvención para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas** mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico (DOG do 15 de xullo de 2010). Esta convocatoria supuxo un orzamento inicial de 29.000.000,00 €. **Establécese como colectivo prioritario Ás mulleres que sufran violencia de xénero.**
- Tramitación da Orde de 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a **programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia** correspondentes ao exercicio de 2011 (DOG do 7 de xaneiro de 2011). Esta convocatoria supón un orzamento inicial de


53.561.504,00 €. Establécese como colectivo prioritario ás mulleres que sufran violencia de xénero.

- En virtude do establecido na Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89, de 10 de maio) pola que se regula o **programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia**, en todas as medidas de emprego xestionadas, estas mulleres están contempladas como colectivo preferente. Así mesmo, teñen acceso preferente aos programas de mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional; aos programas mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego e aos programas de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración. Ao longo do ano 2010, foron contratadas ao abeiro dos Programas de Cooperación, un total de **137 mulleres vítimas de violencia**.

Informes emitidos polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección en 2010 para os efectos da incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero ao Programa de inserción laboral.

PROVINCIA	Nº INFORMES EMITIDOS
TOTAL	261
A Coruña	86
Lugo	38
Ourense	35
Pontevedra	102

Nº INFORMES EMITIDOS



- Por parte da Unidade Administrativa de Igualdade, da **Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar**, levouse a cabo:
 - A análise, coordinadamente co persoal da Dirección Xeral de Relacións Laborais e dos Departamentos Territoriais, relativa á revisión dos convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero coa finalidade de, no caso de detectar unha cláusula discriminatoria, informar ao Consello Galego de Relacións Laborais, quen se pronunciará sobre a conveniencia da intervención da autoridade laboral.
 - A prestación do apoio técnico en materia de xénero aos departamentos desta consellería na área de traballo.

- A tramitación, resolución e pagamento da Orde de 21 de maio de 2010 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2010, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación de tempo da cidade, e/ou outras medidas municipais de conciliación. Esta convocatoria supuxo un orzamento inicial de 381.361,00 €.

Contías concedidas para bancos de tempo, plans de programación do tempo na cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación:

Concello	Contía total concedida
A Baña	3.375,00
A Coruña	20.350,00
A Estrada	2.505,80
Ares	956,97
Avión	3.915,00
Barbadás	2.250,00
Brión	27.690,15
Cabanas	2.300,00
Cambre	30.000,00
Castrelo de Miño	3.500,00
Culleredo	6.925,00
Ferrol	6.325,00
Irixoa	5.916,00
Marín	4.835,00
Mazaricos	4.374,00
Melide	3.750,00
Monforte de Lemos	3.100,00
Muros	1.000,00
Nigrán	1.575,00
Ortigueira	7.500,00
Ourense	6.000,00
Palas de Rei	2.900,00
Piñor	5.825,00
Pontedeume	5.250,00
Ribeira	1.888,85
Rois	15.000,00
Salceda de Caselas	2.559,23
Santa Comba	11.252,65
Santiago de Compostela	30.000,00
Teo	2.000,00
Trazo	14.264,07
Valga	5.800,00
Vedra	6.344,00
Vimianzo	2.000,00
Vigo	31.800,00
Vilagarcía de Arousa	2.150,00

□ Plans de igualdade nas empresas

A Consellería de Traballo e Benestar levou a cabo a tramitación, resolución e pagamento da Orde de 9 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Estas axudas van dirixidas ao fomento da implantación de plans de igualdade, á eliminación da infrarepresentación feminina e á garantía e mellora do dereito á conciliación da vida familiar e laboral en pequenas e medianas empresas. No seu artigo 19.4 establécense, entre outros criterios de avaliación, e pódense con ata 10 puntos a incorporación nos plans de igualdade de medidas de apoio á inserción, permanencia e promoción laboral das mulleres en xeral e das que sofren violencia de xénero en particular, ou a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, en cumprimento do establecido no artigo 36.2º da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Esta convocatoria tivo un orzamento inicial de 754.477,00 €.

Capítulo V: medidas de carácter económico

Artigo 38. Valoración de rendas.
Artigo 39. Prestacións periódicas.
Artigo 40. Outras prestacións.
Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.
Artigo 42. Axudas escolares.
Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións.
Artigo 44. Dereito de acceso á vivenda.
Artigo 45. Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.
Artigo 46. Equipamentos sociais especializados.

□ Valoración de rendas

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibir a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta lei, quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.

❑ Prestacións periódicas

Axudas de pagamento periódico

O Diario Oficial de Galicia fai pública a resolución do 26 de marzo de 2010, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión de axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, baixo o réxime de non concorrencia e tendo en conta, en todo caso, os principios recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, condicións que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Son requisitos para percibir esta axuda:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

A contía que poderá acadar esta axuda establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda e efectos múltiples (IPREM) para o ano 2009 e calcúlase de acordo coas seguintes especificacións:


Ingresos	Contía axuda por mes
Renda $\leq$ IPREM /// ou discapacidade $\geq 33\%$	600€
IPREM $<$ Renda $\leq$ (IPREM)2	400€
(IPREM)2 $\leq$ Renda $\leq$ (IPREM) 3	200€
As contías incrementaranse en cincuenta (50) euros ao mes por cada filla/o menor de idade a cargo.	
A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas. Máximo 12 mensualidades	

Nº de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.				
PROVINCIA	2007	2008	2009	2010
A Coruña	127	113	77	151
Lugo	36	31	42	45
Ourense	37	31	31	57
Pontevedra	120	84	67	116
Total	320	259	217	369

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2010 son os seguintes: 369 mulleres percibiron a axuda, sendo maioritariamente españolas. A Coruña é a provincia na que máis axudas se percibiron, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo. Finalmente o perfil maioritario é o dunha muller española, sen fillos ou fillas, e cunha idade entre os 36 e os 40 anos.


▪ N° DE BENEFICIARIAS DAS AXUDAS POR PROVINCIAS

Provincia	Beneficiarias
A CORUÑA	151
LUGO	45
OURENSE	57
PONTEVEDRA	116
TOTAL	369




▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE

Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	308	83,3
Brasileira	10	2,6
Marroquí	6	1,8
Portuguesa	11	3,1
Colombiana	6	1,8
Venezolana	2	0,4
Arxentina	5	1,3
Cubana	2	0,4
Peruana	5	1,3
Dominicana	5	1,3
Uruguiaia	6	1,8
Eslovaca	2	0,4
Lituana	2	0,4
Total	369	100




Nacionalidade	Nº benef.	%
Españolas	308	83
Estranxeiras	62	17
Total	370	100%




▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NÚMERO DE FILLOS/AS

Nº fillos/as	Nº benef.	%
Ningún	139	37,7
1	121	32,9
2	71	19,3
3	23	6,1
4	13	3,5
5	2	0,4
Total	369	100



■ Nº DE BENEFICIARIAS SEGUNDO IDADE

Idade	Nº benef.	%
< ou igual a 20	8	2%
21-25	34	9%
26-35	112	30%
36-45	123	34%
46-55	57	15%
56-65	21	6%
> de 66	15	4%
Total	370	100%



□ Outras prestacións

Axudas de pagamento único

O Diario Oficial de Galicia do 24 de maio de 2010 publica a resolución do 18 de maio de 2010, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexen a concesión das axudas previstas nos devanditos textos legais. A finalidade das axudas establecidas na antedita lei orgánica é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

Mediante esta resolución convócanse dúas liñas de axuda. Unha delas é a axuda económica de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero, que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

Beneficiarias:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.

Requisitos:

- Ser vítima de violencia de xénero.
- Estar empadroada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

A axuda consiste na contía económica seguinte:


Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
Con carácter xeral	6 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima	12 meses
Discapacidade da vítima $\geq 33\%$ (sen responsabilidades familiares)	12 meses
2 ou máis familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente $\geq 33\%$	18 meses
2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade $\geq 33\%$ da vítima ou da persoa dependente	24 meses
Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade $\geq 65\%$	24 meses

Nº de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero				
PROVINCIA	2007	2008	2009	2010
A Coruña	24	7	1	18
Lugo	2	2	3	3
Ourense	8	1	1	2
Pontevedra	10	14	5	5
Total	52	24	10	28

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2010 son os seguintes:


▪ **Nº DE BENEFICIARIAS POR PROVINCIA**

Provincia	Beneficiarias
A CORUÑA	18
LUGO	3
OURENSE	2
PONTEVEDRA	5
TOTAL	28




▪ **Nº DE BENEFICIARIAS SEGUNDO IDADE**

Idade	Nº benef.	%
21-25	2	7,1
26-30	3	10,7
31-35	6	21,4
36-40	6	21,4
41-45	4	14,3
46-50	5	17,9
51-65	1	3,6
66->80	1	3,6
Total	28	100,0




■ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NÚMERO DE FILLOS E FILLAS

Nº fillos/as	Nº benef	%
Ningún	6	21,4
1	7	25,0
2	9	32,1
3	4	14,3
4	2	7,1
Total	28	100,0




■ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE

Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	24	85,7
Brasileira	3	10,7
Italiana	1	3,6
Total	28	100,0



Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	24	85,7
Estranxeira	4	14,3
Total	28	100,0



❑ Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia

En primeiro lugar, debe destacarse que as modificacións introducidas na lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, teñen un impacto limitado sobre o colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero na medida que existen outros recursos especificamente dirixidos a estas persoas.

Concretamente a existencia dunha prestación específica de maior contía que a RISGA, como é a prestación periódica para mulleres vítimas de violencia, que ten como finalidade proporcionar apoio económico específico nestes casos, fai que, con carácter xeral, aquelas mulleres que viñan cobrando a RISGA, se dean de baixa para pasar a cobrar a devandita prestación. Isto explicaría, entre outros factores, a diminución progresiva do número de persoas beneficiarias que vén experimentando a Renda de Integración Social de Galicia, e que se aproxima en número ao de perceptoras do salario da liberdade.

Non obstante o anterior, hai que avaliar positivamente o cambio introducido no relativo a que non se considere ao agresor como integrante da unidade económica de convivencia e que as súas rendas individuais non computen como recursos económicos daquela. Con esta medida, favorécese de maneira clara a posibilidade de beneficiarse da RISGA por parte das vítimas. Isto beneficia de maneira especial ás mulleres que xa se encontran percibindo a RISGA, que vén mellorada a cantidade percibida, cando menos en tanto non pasen a engrosar a nómina de perceptoras da prestación periódica concedida desde o departamento de Igualdade.

- Para a implantación do novo procedemento de concesión da RISGA resulta esencial o labor desenvolvida polos servizos sociais comunitarios básicos e específicos, en concreto, polo/a profesional de referencia que se asigna ao/á perceptor/a da prestación, coa finalidade de dar coherencia ao itinerario de inclusión establecido na Lei.
- En relación coa RISGA, en 2010 realizáronse, aproximadamente, **3.500 valoracións profesionais** en relación a diversa problemática relacionada co maltrato: no ámbito familiar, de menores, no entorno social e tamén da violencia de xénero, o que deu lugar á actuacións concretas en cada unha das áreas e ás derivacións correspondentes cara os recursos especilaizados.
- Ao mesmo tempo, as actuacións desenvolvidas polos servizos sociais comunitarios específicos no ámbito da inclusión social, como son as do II Plan Galego de Inclusión Social, priorizan á atención á mulleres en situación ou risco de exclusión social de forma xeral, e de forma específica á mulleres con fillos/as a cargo.

Desde a implantación do plan de inclusión social realizáronse actuacións con **13.718** persoas, das cales **7.664 eran mulleres (o 55.8% do total)**. En concreto realizáronse **251 itinerarios persoalizados de inserción socio-laboral** a mulleres cuxa problemática principal era a violencia de xénero.

Con respecto á modificación introducida no punto 10 do artigo 24 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, (que impón un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata o aboamento efectivo de prestación) cómpre salientar o seguinte:

- En primeiro lugar hai que indicar, novamente, que as mulleres vítimas de violencia, tras recibir a oportuna información dos recursos dispoñibles por parte do sistema de atención primaria, decántanse, na súa maioría, pola prestación periódica para vítimas de violencia, que, en calquera caso, ten maior contía.
- En segundo lugar, e respecto ás escasas solicitantes de RISGA nesas circunstancias, valórase moi positivamente que a Lei 11/2007 estableza unha acción positiva en favor das mulleres que sofren violencia de xénero, priorizando a tramitación dos seus expedientes dunha maneira máis áxil e rápida.

❑ Axudas escolares

No ámbito de competencias da **Subdirección Xeral de Centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, e respecto á concesión de axudas escolares, na orde que se está a tramitar para a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2010 - 2011), pódese como factor cualificado a situación de violencia de xénero no contorno familiar das/dos menores.

❑ Fondo Galego de Garantía de indemnizacións

Mediante resolución do 18 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG nº 96 do 24 de maio de 2010) convócanse dúas liñas de axuda: as establecidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e as establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta segunda liña de axúdas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Beneficiarias:

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Requisitos:

- Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.
- A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

Nº mulleres beneficiarias no 2010				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
2	0	0	0	2

❑ **Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.**

A Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, que entrou en vigor o 20 de abril de 2009, contempla as situacións de violencia de xénero mediante diversas previsións no texto da mesma. Así, nos artigos 53 e 54, contémlase a adxudicación de vivendas a este colectivo mediante o procedemento de adxudicación directa, evitando o procedemento xeral do sorteo. A estes efectos, o artigo 53 da Lei establece:

“Regulamentariamente se determinarán as especificidades deste procedemento, de tramitación preferente e sumaria, que se garantirá en todo caso para as mulleres vítimas de violencia de xénero”.

O artigo 55 engade:

“En cada procedemento de adxudicación, a consellería competente en materia de vivenda poderá reservar vivendas para ser adxudicadas ás unidades familiares ou de convivencia que se atopen nalgunha das seguintes situacións (...):

e) Outras situacións consideradas de atención preferente pola administración competente en materia de vivenda, entre as que se inclúe a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero”.

Por outra banda o artigo 76 da Lei, encadrado no capítulo III do Título III (Fomento do acceso á vivenda en réxime de aluguer) declara que:

“As administracións públicas adoptarán medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer, cos obxectivos prioritarios de...favorecer o acceso á vivenda a sectores con dificultades, en particular ...aos colectivos sociais especialmente desfavorecidos ou en situación de exclusión social e ás mulleres vítimas de violencia de xénero”.

Por último a disposición transitoria cuarta, titulada “Acceso á vivenda das mulleres vítimas de violencia de xénero, contempla que:

“En tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario da presente lei e dos artigos 44, 45 e concordantes da Lei para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, manterán plena vixencia as normas de rango regulamentario que regulen as condicións de acceso das mulleres vítimas de violencia de xénero á vivenda, en calquera modalidade de programa ou réxime xestionado pola Xunta de Galicia, sen prexuízo da aplicación directa dos principios e normas contidos nestas leis, se supuxeren un trato máis favorable.

Segundo o anterior as subvencións e actuacións realizadas pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** a través da súa **Secretaría Xeral**, durante o ano 2010, son as que seguen:

▪ **Actuacións en materia de axudas públicas para adquisición de vivenda:**

Subvención de 2.000 € pola circunstancia de ser muller vítima da violencia de xénero (artigo 36.a/ do Decreto 402/2009 do 22 de outubro, polo que se regulan as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, Plan de Vivenda 2009-2012):

Segundo se desprende da base de datos, este organismo durante o ano 2010 concedeu **dúas** subvencións en materia de adquisición de vivenda nos que concorre a circunstancia de ser muller vítima de violencia de xénero, e por ese concepto percibiron cada unha delas unha contía de 2.000 €.

▪ **Actuacións en materia de adxudicación de vivendas de promoción pública durante o ano 2010:**

O IGVS entregou 9 vivendas de promoción pública na Comunidade Autónoma de Galicia a mulleres vítimas de violencia de xénero de acordo co seguinte cadro:

Provincia	Concello	N ^a . VPP
A Coruña	A Coruña	8
Lugo	X	0
Ourense	X	0
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	1
Total VPP		9

▪ **Actuacións no programa ALUGA (Decreto 84/2010):**

Dende o Instituto Galego da Vivenda e Solo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, púxose en marcha un novo programa para o fomento do aluguer na Comunidade Autónoma de Galicia, co dobre obxectivo de dinamizar o mercado do aluguer de vivendas de titularidade privada e facilitar o acceso á vivenda aos colectivos con menor nivel de ingresos, no que se establecen e reforzan as medidas de discriminación positiva dirixidas a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugueiro ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

O novo Programa Aluga respecta, recolle e ampara as situacións creadas ao abeiro do extinto Programa de vivenda en aluguer (Decreto 48/2006), de forma que no ano 2010 se sucederon ambos programas sen interrupción na execución das medidas de fomento do aluguer en Galicia e na concesión e percepción das axudas previstas, das que se beneficiaron un total de **384 mulleres vítimas de violencia de xénero**.

Para acceder ao Programa Aluga é necesario:

- Ter uns ingresos que non superen 3,5 veces o IPREM e estar inscritas na Sección 4^a do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.
- As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen a consideración de colectivo prioritario e poden acceder ao programa aínda que non acaden os ingresos mínimos esixidos con carácter xeral (0,7 veces o IPREM).

- Poden obter unha vivenda a través do procedemento ordinario de adxudicación de vivendas en réxime de arrendamento ou a través do procedemento preferente e sumario de adxudicación directa previsto para este colectivo.

No ano 2010 adxudicáronse un total de **87 vivendas á mulleres vítimas de violencia de xénero**, 12 a través do procedemento ordinario e 75 polo procedemento específico de adxudicación directa.

ANO 2010: Adxudicación de vivendas			
PROVINCIA	Procedemento ordinario	Adxudicación directa	Total
A Coruña	4	40	44
Lugo	2	3	5
Ourense	1	6	7
Pontevedra	5	26	31
Galicia	12	75	87

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen preferencia para participar nos procedementos ordinarios de selección de arrendatarios e adxudicación de vivendas aínda que os seus ingresos acaden 3,5 veces o IPREM, fronte á regra xeral establecida para os demais colectivos que limita esta preferencia a que os ingresos anuais non superen 2,5 veces o IPREM.

Para poder acceder a unha vivenda incorporada ao programa polo procedemento de adxudicación directa é necesario o seguinte:

- Presentar o modelo de solicitude de adxudicación directa.
- Acreditar a condición de vítima de violencia de xénero e a necesidade de vivenda.
- Ter uns ingresos que non superen 3,5 veces o IPREM.
- Estar ou solicitar a inscrición ou anotación na Sección 4ª do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda xunto coa solicitude de adxudicación directa, como excepción a regra xeral de inscrición ou anotación previa.
- Informe favorable da Secretaría Xeral de Igualdade.

Unha vez formalizado o contrato de arrendamento poden percibir a axuda ás persoas inquilinas para o financiamento parcial da renda, fixada con carácter xeral nunha porcentaxe que vai desde o 30% ao 70% do prezo da renda do aluguer segundo tramo de ingresos; esta porcentaxe elévase en 10 puntos porcentuais, situándose entre o 40% e o 80% cando se trata de vítimas de violencia de xénero, de acordo coa seguinte escala:

Axuda ás persoas inquilinas: contía subvención vítimas de violencia de xénero	
Tramo ingresos	Prezo da renda %
Ata 1 vez o IPREM	80%
De 1 ata 2 veces o IPREM	70%
De 2 a 2,5 veces o IPREM	60%
Máis de 2,5 a 3,5 veces o IPREM	40%

A axuda ás persoas inquilinas concédese por un período de doce meses e pódese percibir ata un máximo de 5 anualidades.

Durante o ano 2010 percibiron este tipo de axuda **384 vítimas** de violencia de xénero, **87 pola adxudicación dunha vivenda e formalización dun contrato de arrendamento** (contratos novos) e **297 pola prórroga do contrato** de arrendamento subscrito con anterioridade no marco do programa.

ANO 2010: Beneficiarias das axudas ás persoas inquilinas			
PROVINCIA	Contratos novos	Prórrogas contratos	Total
A Coruña	44	154	198
Lugo	5	27	32
Ourense	7	36	43
Pontevedra	31	80	111
Galicia	87	297	384

O importe total das axudas concedidas no ano 2010 a vítimas de violencia de xénero ascendeu a **1.303.012, 08 €**.

- o Informes emitidos dende a Secretaría Xeral da Igualdade para os efectos da concesión de vivenda en aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2010.

PROVINCIA	Nº informes emitidos
A Coruña	91
Lugo	8
Ourense	11
Pontevedra	69
TOTAL	179

□ Equipamentos sociais especializados.

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, elaborado pola Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar, inclúe dentro da área dedicada á igualdade de xénero e transversalidade, como obxectivo específico número tres, *“prever e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade”*.

As liñas de actuación recollidas neste sentido son as que seguen:

- Consolidar o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou procedentes de casas de acollida na formación profesional, na contratación e no emprendemento, considerando de maneira especial á quen ten algunha discapacidade.

- Instar á elaboración e publicación de estatísticas sobre violencia de xénero en Galicia, identificando e analizando os casos de violencia exercida contra mulleres que presentan algunha discapacidade.
- Considerar de maneira especial ás mulleres con discapacidade nas campañas de sensibilización sobre violencia de xénero (por exemplo, na campaña do 25 de novembro).
- Impartir formación específica aos colectivos profesionais que atenden a mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero (xustiza, sanidade, servizos sociais, forzas e corpos de seguridade, etc.).
- Adaptar os materiais e protocolos de actuación en materia de violencia de xénero para atender os casos de mulleres con discapacidade, adecuándoos ás diferentes tipoloxías de discapacidade.

Dentro do Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013 establécese, dentro do núcleo de acción 1, o obxectivo de *reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores*. Para conseguir este obxectivo adóptanse unha serie de medidas entre as que está a promoción do acceso das mulleres maiores vítimas de violencia de xénero a recursos destinados á atención a persoas maiores.

03.4 Título III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.

Faise referencia á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada, mediante a coordinación establecida desde a Rede galega de acollemento, incorporando todos os servizos e programas para a información, atención e recuperación das mulleres.

Artigo 47.-Criterios básicos.

Artigo 48.-Rede galega de acollemento.

Artigo 49.-Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 50.-Rede de información ás mulleres.

Artigo 51.-Servizo de Atención 24 horas.

Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Artigo 53.-Puntos de encontro familiar.

Artigo.54 Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.

Artigo 56.-Confidencialidade da información.

❑ Rede galega de acollemento

Os diferentes centros de acollida, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os

menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

Están atendidos por equipos multidisciplinares que dan cobertura integral de atención e/ou recuperación: atención psicolóxica, educativa, sociolaboral, xurídica así como o favorecemento da normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade persoal e a superación dos efectos da violencia de xénero.

As normas e requisitos específicos dos centros establécense regulamentariamente.

▪ Casas de acollida

Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida para mulleres maltratadas, cunha conexión entre elas, de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen, por atoparse na referida situación de indefensión, teñan un lugar de referencia onde acudir.


En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando, en distintas localidades, este servizo dirixido a mulleres que sofren malos tratos e ás súas fillas e aos seus fillos, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais. O orzamento destinado no ano 2010 á colaboración con estes concellos foi de 230.000 euros.

Ante as graves situacións derivadas da violencia contra as mulleres no ámbito familiar e a dificultade para moitas delas de reorganizar a súa vida nun prazo de tempo breve, articulouse así mesmo unha rede de pisos tutelados para acoller a aquelas mulleres que, despois de residir temporalmente nunha casa de acollida, necesitan, aínda sen correr riscos graves, un tempo máis prolongado para a súa inserción laboral e independencia económica. Permítelles contar con aloxamento compartido con outras mulleres en situacións similares durante o tempo necesario para establecer a súa propia vivenda independente e/ou canalizar o seu proxecto de vida, evitando precipitacións que impidan tomar as decisións máis axeitadas en cada caso.

CASAS DE ACOLLIDA		
Provincia	Nº centros	Titularidade
A Coruña	3	Municipal
Lugo	1	Municipal
Ourense	1	Municipal
Pontevedra	1	Municipal /autonómica


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

nº de centros de casas de acollida por provincia



Nº PERSOAS USUARIAS NO ANO 2010			
Localidade	Mulleres	Menores	% ocupación
A Coruña	58	24	91%
Lugo	11	6	21%
Ourense	21	13	77%
Culleredo	7	4	24%
Ferrol	25	22	78%
Total	122	69	

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ Centro de emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero

O Centro de emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero é un Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, xestionado de maneira integral polo **Consortio Galego de Igualdade e Benestar** (adscrito á Consellería de Traballo e Benestar), e coa colaboración da **Secretaría Xeral da Igualdade**. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirles un

acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

▪ **Atención continuada e estancia máxima:**

O Centro de Emerxencia garante unha atención continuada as usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos. A estancia máxima de permanencia do centro é de tres meses, e cumprido este prazo só se admitirá prórroga nos casos excepcionais, nos termos previstos na lexislación vixente.

Forman parte da equipa do CEMVI

- Directora-coordinadora.
- Avogada.
- Psicóloga.
- Traballadora social.
- Educadoras sociais.
- PSXs (persoal de servizos xerais).

▪ **Criterios de ingreso das usuarias e persoas delas dependentes:**


Admítese no centro de emerxencia ás mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e ás persoas delas dependentes que requiran un aloxamento inmediato e urxente ou carezan de recursos propios para afrontar a situación.

▪ **Condicións especiais de acceso**

1. As mulleres con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo só poden ingresar, logo da correspondente valoración, se están nun programa de deshabitación con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do seu médico/a ou terapeuta. En ningún caso se permite a estancia no centro se existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.
2. As mulleres con trastornos mentais graves deben acreditar a través de informe psiquiátrico, que conservan unha capacidade funcional axeitada para a súa integración no centro. Non se permite o ingreso no caso de trastornos mentais graves en fase aguda, sintomatoloxía activa ou descompensada.
3. No caso de mulleres que padezan unha enfermidade infecto-contaxiosa, poden ingresar sempre que acompañen informe médico no que se valoren os riscos que poidan existir para as outras persoas coas que convivan, así como a viabilidade das medidas e coidados que sexan necesarios poñer en práctica.
4. No caso de mulleres que exerzan a prostitución será necesario que manifesten o compromiso de abandonar o exercicio activo da mesma durante a estancia no centro.

CIFRAS DE OCUPACIÓN 2010	
Mulleres	48
Menores	42
TOTAL	90


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



CIFRAS DE OCUPACIÓN 2010 SEGUNDO PROCEDENCIA (inclúe mulleres e menores)					
Provincia Pontevedra		Provincia A Coruña	Provincia Lugo	Provincia Ourense	Resto España
Vigo	Resto				
21	48	19	0	1	1

Fonte:

Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.



▪ Usuaris segundo nacionalidade:


Españolas	26
Brasileiras	8
Rumanas	6
Marroquí	2
Portuguesa	1
Lituana	1
Cubana	1
Búlgara	1
Pakistaní	1
Paraguaia	1

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

▪ Mulleres e persoas dependentes

SITUACIÓN	Nº MULLERES
Soas	23
con 1 filla/o	13
Con 2 fillas/os	7
Con 3 fillas/os	5


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ Derivacións de ingresos

	Nº DERIVACIÓNS
C.I.M.	14
Policía Nacional	11
Servizos Sociais	10
Garda Civil	7
Rede das Mulleres	2
Policía Local	1
Iniciativa propia	1
Xulgado violencia	1
Outros	1


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Idades vítimas

IDADE	Nº VÍTIMAS
18-20	3
21-25	13
26-30	6
31-35	6
36-40	9
41-45	5
46-50	3
51-55	2
55-70	0
71-75	1


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Agresores

Valores X	AGRESORES
Maridos	40%
Parellas	53,33%
Ex-parellas	2,22%
Ex-maridos	0
Clubs alterne	4,44%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ **Días de estancia no CEMVI**

	DÍAS NO CEMVI
INGRESOS PROVISORIOS	15
11-30 Días	7
31-45 Días	10
46-60 Días	4
61- 75 Días	3
76-90 Días	4
> 90 Días	5

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ **Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata**

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección,

atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Dende a ratificación por España do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos e en relación coa expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas, prexudicadas ou testemuñas na trata de seres humanos, que poidan cooperar ou colaborar coas autoridades competentes, recóllese a obriga de prestarlles unha atención integral, recoñecéndoselles un período de reflexión establecido en 30 días e durante o que terán garantida a subsistencia, asistencia social e xurídica.

Froito de senllos convenios de colaboración asinados en 2009 entre a **Secretaría Xeral da Igualdade** e dúas entidades de iniciativa social, para os que se destinou un orzamento total de 70.000 euros. Estas entidades, que xa contaban con dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan; por iso **dende a Secretaría Xeral da Igualdade** considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación destinados a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades.

PERSOAS BENEFICIARIAS		
Anos	Mulleres	Menores
2009	20	0
2010	18	5

- **Outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero.**

Dentro da convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para centros e recursos integrais para mulleres, xa mencionadas no apartado correspondente ao "Fomento do movemento asociativo", no ano 2010 concedeuse esta axuda a unha entidade para o mantemento dunha vivenda tutelada para vítimas de maltrato con problemas mentais.

VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES CON ENFERMIDADE MENTAL VÍTIMAS DE MALTRATO	
ÁMBITO DE ACTUACIÓN	CCAA DE GALICIA
TOTAL USUARIAS 2010	4

- ❑ **Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero.**

O Centro de Recuperación Integral é unha obriga contida na lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, un recurso que desenvolverá un modelo de atención integral baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

O Consello da Xunta de Galicia de 25 de febreiro de 2010 aprobou o Decreto polo que se acepta a concesión de dominio público, a título gratuito, feita polo **Concello de Santiago** á Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente, a **Consellería de Traballo e Benestar** e a **Secretaría Xeral de Igualdade** asinaron un convenio de colaboración para a creación e posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero.

O Centro de Recuperación Integral ubicarase en Santiago de Compostela, proporcionará asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia, unha vez rematada a primeira fase da súa atención nos centros da rede galega de acollemento.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade remataron no ano 2010 o deseño do modelo de intervención ao que se axustará o Centro de Recuperación Integral, as súas características e servizos a prestar, sempre desde un enfoque integrador e cunha perspectiva de xénero. O Consorcio xestionará as devanditas instalacións conforme á normativa sobre centros de servizos sociais e de acollida de mulleres vítimas da violencia de xénero, e en aras ao convenio asinado, promoverá a adxudicación do proxecto para, a continuación, proceder ao inicio das obras de reforma necesarias no edificio cedido a tal fin polo Concello de Santiago. A Secretaría xeral da Igualdade dará apoio e coordinación técnica para a súa posta en funcionamento.

❑ Rede de información ás mulleres

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e en colaboración coas entidades locais, dispón dunha rede de información ás mulleres distribuída polo territorio galego e a través da cal se desenvolven accións de carácter preventivo e de sensibilización; serven como recurso facilitador de información, orientación, derivación e seguimento as mulleres que sofren violencia de xénero.

A rede de información ás mulleres funciona en estrita colaboración cos servizos sociais, sanitarios e de orientación escolar, así como cos servizos de urxencia e seguridade cidadá.

▪ Centros de Información ás Mulleres

Mediante resolución do 22 de xullo de 2010 do **Servizo Galego de Igualdade** (DOG nº 40 do 22 de xullo de 2010) establecéronse as bases reguladoras das axudas e subvencións a entidades locais para apoio aos centros de información ás mulleres para o ano 2010.

Esta convocatoria dirixiuse aos 78 concellos galegos que son titulares de centros de información ás mulleres, acreditados conforme ao disposto no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, que teñen a finalidade de garantir a prestación dun servizo de atención ás mulleres que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre os recursos específicos existentes, así como o desenvolvemento de actividades formativas vinculadas á empregabilidade feminina e calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

O crédito destinado a estas axudas para o ano 2010 foi de 3.245.000 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80%, o que supón 333.300 euros máis que no ano 2009.

A convocatoria de 2010 incluíu grandes novidades, entre as que cómpre sinalar a concesión de anticipos de ata o 80% da subvención concedida, sen constitución de garantías, co fin de que as entidades locais dispoñan dos recursos cando realmente os precisan, máxime neste momento coxuntural no que se atopan nunha situación financeira delicada e reciben maior demanda de servizos.


Tamén incorporou novos perfís profesionais -animación sociocultural e axentes de igualdade- cuxa contratación pode ser obxecto de subvención, co obxectivo de poder ofrecer unha atención máis diversificada á poboación destinataria, fundamentalmente a través da programación e realización de accións que incentiven a participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social.

Outra das novidades é que, ademais das axudas económicas para o mantemento dos centros de información ás mulleres, a convocatoria recolleu unha liña de actuación específica dirixida á realización de proxectos formativos para mulleres. O crédito destinado a esta liña foron 245.000 euros, podendo acadar a subvención o 100% do custo da acción sen superar o custo de 12.000 euros por proxecto formativo. Deste

xeito, tratouse de promover a realización por parte dos centros de información as mulleres, de programas formativos deseñados en función das demandas das mulleres do contorno que atenden, e poder ofrecer así unha formación máis axeitada ás súas necesidades, favorecendo a coordinación integral de todos os servizos que presta un centro de información ás mulleres.

Ante as dificultades económicas postas de manifesto polos concellos para poder manter, nestes momentos de crise económica, os seus servizos de atención a cidadanía, e concretamente o de información e asesoramento as mulleres, desde a área de Igualdade, decidiuse incrementar de 4.000 a 14.000 euros o tope específico da subvención para os custos directamente vinculados á contratación eventual de profesionais para os casos nos que as funcións de asesoramento xurídico e/ou psicolóxico se presten por servizos externos. Desta forma, os concellos poderán recibir contías similares a anos anteriores, e garantir así o mantemento do servizo de atención as mulleres.


Nº CIMs POR PROVINCIA	
PROVINCIA	Nº CIMs
A Coruña	28
Lugo	11
Ourense	13
Pontevedra	26
TOTAL	78



Nº DE CONSULTAS 2010		
PROVINCIA	Nº CONSULTAS	Nº CONSULTANTES
A Coruña	31.890	13.373
Lugo	12.886	4.584
Ourense	3.841	1.751
Pontevedra	22.724	12.641
TOTAL	71.341	33.825


▪ N° DE CONSULTAS POR AREA

TOTAL	ÁREA XURÍDICA	22514
	ÁREA ORIENTACIÓN PROFESIONAL	1030
	ÁREA EMPREGO	1707
	ÁREA DE RECURSOS	12074
	ÁREA INFORMACIÓN DO SGI	1221
	ÁREA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA	32483
	OUTRAS	312
	TOTAL ESTATÍSTICA	71.341




▪ CARACTERÍSTICAS DAS CONSULTANTES


SEXO DAS PERSOAS CONSULTANTES	
Muller	30.943
Home	2.882




IDADE	
Menos de 15	1.464
De 16 A 20	911
De 21 A 25	1.659
De 26 A 35	7.703
De 36 A 45	10.368
De 46 A 55	5.967
56 ou mais	5.753




Nº DE FILLAS / FILLOS	
Ningún	6.539
Un	10.133
Dous	11.349
Tres	4.071
Catro ou mais	1.733



HABITAT	
Rural	17.942
Urbano	15.883



TRABALLA	
Non	21.866
Si	11.959



❑ Servizo de atención 24 horas

▪ Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres

O Teléfono da Muller é un servizo gratuíto, anónimo, que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Está atendido por un equipo multidisciplinar, coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia, de forma que calquera muller poida facer unha consulta, tanto en horario laborable como en horario nocturno e en días non laborables ao longo de todo ano.

Desde o Teléfono da Muller infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais,
- Acoso sexual.
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación ...
- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumplidas.
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas.
- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria.

- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións.


O Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres réxese polas seguintes pautas de actuación: Anonimato e confidencialidade, gratuidade do servizo.

- **Total chamadas o teléfono da muller: 900 400 273. Período xaneiro - decembro 2010**

TOTAL CHAMADAS	
Ano 2009	Ano 2010
4.030	3.797


- **Total de chamadas por mes no ano 2010**

CHAMADAS POR MES	Nº	%
Xaneiro	228	6,0%
Febreiro	185	5,0%
Marzo	214	5,6%
Abril	213	5,6%
Maio	250	6,6%
Xuño	237	6,2%
Xullo	402	10,6%
Agosto	379	10,0%
Setembro	420	11,1%
Outubro	421	11,1%
Novembro	426	11,2%
Decembro	422	11,1%
TOTAL	3.797	100 %




▪ Procedencia das consultas por provincia 2010

CHAMADAS RECIBIDAS NO 900 400 273 - 24 horas					
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto de España	Sen clasificar
1.545	456	198	1128	20	450
40%	12%	5%	30%	1%	12%
Total: 3.797 chamadas					




▪ Total de consultas por ámbito 2010

AMBITO	Nº	%
Rural	650	17%
Urbano	2716	72%
Sen identificar	431	11%
TOTAL	3.797	100%




▪ **Sexo das persoas usuarias 2010**

SEXO	Nº	%
Home	345	9%
Muller	3.452	91%
TOTAL	3.797	100%




▪ **Idade das persoas usuarias 2010**

IDADE	nº	%
< de 15 anos	134	4%
de 16 a 20 anos	71	2%
De 21 a 25	165	4%
De 26 a 35	765	20%
De 36 a 45	689	18%
De 46 a 55	1.042	27%
De 56 ou máis	931	25%
Total	3.797	100%




▪ Tipo de información consultada 2010

TIPO DE INFORMACIÓN CONSULTADA	Nº	%
Xurídica	543	14%
Orientación profesional	5	0%
Emprego	27	1%
Recursos	670	18%
Información do SGI	77	2%
Atención psicolóxica	1.803	47%
Outras	672	18%
Total	3.797	100%




▪ Resolución da demanda 2010

Resolución da demanda	Nº	%
Derivación cara outros servizo	97	3%
Atención directa	3.700	97%
TOTAL	3.797	100%



▪ Reincidencia no uso do servizo (chamou en anteriores ocasións)

Resolución da demanda	Nº	%
Non	1.556	41%
Si	2.241	59%
TOTAL	3.797	100%



Cursos de defensa propia dirixidos a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Durante o ano 2010, a **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración co **Sindicato Unificado de Policía de Galicia**, desenvolveu cursos de autodefensa, dirixidos a mulleres vítimas de violencia de xénero, que tiveron como obxectivo conseguir que as vítimas asuman que poden contribuír á súa seguridade e que certas normas e costumes poden marcar a diferenza ante un intento de agresión.

Impartíronse, por parte de axentes do Corpo Nacional de Policía, cursos de 12 horas nos que participaron un total de **89 mulleres**, das cales 15 mulleres o realizaron en Culleredo, 16 en Ferrol, 6 en Santiago de Compostela, 20 en Vigo, 11 en Baiona, e 21 en Ourense.

LUGAR ONDE SE IMPARTIRON OS CURSOS	Nº MULLERES
Culleredo	15
Ferrol	16
Santiago de Compostela	06
Vigo	20
Baiona	11
Ourense	21
TOTAL	89

As mulleres recibiron clases teóricas e prácticas nas que aprenderon tácticas ofensivas e defensivas en diferentes circunstancias e amosáronse como unha boa ferramenta para aumentar a súa autoestima, dándolles a posibilidade de tomar conciencia das súas propias posibilidades e límites. Deste xeito, o pensamento positivo *"nin el é tan forte, nin eu tan débil"* promove unha actitude mental máis determinada ante unha situación de risco. En ningún caso o obxectivo destes cursos foi promover que unha muller se enfrente fisicamente co seu agresor cando exista outra opción, pero, no caso de que iso ocorra, o coñecemento de técnicas e tácticas para a súa defensa persoal pode facilitar que a vítima repela unha agresión e gañe o tempo preciso para recibir o auxilio necesario.

Os cursos contaron cunha parte teórica, que se intercalou coa práctica, no desenvolvemento das clases dunha forma dinámica e participativa. Na área teórica, informouse ás mulleres sobre cales son as competencias de cada administración nesta materia, cales son os seus dereitos, como actuar en caso de violencia e cal é o proceso que se pon en marcha desde o momento da solicitude dunha orde de protección, entre outras cousas.

A parte práctica tivo como obxectivo que as mulleres se impliquen na súa propia seguridade, e para iso, os funcionarios e funcionarias do Corpo Nacional de Policía que impartiron os cursos ensinaron ás mulleres as técnicas e tácticas de defensa persoal adaptadas á especial situación das mulleres en diferentes circunstancias.

Adestraron técnicas ofensivas, como golpes de puño, de cotobelos, de pernas, inmovilizacións, ou o uso de obxectos cotiás en técnicas ofensivas, como chaves, paraugas, etc.

Na área das técnicas defensivas, as participantes aprenderon a bloquear, a esquivar, a estar en garda e tamén a usar obxectos para defenderse, como cadeiras. Ademais, presentáronse tácticas de defensa propia a aplicar en diferentes supostos, como poden ser agresións no domicilio, agresións a terceiras persoas (menores), agresións sexuais, agresións con obxectos perigosos, etc.

Outro dos eidos nos que se traballou foi no desenvolvemento de medidas de seguridade e autoprotección en lugares como os colexios, os postos de traballo, os domicilios propios ou de familiares ou os desprazamentos a pé, en coche ou en transporte público.

❑ Punto de Coordinación das Ordes de Protección

En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP) adscrito ao **Servizo Galego de Igualdade** (Secretaría Xeral da Igualdade), que leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlles o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Desde o momento en que o PCOP recibe desde os xulgados as copias das ordes de protección ou medidas cautelares dictadas, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e a comprobación de que a dita OP se cumpre correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se lle informa á muller da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas, etc. Polo tanto, unha vez recibida a orde de protección, iniciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes aos que ten dereito e pode solicitar.

▪ Ordes de protección ditadas en Galicia

Nº DE OP E OUTRAS MEDIDAS CAUTELARES			
PROVINCIA	Ano 2008	2009	2010
A Coruña	517	562	561
Lugo	236	218	214
Ourense	177	223	180
Pontevedra	512	451	476
TOTAL	1.442	1.454	1.431

As ordes de protección ditadas en Galicia o longo do ano 2010 **suman en total 1.431**. Segundo estes datos, as provincias de A Coruña e Pontevedra seguen a ser as mais afectadas, con 561 e 476 casos respectivamente, o cal non é nada estraño se temos en conta a distribución da poboación en Galicia. Séguelle Lugo con 214 e Ourense con 180 medidas.

Se facemos unha comparativa cos anos anteriores 2008-2009, as cifras, en xeral, diminúen en 11 casos -en comparación a 2008- e en 23 casos en comparación ao ano 2009.

Se facemos a comparativa por provincias:

- A Coruña segue a ser a provincia co maior número de medidas comunicadas, diminuíndo en 1 caso respecto o 2009 pero con 44 medidas mais que no 2008.
- Pontevedra segue manténdose no segundo lugar e incrementándose en 25 casos respecto o ano 2009 e diminuíndo en 36 casos respecto ao ano 2008.
- Lugo pasa a ocupar o terceiro lugar este ano e van mingando o nº de casos ao longo destes tres anos.

- Ourense retoma o cuarto lugar este ano diminuindo en 43 casoS respecto o 2009 e con 3 medidas mais que no 2008.

Xornada técnica sobre os Puntos de Coordinación das Ordes de Protección no ámbito da violencia de xénero (PCOP), na que participan representantes de nove comunidades autónomas e das dúas cidades autónomas.

A coordinación entre todas as administracións públicas é fundamental para lograr unha protección integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero, e a difusión de boas prácticas en materia de coordinación e intervención cara á mellora continua unha necesidade. Con este obxectivo, a **Secretaría Xeral da Igualdade** da Xunta de Galicia organizou no mes de maio de 2010 a I Xornada técnica sobre os Puntos de Coordinación das Ordes de Protección no ámbito da violencia de xénero (PCOP), na que participaron representantes de nove comunidades autónomas e das dúas cidades autónomas.

A Lei 27/2003 reguladora das ordes de protección para as vítimas de violencia de xénero obrigou ás comunidades autónomas a crear os PCOP, o que supuxo un punto de inflexión no tratamento da violencia contra as mulleres, xa que a partir de entón as mulleres con orde de protección tiveron, procedente dun único punto, a información e axuda precisa para asegurar a súa protección e o seu benestar.

A creación dos PCOP tamén supuxo un cambio para as administracións competentes en materia social, xa que a orde de protección obriga, á súa vez, a que estas activen inmediatamente todos os instrumentos de protección social establecidos nos seus respectivos sistemas xurídicos, o que supón unha labor de coordinación moi importante.

Nas xornadas desenvolvidas na Escola Galega da Administración Pública, puxéronse en común metodoloxías e sistemas de actuación e de organización, nun intento de aprender uns de outros e, ao mesmo tempo avaliar a eficacia dos distintos sistemas, pois os modelos organizativos e de funcionamento son, nalgúns casos, substancialmente diferentes, a pesar de atender aos mesmos obxectivos de coordinación das medidas sociais e de eficacia e axilidade na atención as vítimas.

Na xornada destacou que os Puntos de Coordinación das Ordes de Protección son esenciais para facer realidade o estatus de "protección integral" que establece a lei, xa que son quen logran que se apliquen as medidas de asistencia e protección social establecidas no ordenamento xurídico, ademais das penais e civís de cuxa imposición e seguimento se ocupa o órgano xudicial.

Resaltouse a importancia dunha áxil comunicación por parte dos órganos xudiciais aos PCOP das ordes de protección que se adopten, debendo tender á posta en marcha dunha única ferramenta informática que conecte a todas as partes implicadas e facilite toda a información necesaria, podendo así adoptar as medidas de protección e asistencia social necesarias.

Na xornada, na que participaron, ademais de Galicia, as CCAA de Aragón, Baleares, Canarias, Castela e León, Cataluña, Ceuta, País Vasco, Melilla, Murcia, Navarra e Valencia, presentouse o traballo que cada Comunidade Autónoma desenvolve nos Puntos de Coordinación das Ordes de Protección, detectáronse boas prácticas e avaliáronse as posibilidades de aplicación en cada comunidade.

❑ Puntos de Encontro Familiar

No ano 2000 a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, puxo en marcha un programa de orientación e mediación familiar no que se incluíu o programa de puntos de encontro, que viña funcionando como experiencia piloto, con moi bos resultados, na cidade de Vigo, desde 1999.

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados polo Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro (DOG nº 17, do 26.01.09) (Corr. erros DOG nº 33, do 17.02.2009)

Un punto de encontro familiar é un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

A execución deste programa artículase a través da subscripción de convenios de colaboración con entidades de iniciativa social ás que se lles encomenda a xestión dos puntos de encontro garantindo a utilización pública deste servizo. Estas asociacións actúan baixo a coordinación da Secretaria Xeral de Familia e Benestar e na máis estreita colaboración co Poder Xudicial e o Ministerio Público. Os puntos de encontro que integran a rede galega están situados nos sete principais concellos de Galicia: A Coruña: Centro Fonseca, Lugo: Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas, Ourense: Punto Cero, Pontevedra e Vigo: Aloumiño, Santiago de Compostela: Encontro, Ferrol: A Carón

Os puntos de encontro teñen un carácter multidisciplinar e están integrados por expertos en intervención psico-familiar, dereito de familia e mediación familiar. Ademais poderán contar coa colaboración de persoal voluntario naquelas tarefas que os profesionais dos puntos de encontro estimen axeitadas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente que ten por obxecto favorecer as relacións entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou resulta difícil ou conflitivo o seu cumprimento.

Intervencións que se levan a cabo:

- Intercambio das/dos menores. Consiste na entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar.
- Visitas tuteladas. Son as que se desenvolven de forma controlada baixo a tutela dunha persoa profesional que orienta os proxenitores e as fillas e fillos, e supervisa o desenvolvemento do tempo que comparten.

- Intercambio das/dos menores con posibilidade de permanencia no punto de encontro familiar. Está pensado para aqueles supostos nos que o proxenitor/a con dereito a visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

Para o mantemento da Rede de puntos de encontro destináronse no ano 2010 un total de 520.000,00 euros:

PEF:
A CORUÑA
FERROL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
LUGO
OURENSE
VIGO
PONTEVEDRA
Orzamento total 2010: 520.000 euros

Para o seguimento do programa, os puntos de encontro remitirán unha folla de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos Puntos de Encontro.

Resumo do seguimento anual 2010:

TOTAL	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	TOTAL
Expedientes								
Recibidos	49	35	59	34	35	92	55	359
Retomados	20	1	4	5	3	8	3	44
TOTAL	69	36	63	39	38	100	58	403

TOTAL	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	TOTAL
Procedencia								
Servizos sociais (menores)	12	5	8	9	3	36	10	83
Xulgados	57	15	55	28	35	64	50	304
TOTAL	69	20	63	37	38	100	60	387

TOTAL	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	TOTAL
Usuarios/as								
Menores	89	22	78	44	57	159	74	523
Persoas adultas	149	43	163	84	132	277	146	994
Homes	80	23	86	46	74	153	78	540
Mulleres	69	20	77	38	58	124	68	454
TOTAL	238	65	241	128	189	436	220	2511

(Nota: Os datos refírense aos casos atendidos durante o ano 2010, incluídos os que veñen de anos anteriores.)

Gabinetes de Orientación Familiar (GOF)

O artigo 12 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia (DOG nº 118 do 20.06.1997), sinala as actuacións, tanto preventivas como asistenciais, que debe impulsar a Administración galega. O desenvolvemento deste eido de intervención vén definido na Sección primeira do Capítulo I do Título I do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6.03.2000) e a súa modificación efectuada polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, do 14.11.2003) (Corr. Erros: DOG nº 235, do 3.12.2003). Segundo o artigo 9º desta norma, os Gabinetes de orientación familiar constitúense como un recurso especializado no apoio e promoción da calidade de vida das familias, así como de atención a situacións problemáticas ou de riscos que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar. Desde este punto de vista, os diferentes momentos da transición e crise que se atopan ao longo do ciclo evolutivo familiar poden dar lugar a múltiples situacións de risco que desemboquen, entre outras consecuencias, nun deterioro da convivencia e nunha ruptura da unidade familiar co conseguinte sufrimento para os seus integrantes, de xeito especial para os fillos.

Polo tanto, os gabinetes de orientación (GOF) constitúense para a atención de conflitos familiares, como un recurso público, de carácter multidisciplinar, coa finalidade de servir como un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á **Secretaría Xeral de Familia e Benestar**.

Este programa pretende axudar ás familias que así o requiran a solucionar tales situacións de crise ou conflito, eliminando ou, cando menos, atenuando as consecuencias que estas levan aparelladas, previndo e evitando especialmente a implicación das/dos fillas/os nos conflitos dos seus pais.

Por outra banda, este servizo actúa como un recurso en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Estes gabinetes, dependentes dos departamentos territoriais da **Consellería de Traballo e Benestar**, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía. Entre os seus obxectivos destácanse:

- Informar e asesorar tecnicamente ás familias sobre as problemáticas sociais, psicolóxicas e xurídicas nas que se puidesen atopar.
- Proporcionar ás familias o acceso a recursos axeitados para o desenvolvemento de canles normalizados de convivencia.
- Dotar as familias das habilidades necesarias para enfrontar as súas necesidades.
- Evitar a instrumentalización das/os fillas/os, ante as diferentes situacións de conflitividade.
- Fomentar o mantemento da cooperación parental como protectora da imaxe que as/os fillas/os teñen dos seus proxenitores.
- Informar, asesorar e prestar asistencia psicolóxica ás mulleres, particularmente a aquelas que se atopan inmersas en procesos de conflitividade familiar.

Os servizos concretos que os Gabinetes de orientación familiar poñen a disposición das persoas usuarias, son os seguintes:

1. Asesoramento sobre aqueles servizos de interese social e comunitario, públicos ou privados, que posibiliten a integración das persoas en redes de apoio social e asesoramento xurídico legal en casos de separación matrimonial, divorcio ou incumprimento de acordos e convenios reguladores.

2. Mediación familiar dirixida a promover procesos de negociación entre os membros da parella co obxecto de acadar acordos nos procesos de separación e divorcio e intervencións dirixidas a resolver conflitos entre outros membros da familia (pais/nais, fillas/os, avoas/ós, etc).

3. Apoio e orientación psicosocial en casos de conflitividade ou crise familiar, conxugal ou interxeracional. Prevención e intervención ante crises específicas dos procesos de educación e crianza das/os fillas/os. Apoio e orientación ás familias en procesos de reestruturación por entrada ou saída dalgún membro no sistema familiar.

Para o seguimento do programa, os gabinetes remiten, a través dos departamentos territoriais e dentro dos 15 primeiros días do mes seguinte ao que corresponda, a folla de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos GOF.

GOF/ Seguimento anual 2010:

Demandas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Recibidas	178	95	177	189	639
Reorientadas	0	1	0	0	1
Atendidas	178	95	177	189	639

Tipoloxía demandas atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Conflitos ruptura-convivencia	44	19	101	59	223
Crises conxugais	46	22	26	30	124
Crises paterno-filiais	52	23	31	64	170
Crises familia extensa	13	6	2	6	27
Mixtas	19	6	3	11	39
Outras	5	15	14	19	53

Demandantes de atención	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Mulleres	89	52	70	95	306
Homes	30	14	46	48	138
Parellas	39	9	26	21	95
Grupos familiares	20	6	40	10	76

❑ Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos

En relación coa previsión do artigo 54, nas sedes xudiciais das sete cidades galegas están constituídos os servizos comúns de Atención á cidadanía e Asistencia ás Vítimas (Resolucións da Dirección Xeral de Xustiza do 15/09/2008, publicada no DOG do 26/09/2009) que, entre outras, asumen a función de asistencia ás vítimas dos delitos e faltas, o que comprende a información das posibilidades de obter, a través do proceso penal, a restitución, a reparación do dano e a indemnización dos prexuízos materiais e morais así como dos seus dereitos en relación co proceso penal.

Tamén comprende a información sobre as axudas e medidas de asistencia ás vítimas establecidas polos poderes públicos. O servizo orienta ás vítimas de delitos en relación cos servizos sociais e recursos públicos dispoñibles para a súa atención. Nesta actuación de orientación das vítimas cara os servizos sociais e recursos públicos dispoñibles para a súa atención atópase a orientación cara a rede establecida pola Secretaría Xeral de Igualdade para a atención xurídica, psicolóxica e social das mulleres vítimas de violencia de xénero.

04 Disposicións adicionais

Primeira: modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.
Terceira: competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia.
Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia
Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres.
Sexta: Creación do Observatorio galego da violencia de xénero.
Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade.
Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusión económica desta Lei.
Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social
Décima: dotación orzamentaria.

❑ Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A **Secretaría Xeral da Igualdade** realizou esta convocatoria a través da Resolución do 23 de abril de 2010 (DOG nº 80, do 29 de abril), co obxecto de apoiar e consolidar as actuacións que se están a levar a cabo nas administracións locais en materia de igualdade e de prevención e eliminación da violencia de xénero, actuacións que, pola proximidade á cidadanía e o coñecemento da situación específica de mulleres e homes, poden resultar particularmente axeitadas para a consecución dos devanditos obxectivos.

A finalidade destas axudas é:

- Mellorar a percepción social sobre a igualdade entre mulleres e homes.
- Mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres e fomentar a súa participación.
- Fomentar o desenvolvemento de medidas de prevención e tratamento integral contra a violencia exercida sobre as mulleres.

- Fomentar a formación en igualdade e a corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil.
- Impulsar a transversalidade de xénero no ámbito municipal.

As actuacións subvencionadas encádranse dentro de dúas liñas de actuación:

- De promoción da igualdade.
- De prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

As actuacións da liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero deben vincularse a algunha das seguintes áreas:

a) Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticos e profesionais dirixidas á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero e protección das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos e das persoas delas dependentes.

b) Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.

c) Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía e a restauración dos seus proxectos vitais.

d) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular; propostas de acción e coordinación entre todos os axentes sociais.

Para o financiamento das axudas desta liña **destinouse un crédito de 149.608 €**, resultando beneficiarias un total de **34 entidades locais**.

PROVINCIA	Nº CONCESIÓN
A Coruña	18
Lugo	5
Ourense	4
Pontevedra	7
TOTAL	34

Na táboa que se atopa a continuación, podemos observar as actuacións da liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero que se levaron a cabo nos distintos concellos, así coma o seu orzamento.

CONCELLO	ÁREA DE ACTUACIÓN	ACCIÓN/PROXECTO	ORZAMENTO
Baiona	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ I xornadas locais sobre violencia de xénero. Consolidación da mesa local de violencia de xénero: sensibilización e formación dende a perspectiva de xénero	4.621,50 €
Viveiro	Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero	✓ Programa de intervención integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero e coas súas fillas e fillos: desenvolvemento de diversas actividades dirixidas a mulleres en situación de violencia e ás súas fillas e fillos.	1.000,00 €
A Lama	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Itinerario de Coordinación Interinstitucional en materia de violencia de xénero.	4.859,98 €
Ferrol	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Itinerario de Coordinación Interinstitucional en materia de violencia de xénero.	5.920,00 €
Palas de Rei	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Itinerario de Coordinación Interinstitucional en materia de violencia de xénero.	5.850,00 €
Vilalba	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Consolidación da Comisión Técnica de Seguimento e Avaliación do Itinerario de Coordinación ante a violencia de xénero do Concello de Vilalba	6.500,00 €
Leiro	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Actuacións dirixidas á prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade: a través da actividade Ciclo de Cine: Amores que doen.	523,05 €
Outes	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Programa Rompe o teu silencio. ▪ Elaboración da curtametraxe “Rompe o teu silencio” ▪ Elaboración do spot publicitario “Rompe o teu silencio” ▪ Elaboración do flash publicitario “Rompe o teu silencio”	5.720,00 €
Lalín	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.: ▪ Posta en marcha do programa: “Observadores/as escolares contra a violencia” ▪ Obradoiros de sensibilización e formación contra a violencia de xénero en 3º de educación secundaria nos IES do Concello de Lalín. ▪ Creación de grupos de traballo xuvenís nos centros de ensino contra a violencia de xénero. Equipo de mediación en resolución de conflitos.	5.525,00 €
Brión	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Elaboración e posta en marcha dun Protocolo de Actuación Local de detección e intervención na loita contra a violencia de xénero.	3.750,00 €
Piñor	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Educar para previr a violencia de xénero: actividades de sensibilización da poboación	2.014,50 €
Curtis	Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero	✓ Programa Escola de nais vítimas de violencia: O obxectivo xeral foi favorecer a reconstrución da relación nai e fillos/as, deteriorada polas situacións de violencia e maltrato vivido na familia e pola falta de habilidades nalgúns dos casos.	2.040,00€

CONCELLO	ÁREA DE ACTUACIÓN	ACCIÓN/PROXECTO	ORZAMENTO
Xunqueira de Espadanedo	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Obradoiros de educación en igualdade de oportunidades: Xornada de Igualdade de Oportunidades para pais e nais. ✓ Certame de carteis contra a violencia de xénero.	580,00 €
Mazaricos	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ CONTO CONTIGO: Contos pola Igualdade e a non violencia.	3000,00 €
Trazo	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ CONTO CONTIGO: Contos pola Igualdade e a non violencia.	3.396,00 €
Corcubión	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ CONTO CONTIGO: Contos pola Igualdade e a non violencia.	4.245,00 €
Noia	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Programa de intervención nos centros educativos: REC-APACITA: SPOTS PARA A IGUALDADE.	6.370,00 €
Negreira	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Elaboración do protocolo de actuación integral para as vítimas de violencia de xénero.	6.370,00 €
Arzúa	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Itinerario de Coordinación Interinstitucional en materia de violencia de xénero.	6.370,00€
O Pino	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Programa Xuntos pola Igualdade: ✓ Campaña de prevención, sensibilización e divulgación sobre a violencia contra a muller. ✓ Creación e desenvolvemento do Protocolo Municipal de coordinación e atención integral contra a violencia de xénero.	5.850,00 €
Soutomaior	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Itinerario de Coordinación Interinstitucional en materia de violencia de xénero.	5.599,75 €
A Laracha	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Obradoiros de prevención da violencia de xénero.	5.525,00 €
Tomiño	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Obradoiros Educativos para a prevención da violencia de xénero. ✓ Taller Audiovisual: vídeo de sensibilización contra a violencia de xénero. ✓ Campaña de sensibilización: “Si ao bo trato stop violencia”.	6.500,00 €
Caldas de Reis	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Proxecto de prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero: ▪ Obradoiros dirixidos ao alumnado de Bacharelato e ciclos formativos. ▪ Charlas informativas dirixidas a nais e pais de adolescentes. ▪ Charlas informativas á poboación en xeral. ▪ Obra de teatro sobre esta temática.	4.387,50€
Mancomunidade da comarca de Fisterra	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Itinerario de Coordinación Interinstitucional en materia de violencia de xénero, consensado polos axentes coa denominación de: “Sistema de Traballo en rede en materia de Violencia de xénero”	6.500,00 €
Lousame	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Actividades para o fomento da prevención da violencia de xénero ▪ Obradoiros de prevención: Realización de actividades lúdicas entre o público xuvenil para a prevención da violencia de	3.645,00 €

CONCELLO	ÁREA DE ACTUACIÓN	ACCIÓN/PROXECTO	ORZAMENTO
		xénero.	
Pontedeume	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Campaña de sensibilización contra a explotación sexual das mulleres: "Non me vendo - Non me vendas".	6.032,00 €
Ames	Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución	✓ I Plan de Acción integral de loita contra a explotación sexual e erradicación da trata no Concello de Ames.	6.500,00€
Toén	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Accións de prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero no Concello de Toén: ▪ Charla: "Recursos galegos en materia de violencia de xénero" ▪ Videoforo: "O ciclo da violencia" ▪ Obradoiro: "Traballando a autoestima e a autovaloración a través dos mitos sobre a violencia de xénero." ▪ Obradoiro: "Transmisión de roles a través da publicidade: construíndo a masculinidade"	1419,16€
Ribadeo	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Abordaxe integral da violencia de xénero dende o ámbito local: ▪ III Xornada Formativa sobre abordaxe integral de violencia de xénero dende o ámbito local	1.258,00€
Ponte Caldelas	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Educar para transformar: Obradoiros nas aulas e a creación da páxina web do Centro de Información (CIM) do Concello, con información e formación contra a violencia de xénero.	6.305,00 €
Cervo	Prevención e Sensibilización sobre a violencia de xénero	✓ Programa de actuacións para a prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero no Concello de Cervo: ▪ Plan de seguridade con recomendacións ante unha situación de maltrato, dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero. ▪ Talleres educativos "Educando en igualdade" dirixidos á poboación escolar dos dous centros educativos de infantil e primaria do municipio. ▪ Campañas de sensibilización contra a violencia de xénero: I Concurso de debuxo "Cervo pola Igualdade".	4.108,00 €
Ordes	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Creación da Comisión Técnica de coordinación, seguimento e formación.	3.600,16 €
A Coruña	Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación	✓ Posta en marcha e constitución da Mesa de coordinación Interinstitucional na Loita contra a Violencia de xénero no Concello da Coruña.	3.723,40 €

Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá

realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Nesta liña, o presidente da Xunta e o Fiscal Superior de Galicia asinan o 18 de xaneiro do 2010 o Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, que converte a Galicia en pioneira no combate contra a trata de seres humanos.

Un dos obxectivos principais do protocolo é *“axilizar a aplicación dos beneficios de protección”* ás mulleres vítimas de trata que colaboren coa Xustiza na persecución das mafias que as explotan e, entre eses beneficios, figura a posibilidade de concederlles o permiso de residencia, tal e como contempla a Lei de estranxeiría. Neste sentido, destácase a importancia da presenza da Fiscalía Superior de Galicia e do Ministerio Fiscal neste compromiso.

A través deste protocolo perséguese modificar a situación anterior na que a maioría das causas contra redes de explotación sexual “acababan arquivadas”, incluso antes de chegar a xuízo, pola imposibilidade de conseguir testemuñas e formalizar a denuncia.

A Xunta de Galicia comezou xa a crear as condicións máis axeitadas para que a sinatura deste protocolo non quede nunha simple cuestión formal:

- Tomouse contacto coas organizacións non gobernamentais que traballan na detección e recuperación das vítimas, establecendo un grupo de traballo para adoptar as decisións máis axeitadas da situación actual do problema e de cada unha das mulleres afectadas.
- Asináronse diferentes convenios con distintas ONG's para a constitución e posta en marcha dos centros de protección e recuperación das vítimas que decidan colaborar coa xustiza á hora de destapar as mafias.
- Avanzouse na sensibilización de toda a sociedade sobre a dureza e a gravidade deste problema, a través da conmemoración do Día Internacional contra a Trata e a Explotación de persoas.
- Iniciouse unha colaboración, desde o departamento competente en materia de cooperación da Xunta, coa Comissao para a Cidadanía e a Igualdade de Genero de Portugal e coas ONG's implicadas, co obxectivo de poder dar unha maior efectividade á actuación a través da implicación das administracións competentes e da sociedade civil naqueles países de onde proceden estas mulleres.

Os dous principais problemas detectados ata agora na loita contra a trata de persoas con fins de explotación sexual son o medo das vítimas a denunciar e a falla de coordinación entre as entidades implicadas no proceso.

Por iso, este Protocolo axiliza a aplicación dos beneficios de protección recollidos na lexislación, entre os que destaca a posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denuncien ás mafias que as explotan, para que manteñan o seu testemuño ata o fin do proceso penal, tentando facilitar a colaboración das vítimas de trata coa xustiza.

Unha das novidades é que desde o momento que as vítimas sexan identificadas, ben por vontade propia ou pola intervención policial nun local, estas mulleres serán consideradas vítimas do delito de trata de seres humanos, co que terán dereito a un período de reflexión de polo menos un mes para valorar, con serenidade e seguridade, se colaboran coas autoridades para investigar o delito.

Ademais, terán dereito a ter aloxamento e alimentación para elas e para as súas fillas e fillos menores de idade, e igualmente contarán con asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta, prestando testemuño en condicións especiais de protección fronte a calquera posibilidade de represalia. Tamén poderán iniciar procedementos para a restitución dos seus dereitos e a obtención de indemnización.

Todos estes dereitos levan consigo a obriga das mulleres vítimas de trata de colaborar coas autoridades competentes, unha vez tomada a decisión de denunciar a súa situación, e de persistir no testemuño, para evitar que a súa retractación poida dar lugar á perda dos dereitos relativos a súa permanencia en España. Así mesmo, non poderán retomar o contacto cos seus explotadores.

O outro problema detectado ata o de agora era a escasa coordinación entre xuíces, fiscais e policía á hora de aplicar perfís de identificación das vítimas e de concesión dos dereitos de protección que recolle a lei, co que se perdía a posibilidade de contrastar datos de máxima importancia para a investigación.

Por iso, nese eido de cooperación institucional, o Protocolo indica que a Sección de Estranxeiría da Fiscalía Provincial e/ou de Área recibirá anualmente da Inspección de Traballo, da Brigada de Estranxeiría, das autoridades sanitarias e das ONGs que participan neste proceso, informes sobre as actividades realizadas, o número de clubs onde se exerce a prostitución, as inspeccións realizadas nos mesmos, as condicións de hixiene e saúde deses locais e a situación das mulleres en risco de trata.

Polo que respecta ao papel da **Secretaría Xeral da Igualdade** no marco do Protocolo, este estase a traducir na sinatura no ano 2010, con continuidade prevista neste ano 2011, de diferentes convenios de colaboración con organizacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das diversas actuacións de prevención e asistencia ás vítimas de trata, así como a tarefa de coordinación de todos os servizos e programas dispoñibles para a atención das vítimas.

Dada a vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual e trata -situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal-, os convenios asinados pola Secretaría Xeral da Igualdade fomentan a colaboración con aquelas entidades que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación. Ademais, a través deses convenios, garántese a existencia de dúas vivendas de seguridade, destinadas a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación un espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes, procurando apoio na busca de solucións dos conflitos que derivan da súa situación específica.

Igualmente, ao longo do ano 2010 desenvóléronse diversas xornadas formativas e informativas sobre a implementación e aplicación do Protocolo, tanto co persoal dos recursos de carácter social como con xuíces/as, fiscais e persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballan na loita contra a explotación sexual, elaborándose tamén diversos materiais informativos dirixidos a estes e estas profesionais, así como outras publicacións co fin de sensibilizar e informar á cidadanía sobre a dimensión e os efectos da lacra que supón a trata de persoas con fins de explotación sexual.

Dados os recentes cambios lexislativos operados nos último meses de 2010 pola reforma da Lei Orgánica de Estranxeiría e o Código Penal, no ano 2011 procederase a unha revisión do Protocolo para adaptalo ás modificacións sinaladas e seguirase incidindo na súa aplicación.

Programa de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e/ou trata con fins de explotación sexual.

No ano 2010 asináronse 8 convenios de colaboración entre a **Secretaría Xeral da Igualdade**, a **Secretaría Xeral da Emigración** e distintas entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo programas de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual.

En Galicia son escasos os servizos de atención específicos para inmigrantes, e os existentes non ofrecen unha resposta integral e específica ás mulleres inmigrantes que exercen a prostitución e son vítimas de trata e explotación sexual, polo que de xeito conxunto, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Secretaría Xeral da Emigración tratan de reforzar e ampliar os servizos existentes que xa están a traballar con estas mulleres, de xeito que poidan abranguer toda a Comunidade Autónoma galega. Foméntase así a colaboración con entidades que teñen unha acreditada experiencia no traballo coas persoas inmigrantes, concretamente con mulleres en situación de trata e explotación sexual, co obxecto de levar a cabo este Programa, de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual, coa finalidade de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas, e cofinanciado con FSE do Programa Operativo 2007-2013 para Galicia.

Entre as actuacións que realizan estas ONGs están as de asesoramento, apoio e información respecto aos recursos sociais e xurídicos; acompañamento para a realización de trámites administrativos e burocráticos; creación de grupos de apoio para lograr espazos de referencia para o encontro, intercambio e apoio mutuo; capacitación de mediadoras sociais ou axentes de cambio; desenvolvemento das potencialidades e capacidades das beneficiarias, a través de actividades de socialización, educación, formación e integración, con especial incidencia na formación para facilitarlles o acceso o emprego de novas tecnoloxías; a realización de obradoiros sobre diversos temas e o traballo na sensibilización da sociedade sobre a situación das mulleres que están a padecer esta situación.

Ano	Importe		
	SX Igualdade	SX Emigración	TOTAL
2010	249.000 €	85.000 €	334.000 €

Nº atencións desenvolvidas por provincia	
A Coruña	673
Lugo	229
Ourense	993
Pontevedra	1750
TOTAL	3645

Convenio de colaboración co Ministerio de Igualdade para a realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero o dereito á asistencia social integral e actuacións de atención especializada a menores expostos a violencia de xénero.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade asinou no ano 2010 un convenio de colaboración co Ministerio de Igualdade destinado tanto a garantir ás mulleres inmigrantes vítimas da violencia de xénero o dereito á asistencia social integral, como a actuacións de atención especializada a menores vítimas indirectas desa mesma violencia de xénero. Para acadar estes obxectivos achegáronse un total de 279.208 euros.

Así, destináronse 203.644 euros á especialización dos e das profesionais que desenvolven o seu traballo en relación directa con mulleres inmigrantes, para mellorar a calidade na asistencia social no ámbito da violencia de xénero. Esta contía destinouse tamén á articulación de programas de intervención coas mulleres inmigrantes, en especial con aquelas en situación de vulnerabilidade. Con esta finalidade elaborouse material informativo sobre a violencia de xénero en Galicia e desenvolveuse un Plan de Información en violencia de xénero dirixido á poboación inmigrante.

Os 75.564 euros restantes utilizáronse para a posta en marcha de programas de intervención directa destinados a nenos e nenas expostas á violencia de xénero. Realizáronse programas específicos de intervención social, psicolóxica e lúdica con menores en centros de acollida para vítimas de violencia de xénero, así como programas formativos en violencia de xénero para profesionais.

Coordinación en materia de violencia de xénero entre todos os axentes implicados en Galicia.

No mes de marzo 2010 celebrouse, a instancias da Secretaría xeral da Igualdade, a primeira xuntanza de Coordinación en Materia de Violencia de Xénero, para analizar a situación en Galicia, na que estiveron presentes a Fiscalía Superior de Galicia, as Direccións xerais de Xustiza e de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, a xefatura da Unidade Adscrita da Policía Autonómica; mandos da Garda Civil en Galicia; a xefatura superior de Policía en Galicia, e a Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia.

Durante a xuntanza a Secretaría Xeral da Igualdade presentou o informe anual 2009 de seguimento da lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e analizou ademais o estudo preliminar da situación actual na actuación policial contra a violencia de xénero, elaborado pola Sección de Operacións da Dirección Adxunta Operativa de Galicia (Dirección Xeneral da Policía de da Guarda Civil).

No informe a Secretaría Xeral sinalou igualmente que Galicia rexistrou ao remate do 2009 tres mortes por violencia de xénero, catro menos que en todo o exercicio 2008, cifra que representa o 7,14% dos casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2009, que foron 56. Galicia pasou de ocupar un cuarto lugar na listaxe de comunidades autónomas con maior número de casos de mortes por violencia de xénero no territorio español, a un sexto posto no 2009, amplamente superada por Andalucía, Cataluña e Comunidade Valenciana; en menor medida, superada tamén por Canarias e Madrid.

O obxectivo fundamental da reunión foi avaliar entre todas as administracións implicadas no tratamento da violencia de xénero na comunidade autónoma o grao de coordinación e colaboración existentes e as posibilidades de mellora. Na xuntanza acadouse ademais o compromiso de todos os actores implicados, de mellorar a coordinación para o ingreso das mulleres na rede de centros de atención (centralizando os ditos ingresos); tamén o de favorecer a creación comarcal de mesas de coordinación de violencia de xénero, a través da formación do persoal dos centros de información ás mulleres nos setenta e sete concellos onde estaban ubicados nesa data, e de elaborar protocolos de coordinación para o tratamento da violencia de xénero a nivel comarcal.

Así mesmo, tanto a Xunta como o Goberno estatal valoraron a realización, a instancias da Fiscalía Superior de Galicia, dun estudo innovador que permita ter un perfil psicolóxico do maltratador que favoreza a prevención e que proporcione unha radiografía de situación da violencia de xénero en Galicia.

Pola súa banda, a Fiscalía Superior de Galicia considerou interesante que todos os actores que interveñen no proceso da violencia de xénero teñan reunións periódicas para definir estratexias eficaces de combate contra a violencia; destacando a importancia da elaboración dese estudo que permita coñecer en profundidade a realidade dos maltratadores en Galicia e o seu grao de perigosidade para poder actuar mellor en materia de prevención.

Posta en Común e Intercambio de Boas Prácticas sobre o Funcionamento das Mesas de Coordinación de Violencia de Xénero dende o ámbito Local e Comarcal. -20 de maio de 2010-

Como consecuencia dos acordos asumidos na xuntanza de coordinación interadministrativa que tivo lugar no mes de marzo, en maio de 2010, nunha xornada organizada pola Secretaría Xeral da Igualdade, avaliáronse as boas Prácticas sobre o Funcionamento das Mesas de Coordinación de Violencia de Xénero dende o ámbito Local e Comarcal, e instouse aos concellos galegos a poñer en marcha mesas e protocolos de coordinación no seus ámbitos de actuación, dada a importancia que

para unha boa atención ás vítimas, ten a existencia de mecanismos axeitados de coordinación entre todas as administracións e axentes implicados para combater a violencia de xénero.

As mesas de coordinación, locais ou comarcais, nas que habitualmente se coordinan os centros de información ás mulleres e os servizos sociais municipais, o xulgado do partido xudicial correspondente, a administración sanitaria, o posto da Garda Civil correspondente e nalgúns casos outras administracións, como a educativa, revélanse como instrumentos moi eficaces para ordenar as actuacións que se desenvolven a nivel local ou comarcal, sendo considerado obxectivo necesario que o número de mesas aumente e se convertan nun instrumento eficaz en todas as comarcas galegas.

Nese sentido, débese destacar o importante papel que ten a rede de Centros de Información ás Mulleres (CIM), composta en 2009 por 77 centros e en 2010 por 78, desde os que asesoran e informan ás mulleres sobre diferentes materias e moi particularmente co obxectivo de contribuír decisivamente á erradicación da violencia contra as mulleres. Os CIMs contan coa experiencia precisa como para impulsar a nivel comarcal ou local esa coordinación das administracións e dos recursos existentes, que se plasme na elaboración dos protocolos de intervención consensuados, mediante os que cada axente coñecerá a actuación que deberá desenvolver no momento concreto da intervención, coa rapidez, eficacia e calidade necesarias no servizo prestado.

O protocolo supón ademais a materialización do compromiso das diferentes administracións públicas na eficacia da intervención e da atención.

▪ **Mesas de coordinación de violencia de xénero constituídas a nivel local**

**Datos 1º e 2º trimestre. Fonte: Delegación do Goberno en Galicia*

PROVINCIA DA CORUÑA CONCELLO	ESTADO		
	Establecida	Pte de asinar	En elaboración
Ames			X
Arteixo	X		
Arzúa	X		
Betanzos	X		
Boiro			X
Cerceda			X
Culleredo	X		
Curtis			X
Noia			X
Oleiros		X	
Ordes	X		
Ortigueira	X		
As Pontes			X
Santiago			X

PROVINCIA DE LUGO CONCELLO	ESTADO		
	Establecida	Pte de asinar	En elaboración
Lugo			X

PROVINCIA DE OURENSE CONCELLO	ESTADO		
	Establecida	Pte de asinar	En elaboración
O Carballiño	X		
Verín	X		
Xinzo de Limia	X		

PROVINCIA DE PONTEVEDRA CONCELLO	ESTADO		
	Establecida	Pte de asinar	En elaboración
Baiona	X		
Bueu	X		
Caldas de Reis	X		
A Estrada			X
Lalín	X		
Gondomar	X		
O Grove	X		
A Guarda	X		
Marín	X		
Nigrán	X		
Pontecaldelas			X
Pontevedra	X		
Poio	X		
Sanxenxo	X		
Silleda	X		
Vilagarcía da Arousa	X		

- **Encontros de diálogo con distintos organismos vencellados co tratamento da violencia de xénero**
 - **Secretaría Xeral da Igualdade e a Fiscal adxunta en violencia doméstica en Uruguai.**

A secretaria xeral da Igualdade, Marta González, reuniuse coa fiscal adxunta en violencia doméstica de Uruguai, Fátima Paseyro, que lle trasladou o seu interese en estreitar a colaboración en materia de violencia de xénero, xa que nesta área España, e Galicia dentro dela, é un referente.

No encontro, a fiscal uruguia falou sobre as diferenzas entre as lexislacións dos dous países e a dificultade que hai en Uruguai para perseguir aos agresores porque aínda que desde 2002 existe lexislación específica, a violencia contra as mulleres só se contempla como delito nos casos nos que reviste unha especial gravidade. Mostrouse interesada nas campañas de sensibilización para que as mulleres denunciaren realizadas en Galicia, así como nas axudas do goberno galego para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Fátima Paseyro propuxo unha maior cooperación no intercambio de información e boas prácticas co goberno galego. Unha invitación que a secretaria xeral da Igualdade aceptou, poñendo ao seu dispor toda a información autonómica nesta materia.

- **Secretaría Xeral da Igualdade e a Presidenta Autonómica da Cruz Vermella.**

O día 11 de febreiro de 2010, reuníronse a secretaria xeral da Igualdade, Marta González e a presidenta autonómica da Cruz Vermella, Carmen Colmeiro, coa vontade de retomar os programas de apoio ás mulleres que exercen a prostitución e ás inmigrantes.

No encontro, ao que tamén asistiu o coordinador da Cruz Vermella en Galicia, Joaquín Varela, solicitouse a colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade para retomar o programa de apoio a mulleres que exercen a prostitución e que viñan realizando na zona norte de Galicia, con centro en Narón e Lugo.

A secretaria Xeral da Igualdade, Marta González, mostrouse interesada en falar sobre posibles colaboracións, incorporándose Cruz Vermella nos meses seguintes ao programa de apoio ás mulleres vítimas de trata e ás que exercen a prostitución financiado desde as Secretarías Xerais da Igualdade e de Emigración.

- **Secretaría Xeral da Igualdade e a Xefa da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da delegación do Goberno en Galicia.**

A secretaria xeral da Igualdade, Marta González, e a xefa da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da delegación do Goberno en Galicia, Laura Rodríguez, tras o encontro mantido o día 11 de febreiro de 2010, coincidiron na necesidade da coordinación entre as distintas administracións para poder avanzar na erradicación definitiva da violencia de xénero; por cuxo motivo ambas responsables acordaron manter reunións presenciais cunha periodicidade semestral, co obxectivo de intercambiar posicións e coordinar algunhas das liñas de actuación.

Para as dúas administracións, autonómica e central, a "prioridade absoluta" é traballar "para a erradicación definitiva da violencia de xénero". Concordaron na cautela coa que hai que tomar as cifras de violencia de xénero en Galicia, moito máis positivas que as do ano anterior. Aínda que as cifras indican un retroceso no número de denuncias, para que se verifique o avance nos resultados é preciso que se repitan nos vindeiros anos.

- **Secretaría Xeral da Igualdade e responsables do Colexio Oficial de Diplomados de Traballo Social de Galicia, da ONG Save the Children, e do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES-3).**

O 21 de febreiro de 2010, a secretaria xeral da Igualdade, Marta González, reuniuse cos responsables do Colexio Oficial de Diplomados de Traballo Social de Galicia, da ONG Save the Children, e do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES-3), para coñecer de primeira man os proxectos que realizan na atención aos fillos e fillas da mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que eses nenos e nenas tamén son vítimas de violencia no ámbito familiar.

Os efectos que a violencia de xénero ten na infancia son un dos problemas mais graves que ten o proceso de recuperación nun caso de violencia de xénero. Neste ano de 2010 a Secretaría Xeral estableceu diferentes contactos con entidades especializadas na atención a menores expostos a violencia no seu contorno familiar para recabar a información precisa de cara a por en marcha os programas correspondentes para unha atención adecuada a estos menores.

O obxectivo é tratar de maneira directa as repercusións da violencia de xénero nos e nas menores, e de forma indirecta a transmisión de actitudes violentas a través de estereotipos e valores.

❑ **Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia**

Dende a Unidade de Policía Adscrita a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, leváronse a cabo, a través do persoal das distintas sedes, tarefas de carácter informativo sobre violencia de xénero, así como acompañamento ás vítimas ou denunciante ás comisarias do Corpo Nacional de Policía ou cuarteis da Garda Civil, segundo procedese.

En materia de protección, levouse a cabo un control sobre 91 ordes de afastamento remitidas á Unidade por parte da Autoridade Xudicial.

❑ **Información ao Parlamento de Galicia**

O presente informe da cumprido trámite á obriga legal establecida da Disposición Adicional Cuarta da Lei: "O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicado na prevención e no tratamento da violencia de xénero".

❑ **Creación do Consello Galego das Mulleres.**

A Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional quinta, crea o Consello Galego das Mulleres como órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade.

No momento actual, o decreto de desenvolvemento lexislativo da Lei 11/2007 atópase na preceptiva fase de recabación de informes, para a súa próxima aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

❑ **Creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero**

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da

avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No momento actual, o decreto de desenvolvemento lexislativo da Lei 11/2007 atópase na preceptiva fase de recabación de informes, para a súa próxima aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

□ Creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sétima, establece que se creará a Comisión Interdepartamental de Igualdade como órgano colexiado e institucional de Galicia, á que lle corresponderán, entre outras, as funcións de seguimento da aplicación desta lei e dos correspondentes plans para a igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

No momento actual, o decreto de desenvolvemento lexislativo da Lei 11/2007 atópase na preceptiva fase de recabación de informes, para a súa próxima aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

2010



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA